▪ FQB5.2.1. Relaciona o concepto de enerxía coa capacidade de producir cambios, e identifica os tipos de enerxía que se poñen de manifesto en situacións cotiás, explicando as transformacións dunhas formas noutras.			X
▪ FQB5.3.1. Explica o concepto de temperatura en termos do modelo cinético-molecular, e diferencia entre temperatura, enerxía e calor.			X
▪ FQB5.3.2. Recoñece a existencia dunha escala absoluta de temperatura e relaciona as escalas celsius e kelvin.			X
▪ FQB5.3.3. Identifica os mecanismos de transferencia de enerxía recoñecéndoo en situacións cotiás e fenómenos atmosféricos, e xustifica a selección de materiais para edificios e no deseño de sistemas de quecemento.			X
▪ FQB5.4.1. Explica o fenómeno da dilatación a partir dalgunha das súas aplicacións como os termómetros de líquido, xuntas de dilatación en estruturas, etc.			X
▪ FQB5.4.2. Explica a escala celsius establecendo os puntos fixos dun termómetro baseado na dilatación dun líquido volátil.			X
▪ FQB5.4.3. Interpreta cualitativamente fenómenos cotiás e experiencias nos que se poña de manifesto o equilibrio térmico asociándoo coa igualación de temperaturas.			X
▪ FQB5.5.1. Recoñece, describe e compara as fontes renovables e non renovables de enerxía, analizando con sentido crítico o seu impacto ambiental.			X

Metodoloxía

Toda a metodoloxía estará condicionada polas normas sanitarias establecidas nos protocolos publicados pola Xunta de Galicia. Na medida do posible preténdese seguir coa metodoloxía dos últimos anos a nivel presencial, pero tendo en conta a necesidade dunha distancia de seguridade entre todos os participantes da actividade educativa, e tamén dos posibles impedimentos á hora de facer exposicións en grupo, saír ó encerado, traballar no laboratorio, etc.

Liñas xerais

As liñas metodolóxicas xerais sobre as que se basea a programación deberán:

- Fomentar a participación e a reflexión, tanto individual como grupal.

- Operar non só sobre o concreto senón tamén sobre conceptos e ideas.
- Fomentar a formulación de hipótese.
- Buscar, seleccionar e tratar a información e fomentar a súa confrontación clara e respectuosa.
- Insistir na ordenación das ideas, a súa comparación e a súa xerarquización.
- Elaborar percorridos ordenados que sexan lóxicos desde a formulación de hipótese á comprobación dos resultados.
- Expresar correcta, clara e ordenadamente os resultados.
- Relacionar os saberes aprendidos nas distintas materias.

O proceso de ensino-aprendizaxe na **modalidade presencial** relativa a esta programación se levará a cabo nos seguintes lugares:

- o Aula. Nela terán lugar as explicacións por parte do profesor e a resolución dos exercicios por parte dos alumnos. Tamén se desenvolverán nela os coloquios e debates.
- o Laboratorio. Onde levarán a cabo as prácticas de laboratorio. Tamén se realizará na proxección dos DVD didácticos e a exposición de traballos usando o canón de vídeo.
- o Aula de informática. Nela levará a cabo a procura de información por parte do alumnado a través de Internet e a realización de actividades en liña.
- o Portas afora. Para a realización das visitas a industrias, instalacións científico-tecnolóxicas museos científicos ou exposición:

O proceso de ensino aprendizaxe na **modalidade online** terá as seguintes liñas de actuación:

- Emprego da plataforma Google Classroom como canle de comunicación cos alumnos: - resolver as dúbidas que se lle presentan - Colgar e corrixir os boletíns, cualificándoos
- Gravación de vídeos empregando a plataforma screencast e youtube (https://www.youtube.com/channel/UCqtmSI_-Y7Z9TwHx9zn9wpw?view_as=subscriber) para explicar a materia ós alumnos.
- Emprego da plataforma WeBex para levar a cabo as clases por videoconferencia , na que traballamos as dúbidas, corriximos boletíns e explicamos a materia a traballar no próximo boletín.
- Para o alumnado sen conectividade, se lle mandan os boletíns e os apuntamentos a través de correo, e coa axuda do concello de Boiro. Tamén se empregarán chamadas telefónicas se fora necesario, tanto para explicar a materia coma para realizar exames.

- Os exames sempre serán presenciais, pero se a situación sanitaria o impide serán a través de Google Classroom, do correo electrónico ou se a situación o necesita a través do teléfono.

Tamén se contempla a modalidade semipresencial ou mixta.

Agrupamento dos alumnos

As actividades que se expón na programación levarán a cabo mediante os seguintes agrupamentos:

- o Gran grupo: coloquios e debates.
- o Pequeno grupo (2-4): nos traballos de investigación e síntese, así como nas prácticas de laboratorio e para a resolución de cuestións e problemas.
- o Individual: resolución de cuestións e problemas dos boletíns.

Actividades de ensino-aprendizaxe

Nesta programación contéplanse entre outras posibles a realización dos seguintes tipos de actividades de ensino-aprendizaxe:

- o Actividades de introdución-motivación
- o Actividades de diagnóstico (coñecementos previos)
- o Actividades de desenvolvemento
- o Actividades de repaso e ampliación
- o Actividades de investigación
- o Actividades extraescolares

Materials e recursos didácticos a empregar

Para aplicar a metodoloxía anteriormente descrita, nesta programación utilizaranse os seguintes recursos e materiais:

- Libro de texto:"Física y Química 3º ESO" Oxford
- Caderno de clase, no que tamén levarán a cabo os traballos de laboratorio.
- Libros de consulta da biblioteca do centro, incluíndo textos doutras editoriais distintos ao que se utilice na aula.
- Pizarra.
- Canón de vídeo. Software de presentacións (PowerPoint).
- Prensa.
- Internet.:Diversas páxinas web tanto de consulta como para a realización de activades en liña.
- Aula virtual:neste curso e ante as modificacións propostas pola aplicación da nova lei desde o departamento imos a manter a comunicación cos alumnos a través da aula virtual do centro, na cal iremos engadindo material tanto de estudo, como mapas conceptuais, tarefas de reforzo e ampliación e información académica para o alumnado
- Material específico de laboratorio
- Google Classroom
- CANAL DE YOUTUBE
- Sreencast
- Videoconferencia WeBex
- Correo electrónico
- Aula virtual do centro
- Teléfono persoal

Critérios de avaliación, cualificación e promoción

Cráterios de avaliación

Os criterios de avaliación marcados polo artículo 2.3 do Decreto 86/2.015 establece para a materia de Física e Química de 2º ESO os seguintes criterios de avaliación.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN
▪ B1.1. Recoñecer e identificar as características do método científico.
▪ B1.2. Valorar a investigación científica e o seu impacto na industria e no desenvolvemento da sociedade.
▪ B1.3. Aplicar os procedementos científicos para determinar magnitudes.
▪ B1.4. Recoñecer os materiais e os instrumentos básicos presentes no laboratorio de física e de química, e coñecer e respectar as normas de seguridade e de eliminación de residuos para a protección ambiental.
▪ B1.5. Extraer de forma guiada a información sobre temas científicos de carácter divulgativo que aparece en publicacións e medios de comunicación.
▪ B1.6. Desenvolver pequenos traballos de investigación nos que se poña en práctica a aplicación do método científico e a utilización das TIC.
▪ B2.1. Recoñecer as propiedades xerais e as características específicas da materia, e relacionalas coa súa natureza e as súas aplicacións.
▪ B2.2. Xustificar as propiedades dos estados de agregación da materia e os seus cambios de estado, a través do modelo cinético-molecular.
▪ B2.3. Establecer as relacións entre as variables das que depende o estado dun gas a partir de representacións gráficas ou táboas de resultados obtidas en experiencias de laboratorio ou simulacións dixitais.
▪ B2.4. Identificar sistemas materiais como substancias puras ou mesturas, e valorar a importancia e as aplicacións de mesturas de especial interese.
▪ B2.5. Propor métodos de separación dos compoñentes dunha mestura e aplicalos no laboratorio.
▪ B3.1. Distinguir entre cambios físicos e químicos mediante a realización de experiencias sinxelas que poñan de manifesto se se forman ou non novas substancias.

<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.2. Caracterizar as reaccións químicas como cambios dunhas substancias noutras.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.3. Recoñecer a importancia da química na obtención de novas substancias e a súa importancia na mellora da calidade de vida das persoas.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.4. Valorar a importancia da industria química na sociedade e a súa influencia no ambiente.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.1. Recoñecer o papel das forzas como causa dos cambios no estado de movemento e das deformacións.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.2. Establecer a velocidade dun corpo como a relación entre o espazo percorrido e o tempo investido en percorrelo.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.3. Diferenciar entre velocidade media e instantánea a partir de gráficas espazo/tempo e velocidade/tempo, e deducir o valor da aceleración utilizando estas últimas.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.4. Valorar a utilidade das máquinas simples na transformación dun movemento noutro diferente, e a redución da forza aplicada necesaria.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.5. Comprender o papel que xoga o rozamento na vida cotiá.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.6. Considerar a forza gravitatoria como a responsable do peso dos corpos, dos movementos orbitais e dos niveis de agrupación no Universo, e analizar os factores dos que depende.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.7. Identificar os niveis de agrupación entre corpos celestes, desde os cúmulos de galaxias aos sistemas planetarios, e analizar a orde de magnitude das distancias implicadas.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.8. Recoñecer os fenómenos da natureza asociados á forza gravitatoria.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.1. Recoñecer que a enerxía é a capacidade de producir transformacións ou cambios.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.2. Identificar os tipos de enerxía postos de manifesto en fenómenos cotiáns e en experiencias sinxelas realizadas no laboratorio.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.3. Relacionar os conceptos de enerxía, calor e temperatura en termos da teoría cinético-molecular, e describir os mecanismos polos que se transfere a enerxía térmica en situacións cotiás.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.4. Interpretar os efectos da enerxía térmica sobre os corpos en situacións cotiás e en experiencias de laboratorio.

- B5.5. Valorar o papel da enerxía nas nosas vidas, identificar as fontes, comparar o seu impacto ambiental e recoñecer a importancia do aforro enerxético para un desenvolvemento sustentable.

Procedementos e instrumentos de avaliación

Os procedementos de avaliación clasifícanse en:

TÉCNICAS DE OBSERVACIÓN (TO): O seu obxectivo é coñecer comportamento natural dos alumnos en situacións espontáneas, que poden ser controladas ou non. Utilízanse sobre todo para coñecer a nivel de logro dos estándares transversais (que fan referencia ás prácticas de laboratorio e ós traballos de investigación). Dentro da metodoloxía baseada na observación agrúpanse os seguintes instrumentos: rexistro anecdótico (para observar acontecementos non previsibles, así como as participacións espontáneas e positivas ou negativas do alumnado) e rúbricas (listado de aspectos nos que se detalla descritivamente a súa consecución).

REVISIÓN DE TAREFAS DO ALUMNO (RT): Empréganse para avaliar o traballo diario do alumno tanto na clase (análise do caderno do alumno (para comprobar se toma apuntes de forma ordenada, se corrixe os erros, a súa correcta caligrafía e ortografía, uso correcto da linguaxe científica, etc), coma na casa (realización dos boletíns de exercicios) . Para cuantificar a avaliación se empregará unha lista de control sobre o caderno do alumno e os boletíns como instrumentos de avaliación.

PROBAS ESPECÍFICAS (PE): Empréganse para avaliar conceptos e procedementos. Consistirán basicamente nos exames , que estarán compostos por varias cuestións e problemas.

Os procedementos de avaliación serán os mesmos en tódalas modalidades (presencial, online e semipresencial), aínda que se terán que adaptar os instrumentos a cada modalidade. É dicir, na modalidade online, o instrumento rexistro anecdótico do traballo do alumno recolle as súas aportacións en gogle classroom e nas videoconferencias. O instrumento rúbricas na modalidade online centrase totalmente nas rúbricas de exposición de traballos, xa que é imposible traballar no laboratorio. Os instrumentos lista de control sobre a libreta e boletíns de exercicios non necesitan de ningunha adaptación, e por último o instrumento exames serán feitos a través das plataformas Google Classroom ou correo electrónico, ou tamén a través do emprego do teléfono nun caso no que non se dispoña da conexión de internet necesaria.

Criterios de cualificación

Os criterios de cualificación veñen descritos na táboa de avaliación.

A nota correspondente a cada avaliación calcularase tendo en conta as seguintes porcentaxes aplicadas a cada unidade didáctica

UNIDADES	porcentaxe	avaliación
1. A MEDIDA	20%	1ª AV
2. A MATERIA	80%	
3. OS CAMBIOS	50%	2ª AV
4.O MOVEMENTO E AS FOR- ZAS	50%	
4. O MOVEMENTO E AS FOR- ZAS	40%	3ª AV
5. A ENERXÍA	60%	

Para os alumnos que non acaden o aprobado(5) , haberá unha proba de recuperación por avaliación, na que se seguirán os mesmos porcentaxes anteriormente descritos. Superarase a avaliación cando se obteña unha nota igual ou superior a 5 en dita proba.

Os alumnos que teñan perdido o dereito á avaliación continua terán dereito á realización dunha proba referida aos contidos de todo o curso, que se realizará antes da avaliación final ordinaria. Considerarase superada se obtén unha puntuación igual a 5 ou superior.

Os alumnos aprobarán o curso cando teñan aprobadas as tres avaliacións.

Neste caso, a nota final do curso será a media aritmética das notas das tres avaliacións.

Para os alumnos que non superen o curso haberá unha proba de recuperación en xuño, na que terán que examinarse das avaliacións que non teñan superadas. Para acadar o aprobado terán que acadar unha nota igual ou superior a 5 puntos

Os alumnos que non superen a materia en xuño deberán presentarse á convocatoria extraordinaria en setembro, e que para acadar o aprobado haberá que obter en dita proba un mínimo de 5 puntos.

Crterios de corrección

- ✓ Todos os exercicios do exame terán a mesma puntuación salvo indicación expresa do valor do exercicio.
- ✓ No caso de que conteñan varios apartados, cada un deles valorarase tamén por igual a menos que se indique o contrario.
- ✓ Na cualificación dunha pregunta teórica ou dunha cuestión, ademais de ter en conta que a resposta debe ser correcta , valorarase claridade e concreción na exposición, o razoamento empregado, a presentación, redacción,e ortografía.
- ✓ Na cualificación dun problema en cada apartado valorarase por unha parte o prantexamento: correcta utilización das leis e conceptos e por outra banda, valorarase todo o desenvolvemento preciso para chegar a solución final, tendo tamén en conta a correcta ou incorrecta utilización da ferramenta matemática necesaria. A expresión incorrecta das unidades (ou a súa ausencia) restará ata 0,1 puntos da nota do problema.
- ✓ A ausencia de operacións que xustifiquen a aparición dalgún dato que non estea presente no enunciado, así como o non poñer explicitamente a fórmula a empregar tamén restará ata un 50% da nota
- ✓ A realización de exercicios por camiños explicitamente prohibidos polo profesor e contrarios á praxis da materia de física e Química será penalizada con un 50% da nota.
- ✓ Algúns exercicios como identificación de símbolos químicos, formulación, etc. poderán esixir para o aprobado mais do 50% da nota e sempre se fará constar polo profesor antes da proba.

Avaliación do proceso de ensino e a práctica docente

Indicadores de logro do proceso de ensino

Escala			
1	2	3	4

1. O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado.				
2. Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreceu a aprendizaxe.				
3. Conseguiuse motivar para lograr a actividade intelectual e física do alumnado.				
4. Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado.				
5. Contouse co apoio e coa implicación das familias no traballo do alumnado.				
6. Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado.				
7. Adoptáronse as medidas curriculares adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.				
8. Adoptáronse as medidas organizativas adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.				
9. Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado.				
10. Usáronse distintos instrumentos de avaliación.				
11. Dáse un peso real á observación do traballo na aula.				
12. Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo.				

Indicadores de logro da práctica docente

	Escala			
	1	2	3	4
1. Como norma xeral, fanse explicacións xerais para todo o alumnado.				
2. Ofrecense a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa.				

3. Elabóranse actividades atendendo á diversidade.				
4. Elabóranse probas de avaliación adaptadas ás necesidades do alumnado con NEAE.				
5. Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar.				
6. Combínase o traballo individual e en equipo.				
7. Poténcianse estratexias de animación á lectura.				
8. Poténcianse estratexias tanto de expresión como de comprensión oral e escrita.				
9. Incorpóranse as TIC aos procesos de ensino – aprendizaxe.				
10. Préstase atención aos elementos transversais vinculados a cada estándar.				
11. Ofrecense ao alumnado de forma rápida os resultados das probas / traballos, etc.				
12. Analízanse e coméntanse co alumnado os aspectos máis significativos derivados da corrección das probas, traballos, etc.				
13. Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus acertos e erros.				
14. Grao de implicación do profesorado nas funcións de tutoría e orientación.				
15. Adecuación, logo da súa aplicación, das ACS propostas e aprobadas.				
16. As medidas de apoio, reforzo, etc. están claramente vinculadas aos estándares.				
17. Avaliase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación...				

Actividades de seguemento, recuperación e avaliación de materias pendentes

O plan de avaliación para os alumnos con materias pendentes consistirá en:

- Entrega nos meses de Outubro e Febreiro de dous boletíns de exercicios, cuestións e actividades de repaso que serán valoradas e aportarán un 30% á nota final. O prazo de entrega para o primeiro será a finais de Xaneiro e para o segundo a mediados de Abril.
- Realización de dúas probas parciais escritas nos meses de Febreiro e Abril que aportarán o 70% restante da nota (mediante a media aritmética de ambas cualificacións) e versarán sobre os contidos explicados repartidos proporcionalmente de acordo co propio alumnado pendente.

Considerarase a materia aprobada se o alumnado acada unha cualificación igual ou superior a 5; en caso contrario terá lugar unha proba final global no mes de Maio en base aos CONTIDOS MÍNIMOS esixibles correspondentes ao curso de 3º ESO e xa anteriormente expostos. Tamén haberá unha proba extraordinaria no mes de Setembro se fose necesaria.

Os alumnos e alumnas poderán consultar calquera dúbida que lles xurda co xefe de Departamento nos períodos de recreo.

Avaliación inicial:deseño e medidas a adoptar

Ao comezo de cada curso e coa finalidade de adecuar as ensinanzas de cada materia ao alumnado e facilitar a progresión satisfactoria do seu proceso de aprendizaxe, o profesorado que imparta docencia no grupo realizará unha avaliación inicial, incidindo na obtención de información sobre os coñecementos previos do alumnado en cada unha das materias e o grao de desenvolvemento das competencias básicas. A avaliación incluírá a análise dos informes persoais da etapa ou curso anterior e completaráse coa información obtida a través da persoa titora.

A avaliación inicial será o punto de referencia para a toma de decisións relativas ao desenvolvemento do currículo, así como para adoptar aquelas medidas de apoio, reforzo e recuperación que se consideren oportunas para cada alumna ou alumno. Será de grande importancia a coordinación de todo o profesorado que imparta docencia en cada grupo co fin de tomar medidas conxuntas que faciliten o progreso do alumnado.

DESEÑO:

Faremos unha pequena proba escrita para comprobar as súas competencias matemáticas, químicas e físicas.

AVALIACIÓN INICIAL

Nombre: Grupo:

MATEMÁTICAS

- 1 Calcula:
 - a. El 10% de 350.
 - b. El 25% de un número es 180. Calcula dicho número.

- 2 Calcula el área de un rectángulo cuya base mide 5 dm y la altura 3 dm.
- 3 Efectúa las siguientes operaciones:
 - a. $\sqrt{81}$
 - b. $(3^2 \cdot 3^3)^4$

- 4 Expresa las siguientes longitudes en metros:
 - a) 25 cm
 - b) 80000 km

FUNDAMENTOS DE QUÍMICA

- 1 En una mezcla homogénea, ¿a qué llamamos soluto?
 - 1.a Al componente que aparece en menor proporción.
 - 1.b A la unión de dos o más metales.
 - 1.c Al componente que aparece en mayor proporción.
 - 1.d A la reacción química de la mezcla.

- 2 Un cubo de playa tiene agua y arena. ¿Qué técnica se ha de utilizar para separar los dos componentes y obtener agua?
 - a Decantación.
 - c Destilación.

b Cristalización.

d Filtración.

3 ¿Cuál de los siguientes ejemplos no corresponde a un elemento químico?

a Hidrógeno

c Agua

b Oxígeno

d Carbono

4 ¿Cuándo decimos que una disolución es diluida?

4.a Cuando hay una baja proporción de soluto.

4.b Cuando la disolución ya no puede admitir más soluto.

4.c Cuando soluto y disolvente aparecen al 50%.

5 Los átomos están formados por tres partículas distintas. ¿Cuál de éstas no forma parte de ellos?

a Protón.

c Neutrón.

b Fotón.

d Electrón.

6 ¿Qué recoge una tabla periódica?

6.a La fecha de descubrimiento de los elementos químicos.

6.b Las fórmulas químicas de los compuestos más habituales.

6.c Los cuatro elementos básicos: tierra, aire, fuego y agua.

6.d Los distintos elementos químicos del universo.

FUNDAMENTOS DE FÍSICA

1 Las magnitudes físicas son:

a Propiedades que se pueden medir.

c. Aparatos para medir.

b Medidas muy grandes.

d. Medidas muy pequeñas.

2 La unidad internacional de longitud es:

a El kilómetro.

c La yarda.

b La milla.

d El metro.

3 La masa se mide con:

a El termómetro.

c La cinta métrica.

b La balanza.

d El cronómetro.

4 La palabra velocidad te sugiere:

4.a Dividir el tiempo que se tarda en hacer un recorrido entre la longitud recorrida.

4.b Dividir la masa de un cuerpo entre su volumen.

4.c Dividir la longitud recorrida entre el tiempo empleado en recorrerla.

4.d Multiplicar la distancia recorrida por el tiempo empleado en recorrerla.

5 ¿Qué es el calor?:

5.a Es lo mismo que la temperatura.

5.b Es un tipo de energía.

5.c Es un tipo de fuerza.

6 En el espacio, cuánto más masa tenga un cuerpo...

6.a Más difícil será moverlo.

6.b Más fácil será moverlo.

6.c Más volumen ocupará.

6.d Será igualmente fácil de mover que un cuerpo con menos masa.

MEDIDAS A ADOPTAR:

No caso de detectar algún caso de dificultades académicas de algún alumno, estudaremos e adoptaremos, se fose o caso, e sempre en coordinación co Departamento de Orientación:

- Establecer algún REFORZO para aqueles alumnos que así o precisen..
- Se fose preciso facer unha ACs esta sería deseñada a partir dos contidos mínimos contemplados na materia de Física e Química, ben centrándose só en eses mínimos ou incluso e excepcionalmente recortando algún deseS mínimos.

As medidas a adoptar en eses casos quedarán reflectidas nas actas do departamento se así fose preciso.

Plan de reforzo

Como no curso anterior(1 ESO) o alumnado non cursou a materia de Física e Química pois dita materia aparece no currículo por primeira vez en 2 ESO, o plan de reforzo establecido neste curso en concreto soamente fará referencia a centrarse na avaliación inicial e nos resultados que se obteñan dela, sobre todo nas preguntas que fagan referencia ós contidos matemáticos.

Medidas de atención á diversidade

As estratexias curriculares de atención á diversidade que levarán a cabo serán:

- Establecer secuencias de contido que aseguren aprendizaxes básicas para todos e coñecementos de maior complexidade para algúns.
- Deseñar actividades de ensino-aprendizaxe variadas e con diferente nivel de dificultade.
- Establecer agrupamentos que permitan contextos de aprendizaxe colaborativos.
- Utilizar recursos e materiais diferenciados-gráficos, visuais, audiovisuais, informáticos- para contemplar os distintos tipos de aprendizaxe dos alumnos.
- Propor actividades de ampliación para aqueloutros que van diante na súa aprendizaxe. Serán traballos voluntarios para profundar sobre os temas obxecto de estudo da unidade didáctica que se entregarán na unidade didáctica posterior
- . Adaptación dos tempo e instrumentos de avaliación (formatos de exames, orais, maior tempo para realizalos, menos preguntas por folla, tipo test, poñer en negra as palabras clave...)
- Menos deberes para a casa, os necesarios para profundizar e asimilar os conceptos dados na aula

- Coordinación entre o profesorado
- Control das axendas
- Darlle a opción de presentar os traballos a ordenador(sobre todo no caso de alumnos con dislexia)
- Apoiares nos compañeiros
- Ofrecerlles experiencias de éxito
- Todas aquelas medidas específicas para o alumnado TDAH, contempladas no protocolo.

Os alumnos con necesidades específicas de apoio educativo agrúpanse nas seguintes categorías:

- a Necesidades educativas especiais
- b Altas capacidades intelectuais
- c Incorporación tardía ao sistema escolar
- d Condicións persoais ou historia escolar
- e Dificultades de aprendizaxe específicas.

En colaboración co departamento de orientación levarán a cabo medidas curriculares extraordinarias como as adaptacións curriculares individuais ou os reforzos aos alumnos dos grupos anteriores que o necesiten.

Os alumnos con necesidades educativas especiais, que presenten discapacidade sensorial do tipo auditivo e visual serán tratados da seguinte forma: Nas deficiencias auditivas, procuraremos situalos nun lugar adecuado para que poidan levar a cabo, sen dificultade, a lectura labial e o acceso visual á información. Nas deficiencias visuais, procuraremos tamén adaptar os materiais, os espazos e os recursos, facilitándolle en todo momento a súa integración.

No desenvolvemento da actividade docente atoparémonos probablemente con alumnado con certas dificultades para acadar os obxectivos da materia. O profesorado aplicará medidas de reforzo educativo dentro da aula co fin de que este alumnado poida alcanzar o máximo desenvolvemento das súas capacidades persoais e os obxectivos e competencias establecidos. Para poder atender axeitadamente a diversidade da aula, o alumnado traballará frecuentemente en grupos utilizando estruturas de aprendizaxe cooperativa que favorecen a axuda entre iguais. Por outra parte, propoñeranse actividades variadas que permitan atender os múltiples intereses, capacidades e motivacións dos alumnos e alumnas. Ademais, cando sexa necesario, prepararanse materiais de traballo que podan adecuar aos ritmos de aprendizaxe do alumnado, é dicir, materiais que sirvan para ampliar os coñecementos adquiridos do alumnado máis avantaxado e materias máis sinxelos que sirvan para reforzar os contidos mínimos para o alumnado con máis dificultades. Tamén ofrecerase atención individualizada ao alumnado que o precise ou requira para resolver dúbidas nalgún recreo. O profesorado, facendo

uso da súa autonomía, adaptará as propostas dos protocolos sobre atención á diversidade elaborados pola Consellería de Educación e publicados en <http://www.edu.xunta.gal/portal/Educonvives.gal> á realidade do alumnado e do centro

Concreción dos elementos transversais a traballar durante o presente curso:

Contribución ao Plan TIC

A aplicación das tecnoloxías da información e a comunicación ao traballo da aula convértese nunha peza clave na educación e formación das novas xeracións. Trátase de que o alumnado, ao rematar a escolarización obrigatoria, acade unha competencia dixital. Esta competencia consiste en dispoñer de habilidades para buscar, obter, procesar e comunicar información, para transformala en coñecemento.

Entre as accións previstas polo departamento de Física e Química están as seguintes:

- Utilizaranse todos os recursos informáticos dispoñibles no centro (aula de informática, biblioteca, acceso a internet nas aulas) e fomentárase a utilización fora do instituto de todos os recursos informáticos ao alcance dos alumnos (na casa, cos compañeiros, na biblioteca pública da localidade...)
- Aprenderase a interpretar a información e a contrastala con outros soportes de información, facendo en definitiva dun modo atractivo e pedagóxico o achegamento a aprendizaxe a través destes medios.
- Propóranse proxectos e traballos a realizar individualmente ou en grupo para fomentar todos os materiais de información dispoñibles.
- Tratarase de acceder unha ou dúas veces mensuais a aula de informática e segundo o aproveitamento utilizarase con máis frecuencia este recurso.
- Desde o Departamento adoptaremos e colaboraremos en calquera outra medida proposta desde o Centro

Plan de convivencia

Dende o departamento de Física e Química tentaremos traballar en sintonía co Plan de Convivencia do centro e para iso na nosa materia traballaremos a prol dunha educación en valores baseada en temas como:

- Educación para a paz

- Educación moral e cívica
- Educación para a igualdade entre sexos.

Obxectivos:fixaremos como propios os obxectivos no Plan de Convivencia:

- Coñecer aspectos teóricos básicos da convivencia entre iguais, relacións profesor-alumno, a convivencia na interculturalidade e a convivencia na diferenza de xénero, utilizando unha linguaxe común.
- Implicarnos nos procesos de reflexión e acción que axuden a previr conflitos de convivencia no centro.
- Procurar ferramentas prácticas para a detección, a abordaxe e a resolución de conflitos de convivencia nos centros.
- Resolver, derivar ou notificar posibles situacións de desprotección ou de risco que se detecten por mor de conflitos que se dean no aula.
- Participar na adaptación e posta en marcha das accións establecidas no Plan de Convivencia.

Proxecto Lector

O plan anual de lectura e o proxecto lector de centro garantirán a paulatina capacitación do alumnado nas competencias básicas que se pretenden, de cara a súa formación como cidadáns activos e solidarios.

A formación da lectura comprensiva esixe, pola súa vez, un traballo progresivo e continuado. Traballarase con todo tipo de textos tanto en soporte impreso como electrónico.

O procedemento a levar a cabo polo departamento de Física e Química nas materias integradas nel será o seguinte:

- Dedicaremos un tempo a lectura de algún artigo ou texto relacionado coa mesma, fomentando tamén a busca de noticias relacionadas no xornal aos que eles teñen acceso nos seus domicilios.
- Se nalgún momento así o consideramos incluiremos a posibilidade de facilitar algún libro de lectura aos alumnos de carácter voluntario e/ou obrigatorio
- Colaboraremos desde a nosa materia na "hora de lectura" proposta desde a Biblioteca do centro.

Actividade complementarias e extraescolares

Dentro da dificultade derivada do escenario COVID, nas actividades extraescolares deste ano consistirán en saídas preto da localidade, e sempre en aqueles ámbitos nos que se cumpre o protocolo COVID. Dende o departamento e dentro do Plan Proxecta, solicitarase o Proxecto Ríos.

Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas e procesos de mellora.

Avaliación da programación didáctica

Indicadores

	Escala			
	1	2	3	4
1. Adecuación do deseño das unidades didácticas, temas ou proxectos a partir dos elementos do currículo.				
2. Adecuación da secuenciación e da temporalización das unidades didácticas / temas / proxectos.				
3. O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e a temporalización previstas.				
4. Adecuación da secuenciación dos estándares para cada unha das unidades, temas ou proxectos.				
5. Adecuación do grao mínimo de consecución fixado para cada estándar.				
6. Vinculación de cada estándar a un ou varios instrumentos para a súa avaliación.				
7. Fixación dunha estratexia metodolóxica común para todo o departamento.				
8. Adecuación da secuencia de traballo na aula.				
9. Adecuación dos materiais didácticos utilizados.				
10. Adecuación do libro de texto				
11. Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua: probas, traballos, etc.				

12. Adecuación dos exames, tendo en conta os estándares				
13. Adecuación dos programas de apoio, recuperación, etc. vinculados aos estándares.				
14. Adecuación das medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE.				
15. Grao de desenvolvemento das actividades complementarias e extraescolares previstas.				
16. Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre os criterios de promoción.				
17. Adecuación do seguimento e da revisión da programación ao longo do curso.				
18. Contribución desde a materia ao plan de lectura do centro.				
19. Grao de integración das TIC no desenvolvemento da materia.				

PROGRAMACIÓN FÍSICA E QUÍMICA 3 ESO

Introducción e contextualización

Neste curso 20-21, a pandemia derivada do Covid fai que teñamos que programar tendo en conta os diferentes posibles escenarios que se poden dar(presencial, semipresencial e online). Debido a isto, ó longo da programación irase matizando as posibles adaptacións na metodoloxía e na avaliación derivadas da pandemia.

A aprendizaxe da Física e da Química resulta imprescindible para permitir ao alumnado analizar con coñecemento de causa os problemas de orixe científica e tecnolóxica que se formulan na sociedade, así como participar no debate que suscitan e dar a resposta que corresponda como cidadanía responsable. Contribúe a promover no alumnado a adquisición das competencias necesarias para que poida integrarse na sociedade de xeito activo. Como materia científica, Física e Química ten o compromiso en- gado de dotar o alumnado de ferramentas específicas que lle permitan afrontar o futuro con garantías, participando no desenvolvemento económico e social ao que está ligada a capacidade científica, tecnolóxica e innovadora da propia sociedade.

A materia de Física e Química debe capacitar os alumnos e alumnas para extraeren e comunicaren conclusións a partir de probas científicas, formularen preguntas que a ciencia poida responder e explicaren cientificamente fenómenos físicos e naturais. En 3º da ESO a materia de Física e Química segue afianzando e ampliando os coñecementos adquiridos polo alumnado en 2º da ESO. Como neste curso a materia de Física e Química pode ter carácter terminal, o obxectivo prioritario será contribuír á cimentación dunha cultura científica básica.

Como se recolle neste documento, está previsto realizar varias experiencias prácticas que se consideran imprescindibles para a comprensión dos conceptos científicos e para a adquisición de destrezas e competencias.

A materia e o desenvolvemento das competencias clave

Segundo a LOMCE defínense as competencias clave como as capacidades para aplicar de xeito integrado os contidos propios de cada ensinanza e etapa educativa, co fin de lograr a realización adecuada de actividades e a resolución eficaz de problemas complexos.

A contribución desde a materia de Física e Química de 3º da ESO cara a consecución das competencias clave quedan expresadas no seguinte cadro resumo no cal se relacionan as competencias cos estándares de aprendizaxe:

CÓD	COMPETENCIA
CAA	Competencia aprender a aprender.
CCEC	Conciencia e expresións culturais.
CCL	Comunicación lingüística.
CD	Competencia dixital.

CMCCT	Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.
CSC	Competencias sociais e cívicas.
CSIEE	Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.

C.AA	cód.	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE
	B1.1.1	Formula hipóteses para explicar fenómenos cotiáns utilizando teorías e modelos científicos.
	B1.2.1	Relaciona a investigación científica coas aplicacións tecnolóxicas na vida cotiá.
	B1.3.2	Realiza medicións prácticas de magnitudes físicas da vida cotiá empregando o material e instrumentos apropiados, e expresa os resultados correctamente no Sistema Internacional de Unidades.
	B1.5.1	Selecciona, comprende e interpreta información salientable nun texto de divulgación científica, e transmite as conclusións obtidas utilizando a linguaxe oral e escrita con propiedade.
	B1.6.1	Realiza pequenos traballos de investigación sobre algún tema obxecto de estudo aplicando o método científico, e utilizando as TIC para a procura e a selección de información e presentación de conclusións.
	B2.5.2	Presenta, utilizando as TIC, as propiedades e aplicacións dalgún elemento ou composto químico de especial interese a partir dunha procura guiada de información bibliográfica e dixital.
	B5.4.2	Constrúe circuítos eléctricos con diferentes tipos de conexións entre os seus elementos, deducindo de forma experimental as consecuencias da conexión de xeradores e receptores en serie ou en paralelo.

C.CEC	cód.	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE
(CCEC).	B1.2.1	Relaciona a investigación científica coas aplicacións tecnolóxicas na vida cotiá.
	B2.1.1	Representa o átomo, a partir do número atómico e o número másico, utilizando o modelo planetario.
	B4.1.2	Relaciona cualitativamente a forza eléctrica que existe entre dous corpos coa súa carga e a distancia que os separa, e establece analogías e diferenzas entre as forzas gravitatoria e eléctrica.
C.CL	cód.	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE
Comunicación Lingüística (CCL)	B1.1.2	FQB1.1.2. Rexistra observacións, datos e resultados de maneira organizada e rigorosa, e comunícaos oralmente e por escrito, utilizando esquemas, gráficos, táboas e expresións matemáticas.
	B1.5.1	FQB1.5.1. Selecciona, comprende e interpreta información salientable nun texto de divulgación científica, e transmite as conclusións obtidas utilizando a linguaxe oral e escrita con propiedade.
	B1.6.1	FQB1.6.1. Realiza pequenos traballos de investigación sobre algún tema obxecto de estudo aplicando o método científico, e utilizando as TIC para a procura e a selección de información e presentación de
	B2.5.2	FQB2.5.2. Presenta, utilizando as TIC, as propiedades e aplicacións dalgún elemento ou composto químico de especial interese a partir dunha procura guiada de información bibliográfica e dixital.
	B2.6.1	FQB2.6.1. Utiliza a linguaxe química para nomear e formular compostos binarios seguindo as normas IUPAC.
	B4.5.1	FQB4.5.1. Realiza un informe, empregando as TIC, a partir de observacións ou busca guiada de información que relacione as forzas que aparecen na natureza e os fenómenos asociados a elas.
	B5.1.2	FQB5.1.2. Analiza o predominio das fontes de enerxía convencionais fronte ás alternativas, e argumenta os motivos polos que estas últimas aínda non están suficientemente explotadas.

C.D	cód.	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE
Competencia Dixital (CD)	B1.5.2	FQB1.5.2. Identifica as principais características ligadas á fiabilidade e á obxectividade do fluxo de información existente en internet e noutros medios dixitais.
	B1.6.1	FQB1.6.1. Realiza pequenos traballos de investigación sobre algún tema obxecto de estudo aplicando o método científico, e utilizando as TIC para a procura e a selección de información e presentación de
	B2.5.2	FQB2.5.2. Presenta, utilizando as TIC, as propiedades e aplicacións dalgún elemento ou composto químico de especial interese a partir dunha procura guiada de información bibliográfica e dixital.
	B4.4.2	FQB4.4.2. Reproduce os experimentos de Oersted e de Faraday no laboratorio ou mediante simuladores virtuais, deducindo que a electricidade e o magnetismo son dúas manifestacións dun mesmo fenómeno.
	B4.5.1	FQB4.5.1. Realiza un informe, empregando as TIC, a partir de observacións ou busca guiada de información que relacione as forzas que aparecen na natureza e os fenómenos asociados a elas.
	B5.4.4	FQB5.4.4. Utiliza aplicacións virtuais interactivas para simular circuitos e medir as magnitudes eléctricas.
CMCCT	cód.	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE
CMCCT	B1.1.1	FQB1.1.1. Formula hipóteses para explicar fenómenos cotiáns utilizando teorías e modelos científicos.
	B1.1.2	FQB1.1.2. Rexistra observacións, datos e resultados de maneira organizada e rigorosa, e comunicaos oralmente e por escrito, utilizando esquemas, gráficos, táboas e expresións matemáticas.
	B1.2.1	FQB1.2.1. Relaciona a investigación científica coas aplicacións tecnolóxicas na vida cotiá.
	B1.3.1	FQB1.3.1. Establece relacións entre magnitudes e unidades, utilizando preferentemente o Sistema Internacional de Unidades e a notación científica para expresar os resultados correctamente.
	B1.3.2	FQB1.3.2. Realiza medicións prácticas de magnitudes físicas da vida cotiá empregando o material e instrumentos apropiados, e expresa os resultados correctamente no Sistema Internacional de Unidades.

B1.4.1	FQB1.4.1. Identifica material e instrumentos básicos de laboratorio e coñece a súa forma de utilización para a realización de experiencias, respectando as normas de seguridade e identificando actitudes
B1.5.1	FQB1.5.1. Selecciona, comprende e interpreta información salientable nun texto de divulgación científica, e transmite as conclusións obtidas utilizando a linguaxe oral e escrita con propiedade.
B1.6.1	FQB1.6.1. Realiza pequenos traballos de investigación sobre algún tema obxecto de estudo aplicando o método científico, e utilizando as TIC para a procura e a selección de información e presentación de
B2.1.1	FQB2.1.1. Representa o átomo, a partir do número atómico e o número másico, utilizando o modelo planetario.
B2.1.2	FQB2.1.2. Describe as características das partículas subatómicas básicas e a súa localización no átomo.
B2.1.3	FQB2.1.3. Relaciona a notación número atómico e o número másico, determinando o número de cada tipo de partículas subatómicas básicas.
B2.2.1	FQB2.2.1. Explica en que consiste un isótopo e comenta aplicacións dos isótopos radioactivos, a problemática dos residuos orixinados e as solucións para a súa xestión.
B2.3.1	FQB2.3.1. Xustifica a actual ordenación dos elementos en grupos e períodos na táboa periódica.
B2.3.2	FQB2.3.2. Relaciona as principais propiedades de metais, non metais e gases nobres coa súa posición na táboa periódica e coa súa tendencia a formar ións, tomando como referencia o gas nobre máis próximo
B2.4.1	FQB2.4.1. Explica o proceso de formación dun ión a partir do átomo correspondente, utilizando a notación adecuada para a súa representación.
B2.4.2	FQB2.4.2. Explica como algúns átomos tenden a agruparse para formar moléculas interpretando este feito en substancias de uso frecuente, e calcula as súas masas moleculares.
B2.5.1	FQB2.5.1. Recoñece os átomos e as moléculas que compoñen substancias de uso frecuente, e clasifícaaas en elementos ou compostos, baseándose na súa fórmula química.

	B2.5.2	FQB2.5.2. Presenta, utilizando as TIC, as propiedades e aplicacións dalgún elemento ou composto químico de especial interese a partir dunha procura guiada de información bibliográfica e dixital.
CCMCCT	B2.6.1	FQB2.6.1. Utiliza a linguaxe química para nomear e formular compostos binarios seguindo as normas IUPAC.
	B3.1.1	FQB3.1.1. Representa e interpreta unha reacción química a partir da teoría atómico-molecular e a teoría de colisións.
	B3.2.1	FQB3.2.1. Recoñece os reactivos e os produtos a partir da representación de reaccións químicas sinxelas, e comproba experimentalmente que se cumpre a lei de conservación da masa.
	B3.2.2	FQB3.2.2. Realiza os cálculos estequiométricos necesarios para a verificación da lei de conservación da masa en reaccións químicas sinxelas.
	B3.3.1	FQB3.3.1. Propón o desenvolvemento dun experimento sinxelo que permita comprobar o efecto da concentración dos reactivos na velocidade de formación dos produtos dunha reacción química, e xustifica este
	B3.3.2	FQB3.3.2. Interpreta situacións cotiás en que a temperatura inflúa significativamente na velocidade da reacción.
	B3.4.1	FQB3.4.1. Describe o impacto ambiental do dióxido de carbono, os óxidos de xofre, os óxidos de nitróxeno e os CFC e outros gases de efecto invernadoiro, en relación cos problemas ambientais de ámbito g
	B3.4.2	FQB3.4.2. Defende razoadamente a influencia que o desenvolvemento da industria química tivo no progreso da sociedade, a partir de fontes científicas de distinta procedencia.
	B4.1.1	FQB4.1.1. Explica a relación entre as cargas eléctricas e a constitución da materia, e asocia a carga eléctrica dos corpos cun exceso ou defecto de electróns.
	B4.1.2	FQB4.1.2. Relaciona cualitativamente a forza eléctrica que existe entre dous corpos coa súa carga e a distancia que os separa, e establece analogías e diferenzas entre as forzas gravitatoria e eléctrica
	B4.2.1	FQB4.2.1. Xustifica razoadamente situacións cotiás nas que se poñan de manifesto fenómenos relacionados coa electricidade estática.
	B4.3.1	FQB4.3.1. Recoñece fenómenos magnéticos identificando o imán como fonte natural do magnetismo, e describe a súa acción sobre distintos tipos de substancias magnéticas.

B4.3.2	FQB4.3.2. Constrúe un compás elemental para localizar o norte empregando o campo magnético terrestre, e describe o procedemento seguido para facelo.
B4.4.1	FQB4.4.1. Comproba e establece a relación entre o paso de corrente eléctrica e o magnetismo, construíndo un electroimán.
B4.4.2	FQB4.4.2. Reproduce os experimentos de Oersted e de Faraday no laboratorio ou mediante simuladores virtuais, deducindo que a electricidade e o magnetismo son dúas manifestacións dun mesmo fenómeno.
B4.5.1	FQB4.5.1. Realiza un informe, empregando as TIC, a partir de observacións ou busca guiada de información que relacione as forzas que aparecen na natureza e os fenómenos asociados a elas.
B5.1.1	FQB5.1.1. Compara as principais fontes de enerxía de consumo humano a partir da distribución xeográfica dos seus recursos e os efectos ambientais.

CCMCT	B5.1.2	FQB5.1.2. Analiza o predominio das fontes de enerxía convencionais fronte ás alternativas, e argumenta os motivos polos que estas últimas aínda non están suficientemente explotadas.
	B5.2.1	FQB5.2.1. Interpreta datos comparativos sobre a evolución do consumo de enerxía mundial, e propón medidas que poidan contribuir ao aforo individual e colectivo.
	B5.3.1	FQB5.3.1. Explica a corrente eléctrica como cargas en movemento a través dun condutor.
	B5.3.2	FQB5.3.2. Comprende o significado das magnitudes eléctricas de intensidade de corrente, diferenza de potencial e resistencia, e relaciónaas entre si empregando a lei de Ohm.
	B5.3.3	FQB5.3.3. Distingue entre condutores e illantes, e recoñece os principais materiais usados como tales.
	B5.4.1	FQB5.4.1. Describe o fundamento dunha máquina eléctrica na que a electricidade se transforma en movemento, luz, son, calor, etc., mediante exemplos da vida cotiá, e identifica os seus elementos princip


B5.4.2	FQB5.4.2. Constrúe circuitos eléctricos con diferentes tipos de conexións entre os seus elementos, deducindo de forma experimental as consecuencias da conexión de xeradores e receptores en serie ou en
B5.4.3	FQB5.4.3. Aplica a lei de Ohm a circuitos sinxelos para calcular unha das magnitudes involucradas a partir das outras dúas, e expresa o resultado en unidades do Sistema Internacional.
B5.4.4	FQB5.4.4. Utiliza aplicacións virtuais interactivas para simular circuitos e medir as magnitudes eléctricas.
B5.5.1	FQB5.5.1. Asocia os elementos principais que forman a instalación eléctrica típica dunha vivenda cos compoñentes básicos dun circuito eléctrico.
B5.5.2	FQB5.5.2. Comprende o significado dos símbolos e das abreviaturas que aparecen nas etiquetas de dispositivos eléctricos.
B5.5.3	FQB5.5.3. Identifica e representa os compoñentes máis habituais nun circuito eléctrico (condutores, xeradores, receptores e elementos de control) e describe a súa correspondente función.
B5.5.4	FQB5.5.4. Recoñece os compoñentes electrónicos básicos e describe as súas aplicacións prácticas e a repercusión da miniaturización do microchip no tamaño e no prezo dos dispositivos.
B5.6.1	FQB5.6.1. Describe o proceso polo que distintas fontes de enerxía se transforman en enerxía eléctrica nas centrais eléctricas, así como os métodos de transporte e almacenaxe desta.

C.SC	cód.	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE
------	------	---------------------------

CSC	B1.5.2	FQB1.5.2. Identifica as principais características ligadas á fiabilidade e á obxectividade do fluxo de información existente en internet e outros medios dixitais.
	B1.6.2	FQB1.6.2. Participa, valora, xestiona e respecta o traballo individual e en equipo.
	B2.2.1	FQB2.2.1. Explica en que consiste un isótopo e comenta aplicacións dos isótopos radioactivos, a problemática dos residuos orixinados e as solucións para a súa xestión.
	B3.4.1	FQB3.4.1. Describe o impacto ambiental do dióxido de carbono, os óxidos de xofre, os óxidos de nitróxeno e os CFC e outros gases de efecto invernadoiro, en relación cos problemas ambientais de ámbito g
	B3.4.2	FQB3.4.2. Defende razoadamente a influencia que o desenvolvemento da industria química tivo no progreso da sociedade, a partir de fontes científicas de distinta procedencia.
	B5.1.1	FQB5.1.1. Compara as principais fontes de enerxía de consumo humano a partir da distribución xeográfica dos seus recursos e os efectos ambientais.

C.SIEE	cód.	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE
- B3.2. Razoar como se altera a velocidade dunha reacción ao modificar algún dos factores que inflúen sobre ela, utilizando o modelo cinético-molecular e a teoría de colisións para xustificar esta predición.
- B3.3. Interpretar ecuacións termoquímicas e distinguir entre reaccións endotérmicas e exotérmicas.
- B3.4. Recoñecer a cantidade de substancia como magnitude fundamental e o mol como a súa unidade no Sistema Internacional de Unidades.
- B3.5. Realizar cálculos estequiométricos con reactivos puros supondo un rendemento completo da reacción, partindo do axuste da ecuación química correspondente.
- B3.6. Identificar ácidos e bases, coñecer o seu comportamento químico e medir a súa fortaleza utilizando indicadores e o pHmetro dixital.
- B3.7. Realizar experiencias de laboratorio nas que teñan lugar reaccións de síntese, combustión e neutralización, interpretando os fenómenos observados.
- B3.8. Valorar a importancia das reaccións de síntese, combustión e neutralización en procesos biolóxicos, en aplicacións cotiás e na industria, así como a súa repercusión ambiental.
- B4.1. Xustificar o carácter relativo do movemento e a necesidade dun sistema de referencia e de vectores, para o describir adecuadamente, aplicando o anterior á representación de distintos tipos de desprazamento.
- B4.2. Distinguir os conceptos de velocidade media e velocidade instantánea, e xustificar a súa necesidade segundo o tipo de movemento.
- B4.3. Expresar correctamente as relacións matemáticas que existen entre as magnitudes que definen os movementos rectilíneos e circulares.
- B4.4. Resolver problemas de movementos rectilíneos e circulares, utilizando unha representación esquemática coas magnitudes vectoriais implicadas, e expresar o resultado nas unidades do Sistema Internacional.

<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.5. Elaborar e interpretar gráficas que relacionen as variables do movementado partindo de experiencias de laboratorio ou de aplicacións virtuais interactivas e relacionar os resultados obtidos coas ecuacións matemáticas que vinculan estas variables.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.6. Recoñecer o papel das forzas como causa dos cambios na velocidade dos corpos e representalas vectorialmente.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.7. Utilizar o principio fundamental da dinámica na resolución de problemas nos que interveñen varias forzas.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.8. Aplicar as leis de Newton para a interpretación de fenómenos cotiáns.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.9. Valorar a relevancia histórica e científica que a lei da gravitación universal supuxo para a unificación das mecánicas terrestre e celeste, e interpretar a súa expresión matemática.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.10. Comprender que a caída libre dos corpos e o movemento orbital son dúas manifestacións da lei da gravitación universal.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.11. Identificar as aplicacións prácticas dos satélites artificiais e a problemática xurdida polo lixo espacial que xeran.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.12. Recoñecer que o efecto dunha forza non só depende da súa intensidade, senón tamén da superficie sobre a que actúa.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.13. Interpretar fenómenos naturais e aplicacións tecnolóxicas en relación cos principios da hidrostática, e resolver problemas aplicando as expresións matemáticas destes.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.14. Diseñar e presentar experiencias ou dispositivos que ilustren o comportamento dos fluídos e que poñan de manifesto os coñecementos adquiridos, así como a iniciativa e a imaxinación.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.15. Aplicar os coñecementos sobre a presión atmosférica á descrición de fenómenos meteorolóxicos e á interpretación de mapas do tempo, recoñecendo termos e símbolos específicos da meteoroloxía.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.1. Analizar as transformacións entre enerxía cinética e enerxía potencial, aplicando o principio de conservación da enerxía mecánica cando se despreza a forza de rozamento, e o principio xeral de conservación da enerxía cando existe disipación desta por mor do rozamento.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.2. Recoñecer que a calor e o traballo son dúas formas de transferencia de enerxía, e identificar as situacións en que se producen.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.3. Relacionar os conceptos de traballo e potencia na resolución de problemas, expresando os resultados en unidades do Sistema Internacional ou noutras de uso común.

- | |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.4. Relacionar cualitativa e cuantitativamente a calor cos efectos que produce nos corpos: variación de temperatura, cambios de estado e dilatación. |
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.5. Valorar a relevancia histórica das máquinas térmicas como desencadeadores da Revolución Industrial, así como a súa importancia actual na industria e no transporte. |
| <p>B5.6. Comprender a limitación que o fenómeno da degradación da enerxía supón para a optimización dos procesos de obtención de enerxía útil nas máquinas térmicas, e o reto tecnolóxico que supón a mellora do rendemento destas para a investigación, a innovación e a empresa.</p> |

Procedementos e instrumentos de avaliación

Os procedementos de avaliación clasifícanse en:

TÉCNICAS DE OBSERVACIÓN (TO): O seu obxectivo é coñecer comportamento natural dos alumnos en situacións espontáneas, que poden ser controladas ou non. Utilízanse sobre todo para coñecer a nivel de logro dos estándares transversais (que fan referencia ás prácticas de laboratorio e ós traballos de investigación). Dentro da metodoloxía baseada na observación agrúpanse os seguintes instrumentos: rexistro anecdótico (para observar acontecementos non previsibles e participacións positivas e negativas na aula) e rúbricas (listado de aspectos nos que se detalla descritivamente a súa consecución).

REVISIÓN DE TAREFAS DO ALUMNO (RT): Empréganse para avaliar o traballo diario do alumno tanto na clase (análise do caderno do alumno (para comprobar se toma apuntes de forma ordenada, se corrixe os erros, a súa correcta caligrafía e ortografía, uso correcto da linguaxe científica, etc), coma na casa (realización dos boletíns de exercicios) . Para cuantificar a avaliación se empregará unha lista de control sobre o caderno do alumno e os boletíns como instrumentos de avaliación.

PROBAS ESPECÍFICAS (PE): Empréganse para avaliar conceptos e procedementos. Consistirán basicamente nos exames , que estarán compostos por varias cuestións e problemas.

Os procedementos de avaliación serán os mesmos en tódalas modalidades (presencial, online e semipresencial), aínda que se terán que adaptar os instrumentos a cada modalidade. É dicir, na modalidade online, o instrumento rexistro anecdótico do traballo do alumno recolle as súas aportacións en gogle classroom e nas videoconferencias. O instrumento rúbricas na modalidade online centrase totalmente nas rúbricas de exposición de traballos, xa que é imposible traballar no laboratorio. Os instrumentos lista de control sobre a libreta e boletíns de exercicios non necesitan de ningunha adaptación, e por último o instrumento exames serán feitos a través das plataformas Google Classroom ou correo electrónico, ou tamén a través do emprego do teléfono nun caso no que non se dispoña da conexión de internet necesaria.

Criterios de cualificación

Os criterios de cualificación veñen descritos na táboa de avaliación

A nota correspondente a cada avaliación calcularase tendo en conta as seguintes porcentaxes aplicadas a cada unidade didáctica

UNIDADES	porcentaxe	avaliación
0.ELECTRICIDADE:CIRCUITOS	10%	1ª AV
1. MAGNITUDES E UNIDADES	10%	
2. A MATERIA	80%	
3. OS CAMBIOS	50%	2ª AV
4. O MOVEMENTO E AS FORZAS	50%	
5. A PRESIÓN	50%	3ª AV
6. A ENERXÍA	50%	

Para os alumnos que non acaden o aprobado (5) , haberá unha proba de recuperación por avaliación, na que se seguirán os mesmos porcentaxes anteriormente descritos. Superarase a avaliación cando se obteña unha nota igual ou superior a 5 en dita proba.

Os alumnos que teñan perdido o dereito á avaliación continua terán dereito á realización dunha proba referida aos contidos de todo o curso, que se realizará antes da avaliación final ordinaria. Considerarase superada se obtén unha puntuación igual a 5 ou superior.

Os alumnos aprobarán o curso cando teñan aprobadas as tres avaliacións.

Neste caso, a nota final do curso será a media aritmética das notas das tres avaliacións.

Para os alumnos que non superen o curso haberá unha proba de recuperación en xuño, na que terán que examinarse das avaliacións que non teñan superadas. Para acadar o aprobado terán que acadar unha nota igual ou superior a 5 puntos

Os alumnos que non superen a materia en xuño deberán presentarse á convocatoria extraordinaria en setembro, e que para acadar o aprobado haberá que obter en dita proba un mínimo de 5 puntos.

Criterios de corrección

- ✓ Todos os exercicios do exame terán a mesma puntuación salvo indicación expresa do valor do exercicio.
- ✓ No caso de que conteñan varios apartados, cada un deles valorarase tamén por igual a menos que se indique o contrario.
- ✓ Na cualificación dunha pregunta teórica ou dunha cuestión, ademais de ter en conta que a resposta debe ser correcta , valorarase claridade e concreción na exposición, o razoamento empregado, a presentación, redacción,e ortografía.
- ✓ Na cualificación dun problema en cada apartado valorarase por unha parte o prantexamento: correcta utilización das leis e conceptos e por outra banda, valorarase todo o desenvolvemento preciso para chegar a solución final, tendo tamén en conta a correcta ou incorrecta utilización da ferramenta matemática necesaria. A expresión incorrecta das unidades (ou a súa ausencia) restará ata 0,1 puntos da nota do problema.
- ✓ A ausencia de operacións que xustifiquen a aparición dalgún dato que non estea presente no enunciado, así como o non poñer explicitamente a fórmula a empregar tamén restará ata un 50% da nota
- ✓ A realización de exercicios por camiños explicitamente prohibidos polo profesor e contrarios á praxis da materia de física e Química será penalizada con un 50% da nota.
- ✓ Algúns exercicios como identificación de símbolos químicos, formulación, etc. poderán esixir para o aprobado mais do 50% da nota e sempre se fará constar polo profesor antes da proba.

Avaliación do proceso de ensino e a práctica docente

Indicadores de logro do proceso de ensino

	Escala			
	1	2	3	4
1. O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado.				
2. Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreceu a aprendizaxe.				
3. Conseguiuse motivar para lograr a actividade intelectual e física do alumnado.				
4. Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado.				

5. Contouse co apoio e coa implicación das familias no traballo do alumnado.				
6. Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado.				
7. Adoptáronse as medidas curriculares adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.				
8. Adoptáronse as medidas organizativas adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.				
9. Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado.				
10. Usáronse distintos instrumentos de avaliación.				
11. Dáse un peso real á observación do traballo na aula.				
12. Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo.				

Indicadores de logro da práctica docente

	Escala			
	1	2	3	4
1. Como norma xeral, fanse explicacións xerais para todo o alumnado.				
2. Ofrécese a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa.				
3. Elabóranse actividades atendendo á diversidade.				

4. Elabóranse probas de avaliación adaptadas ás necesidades do alumnado con NEAE.				
5. Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar.				
6. Combínase o traballo individual e en equipo.				
7. Poténcianse estratexias de animación á lectura.				
8. Poténcianse estratexias tanto de expresión como de comprensión oral e escrita.				
9. Incorpóranse as TIC aos procesos de ensino – aprendizaxe.				
10. Préstase atención aos elementos transversais vinculados a cada estándar.				
11. Ofrécese ao alumnado de forma rápida os resultados das probas / traballos, etc.				
12. Analízanse e coméntanse co alumnado os aspectos máis significativos derivados da corrección das probas, traballos, etc.				
13. Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus acertos e erros.				
14. Grao de implicación do profesorado nas funcións de tutoría e orientación.				
15. Adecuación, logo da súa aplicación, das ACS propostas e aprobadas.				
16. As medidas de apoio, reforzo, etc. están claramente vinculadas aos estándares.				
17. Avaliase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación...				

Actividades de seguemento, recuperación e avaliación de materias pendentes

A avaliación consistirá en:

- Entrega nos meses de Outubro e Febreiro de dous boletíns de exercicios, cuestións e actividades de repaso que serán valoradas e aportarán un 30% á nota final. O prazo de entrega para o primeiro será a finais de Xaneiro e para o segundo a mediados de Abril.
- Realización de dúas probas parciais escritas nos meses de Febreiro e Abril que aportarán o 70% restante da nota (mediante a media aritmética de ambas cualificacións) e versarán sobre os contidos explicados repartidos proporcionalmente de acordo co propio alumnado pendente.

. Considerarase a materia aprobada se o alumnado acada unha cualificación igual ou superior a 5; en caso contrario terá lugar unha proba final global no mes de Maio en base aos CONTIDOS MÍNIMOS esixibles correspondentes ao curso de 3º ESO e xa anteriormente expostos. Tamén haberá unha proba extraordinaria no mes de Setembro se fose necesaria.

Os alumnos e alumnas poderán consultar calquera dúbida que lles xurda co xefe de Departamento nos períodos de recreo.

Avaliación inicial:deseño e medidas a adoptar

Ao comezo de cada curso e coa finalidade de adecuar as ensinanzas de cada materia ao alumnado e facilitar a progresión satisfactoria do seu proceso de aprendizaxe, o profesorado que imparta docencia no grupo realizará unha avaliación inicial, incidindo na obtención de información sobre os coñecementos previos do alumnado en cada unha das materias e o grao de desenvolvemento das competencias básicas. A avaliación incluírá a análise dos informes persoais da etapa ou curso anterior e completarse coa información obtida a través da persoa titora.

A avaliación inicial será o punto de referencia para a toma de decisións relativas ao desenvolvemento do currículo, así como para adoptar aquelas medidas de apoio, reforzo e recuperación que se consideren oportunas para cada alumna ou alumno. Será de grande importancia a coordinación de todo o profesorado que imparta docencia en cada grupo co fin de tomar medidas conxuntas que faciliten o progreso do alumnado.

DESEÑO:

Avaliación inicial 4 eso

Nome e apelidos:

- 1 Escribe en unidades del Sistema Internacional (S.I.) las siguientes medidas. Expresa el resultado en notación científica e indica en cada caso la magnitud medida.


Medida	Medida en unidades del S.I.	Notación científica	Magnitud medida
0,25 h			
71 cm			
1,6 mg			
13 °C			
3 cm ³			

- 2 Completa la siguiente tabla:

ELEMENTO	SÍMBOLO	Z	A	PROTONES	NEUTRONES	ELECTRONES	CARGA
	Ca ²⁺	20	40				
	P		31	15			0
	Al ³⁺	13	27				

3 Nombra los siguientes compuestos binarios
 Fe_2O_3 , BeO , MgH_2 , AlBr_3 , HF , Li_2O , CaF_2

4 Sea la siguiente reacción química:



4.a Ajusta la reacción química.

4.b Indica el estado de agregación en el que se encuentran los reactivos y productos implicados (sólido, líquido o gas).

4.c ¿El Na_2O es un compuesto iónico, covalente o metálico?


5. La siguiente gráfica “posición-tiempo” describe el movimiento que realiza un cuerpo móvil. Analiza la gráfica y responde a las siguientes preguntas:

8.a Velocidad del cuerpo móvil en el tramo AB.

8.b Velocidad del cuerpo móvil en el tramo CD.

8.c Distancia recorrida por el cuerpo móvil.

8.d Desplazamiento realizado por el cuerpo móvil.



MEDIDAS A ADOPTAR:

No caso de detectar algún caso de dificultades académicas de algún alumno, estudaremos e adoptaremos, se fose o caso, e sempre en coordinación co Departamento de Orientación:

- Establecer algún REFORZO para aqueles alumnos que así o precisen.
- Se fose preciso facer unha ACs esta sería deseñada a partir dos contidos mínimos contemplados na materia de Física e Química, ben centrándose só en eses mínimos ou incluso e excepcionalmente recortando algún deseS mínimos.

As medidas a adoptar en eses casos quedarán reflectidas nas actas do departamento se así fose preciso.

Plan de reforzo

Para recuperar os estándares non traballados no pasado curso debido ó confinamento, programouse a unidade 0 Electricidade: circuitos, que se desenvolvera nas tres primeiras semanas de clase, e na que se traballarán os estándares, aínda que se buscará sobre todo acadar o mínimo esixible debido á necesidade de condensar temporalmente ditos estándares para deseguido comezar xa coas unidades propias de terceiro.

A unidade 0 se traballará e avaliará coma unha unidade máis, e así ven detallada nos apartados de Currículo de 4 ESO e de Criterios de avaliación, cualificación e promoción.

Medidas de atención á diversidade

As estratexias curriculares de atención á diversidade que levarán a cabo serán:

- Establecer secuencias de contido que aseguren aprendizaxes básicas para todos e coñecementos de maior complexidade para algúns.
- Diseñar actividades de ensino-aprendizaxe variadas e con diferente nivel de dificultade.
- Establecer agrupamentos que permitan contextos de aprendizaxe colaborativos.
- Utilizar recursos e materiais diferenciados-gráficos, visuais, audiovisuais, informáticos- para contemplar os distintos tipos de aprendizaxe dos alumnos.
- Propor actividades de ampliación para aqueloutros que van diante na súa aprendizaxe. Serán traballos voluntarios para profundar sobre os temas obxecto de estudo da unidade didáctica que se entregarán na unidade didáctica posterior

- . Adaptación dos tempo e instrumentos de avaliación (formatos de exames, orais, maior tempo para realizalos, menos preguntas por folla, tipo test, poñer en negra as palabras clave...)
- Menos deberes para a casa, os necesarios para profundizar e asimilar os conceptos dados na aula
- Coordinación entre o profesorado
- Control das axendas
- Darlle a opción de presentar os traballos a ordenador(sobre todo no caso de alumnos con dislexia)
- Apoñarse nos compañeiros
- Ofrecerlles experiencias de éxito
- Todas aquelas medidas específicas para o alumnado TDAH, contempladas no protocolo.

Os alumnos con necesidades específicas de apoio educativo agrúpanse nas seguintes categorías:

Necesidades educativas especiais

Altas capacidades intelectuais

Incorporación tardía ao sistema escolar

Condicións persoais ou historia escolar

Dificultades de aprendizaxe específicas.

En colaboración co departamento de orientación levarán a cabo medidas curriculares extraordinarias como as adaptacións curriculares individuais ou os reforzos aos alumnos dos grupos anteriores que o necesiten.

Os alumnos con necesidades educativas especiais, que presenten discapacidade sensorial do tipo auditivo e visual serán tratados da seguinte forma: Nas deficiencias auditivas, procuraremos situalos nun lugar adecuado para que poidan levar a cabo, sen dificultade, a lectura labial e o acceso visual á información. Nas deficiencias visuais, procuraremos tamén adaptar os materiais, os espazos e os recursos, facilitándolle en todo momento a súa integración.

No desenvolvemento da actividade docente atoparémonos probablemente con alumnado con certas dificultades para acadar os obxectivos da materia. O profesorado aplicará medidas de reforzo educativo dentro da aula co fin de que este alumnado poida alcanzar o máximo desenvolvemento das súas capacidades persoais e os obxectivos e

competencias establecidos. Para poder atender axeitadamente a diversidade da aula, o alumnado traballará frecuentemente en grupos utilizando estruturas de aprendizaxe cooperativa que favorecen a axuda entre iguais. Por outra parte, propoñeranse actividades variadas que permitan atender os múltiples intereses, capacidades e motivacións dos alumnos e alumnas. Ademais, cando sexa necesario, prepararanse materiais de traballo que podan adecuar aos ritmos de aprendizaxe do alumnado, é dicir, materiais que sirvan para ampliar os coñecementos adquiridos do alumnado máis avantaxado e materias máis sinxelos que sirvan para reforzar os contidos mínimos para o alumnado con máis dificultades. Tamén ofrecerase atención individualizada ao alumnado que o precise ou requira para resolver dúbidas nalgún recreo. O profesorado, facendo uso da súa autonomía, adaptará as propostas dos protocolos sobre atención á diversidade elaborados pola Consellería de Educación e publicados en <http://www.edu.xunta.gal/portal/Educonvives.gal> á realidade do alumnado e do centro

Concreción dos elementos transversais a traballar durante o presente curso:

Contribución ao Plan TIC

A aplicación das tecnoloxías da información e a comunicación ao traballo da aula convértese nunha peza clave na educación e formación das novas xeracións. Trátase de que o alumnado, ao rematar a escolarización obrigatoria, acade unha competencia dixital. Esta competencia consiste en dispoñer de habilidades para buscar, obter, procesar e comunicar información, para transformala en coñecemento.

Entre as accións previstas polo departamento de Física e Química están as seguintes:

- Utilizaranse todos os recursos informáticos dispoñibles no centro (aula de informática, biblioteca, acceso a internet nas aulas) e fomentarse a utilización fora do instituto de todos os recursos informáticos ao alcance dos alumnos (na casa, cos compañeiros, na biblioteca pública da localidade...)
- Aprenderase a interpretar a información e a contrastala con outros soportes de información, facendo en definitiva dun modo atractivo e pedagóxico o achegamento a aprendizaxe a través destes medios.
- Proporanse proxectos e traballos a realizar individualmente ou en grupo para fomentar todos os materiais de información dispoñibles.
- Tratarase de acceder unha ou dúas veces mensuais a aula de informática e segundo o aproveitamento utilizarase con máis frecuencia este recurso.
- Desde o Departamento adoptaremos e colaboraremos en calquera outra medida proposta desde o Centro

Plan de convivencia

Dende o departamento de Física e Química tentaremos traballar en sintonía co Plan de Convivencia do centro e para iso na nosa materia traballaremos a prol dunha educación en valores baseada en temas como:

- Educación para a paz

- Educación moral e cívica
- Educación para a igualdade entre sexos.

Obxectivos:fixaremos como propios os obxectivos no Plan de Convivencia:

- Coñecer aspectos teóricos básicos da convivencia entre iguais, relacións profesor-alumno, a convivencia na interculturalidade e a convivencia na diferenza de xénero, utilizando unha linguaxe común.
- Implicarnos nos procesos de reflexión e acción que axuden a previr conflitos de convivencia no centro.
- Procurar ferramentas prácticas para a detección, a abordaxe e a resolución de conflitos de convivencia nos centros.
- Resolver, derivar ou notificar posibles situacións de desprotección ou de risco que se detecten por mor de conflitos que se dean no aula.
- Participar na adaptación e posta en marcha das accións establecidas no Plan de Convivencia.

Proxecto Lector

O plan anual de lectura e o proxecto lector de centro garantirán a paulatina capacitación do alumnado nas competencias básicas que se pretenden, de cara a súa formación como cidadáns activos e solidarios.

A formación da lectura comprensiva esixe, pola súa vez, un traballo progresivo e continuado. Traballarase con todo tipo de textos tanto en soporte impreso como electrónico.

O procedemento a levar a cabo polo departamento de Física e Química nas materias integradas nel será o seguinte:

- Dedicaremos un tempo a lectura de algún artigo ou texto relacionado coa mesma, fomentando tamén a busca de noticias relacionadas no xornal aos que eles teñen acceso nos seus domicilios.
- Se nalgún momento así o consideramos incluiremos a posibilidade de facilitar algún libro de lectura aos alumnos de carácter voluntario e/ou obrigatorio
- Colaboraremos desde a nosa materia na "hora de lectura" proposta desde a Biblioteca do centro.

Actividade complementarias e extraescolares

Contemplase inicialmente a posibilidade de levar a cabo conxuntamente con outros departamentos, dependendo das posibilidades que se vaian tendo ó longo do curso e sobre todo da situación sanitaria da comunidade e do propio centro.

Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas e procesos de mellora.

Avaliación da programación didáctica

Indicadores

	Escala			
	1	2	3	4
1. Adecuación do deseño das unidades didácticas, temas ou proxectos a partir dos elementos do currículo.				
2. Adecuación da secuenciación e da temporalización das unidades didácticas / temas / proxectos.				
3. O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e a temporalización previstas.				
4. Adecuación da secuenciación dos estándares para cada unha das unidades, temas ou proxectos.				
5. Adecuación do grao mínimo de consecución fixado para cada estándar.				

6. Vinculación de cada estándar a un ou varios instrumentos para a súa avaliación.				
7. Fixación dunha estratexia metodolóxica común para todo o departamento.				
8. Adecuación da secuencia de traballo na aula.				
9. Adecuación dos materiais didácticos utilizados.				
10. Adecuación do libro de texto				
11. Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua: probas, traballos, etc.				
12. Adecuación dos exames, tendo en conta os estándares				
13. Adecuación dos programas de apoio, recuperación, etc. vinculados aos estándares.				
14. Adecuación das medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE.				
15. Grao de desenvolvemento das actividades complementarias e extraescolares previstas.				
16. Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre os criterios de promoción.				
17. Adecuación do seguimento e da revisión da programación ao longo do curso.				
18. Contribución desde a materia ao plan de lectura do centro.				
19. Grao de integración das TIC no desenvolvemento da materia.				

- Propostas de Mellora

- Comezar a materia no mes de setembro repasando aspectos básicos coma cambios de unidades, emprego da calculadora científica, comprensión dos termos máis básicos empregados en física e química, operacións matemáticas básicas, etc
- Procurar unha avaliación máis personalizada, indagando máis na progresión de cada alumno, a partir das dificultades atopadas nos primeiros intres do curso
- Manter reunión individuais cos alumnos para comentar as súas notas en tódalas probas realizadas, informándolles do que conseguiron facer ben e do que necesitan mellorar. Para iso, se lle dará unha maior importancia á corrección conxunta na clase dos exames, e sobre todo ó repaso na clase das rúbricas tanto de laboratorio coma de traballos de investigación, para que sexan capaces de coñecer o que teñen que saber facer.
- Estreitar a relación cos titores de cada curso, mantendo a boa dinámica que se tivo

PROGRAMACIÓN FÍSICA E QUÍMICA 1 BACHARELATO

Introducción e contextualización

Neste curso 20-21, a pandemia derivada do Covid fai que teñamos que programar tendo en conta os diferentes posibles escenarios que se poden dar (presencial, semipresencial e online). Debido a isto, ó longo da programación irase matizando as posibles adaptacións na metodoloxía e na avaliación derivadas da pandemia.

A aprendizaxe da física e da química resulta imprescindible para permitir ao alumnado analizar con coñecemento de causa os problemas de orixe científica e tecnolóxica que se formulan na sociedade, así como participar no debate que suscitan e dar a resposta que corresponda como cidadanía responsable. Contribúe a promover no alumnado a adquisición das competencias necesarias para que poida integrarse na sociedade de xeito activo. Como materia científica, Física e Química ten o compromiso engado de dotar o alumnado de ferramentas específicas que lle permitan afrontar o futuro con garantías, participando no desenvolvemento económico e social ao que está ligada a capacidade científica, tecnolóxica e innovadora da propia sociedade. A materia de Física e Química debe capacitar os alumnos e alumnas para extraeren e comu-

nicaren conclusións a partir de probas científicas, formularen preguntas que a ciencia poida responder e explicaren cientificamente fenómenos físicos e naturais. Neste curso, a materia de Física e Química conta con 8 bloques de contidos: un que se traballa transversalmente ao longo de todo o curso, 4 de Química e 3 de Física.

A materia e o desenvolvemento das competencias clave

Segundo a LOMCE defínense as competencias clave como as capacidades para aplicar de xeito integrado os contidos propios de cada ensinanza e etapa educativa, co fin de lograr a realización adecuada de actividades e a resolución eficaz de problemas complexos.

A contribución desde a materia de Física e Química de 1 Bacharelato cara a consecución das competencias clave quedan expresadas no seguinte cadro resumo no cal se relacionan as competencias cos estándares de aprendizaxe:

CÓD	COMPETENCIA
CAA	Competencia aprender a aprender.
CCEC	Conciencia e expresións culturais.
CCL	Comunicación lingüística.
CD	Competencia dixital.
CMCCT	Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.
CSC	Competencias sociais e cívicas.
CSIEE	Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.

PERFIL COMPETENCIAL EN BRUTO CON TÓDOLOS ESTÁNDARES

Competencia Clave:	Aprender a aprender
--------------------	---------------------

Nivel	Área	Estándares
-------	------	------------

1 bach	FQ	FQB1.1.1. Aplica habilidades necesarias para a investigación científica: fai preguntas, identifica problemas, recolle datos, realiza experiencias, diseña e argumenta estratexias de resolución de problemas, utiliza modelos e leis, revisa o proceso e obtén conclusións.
1 bach	FQ	FQB1.1.2. Resolve exercicios numéricos e expresa o valor das magnitudes empregando a notación científica, estima os erros absoluto e relativo asociados e contextualiza os resultados.
1 bach	FQ	FQB1.1.5. Elabora e interpreta representacións gráficas de procesos físicos e químicos a partir dos datos obtidos en experiencias de laboratorio ou virtuais, e relaciona os resultados obtidos coas ecuacións que representan as leis e os principios subxacentes.
1 bach	FQ	FQB1.1.6. A partir dun texto científico, extrae e interpreta a información, e argumenta con rigor e precisión, utilizando a terminoloxía adecuada.
1 bach	FQ	FQB1.2.2. Establece os elementos esenciais para o deseño, a elaboración e a defensa dun proxecto de investigación, sobre un tema de actualidade científica, vinculado coa física ou a química, utilizando preferentemente as TIC.
1 bach	FQ	FQB1.3.1. Realiza de xeito cooperativo ou colaborativo algunhas tarefas propias da investigación científica: procura de información, prácticas de laboratorio ou pequenos proxectos de investigación.

PERFIL COMPETENCIAL EN BRUTO CON TÓDOLOS ESTÁNDARES

Competencia Clave:		Competencia Dixital
Nivel	Área	Estándares
1 bach	FQ	FQB1.1.5. Elabora e interpreta representacións gráficas de procesos físicos e químicos a partir dos datos obtidos en experiencias de laboratorio ou virtuais, e relaciona os resultados obtidos coas ecuacións que representan as leis e os principios subxacentes.

1 bach	FQ	FQB1.2.1. Emprega aplicacións virtuais interactivas para simular experimentos físicos de difícil realización no laboratorio.
1 bach	FQ	FQB1.2.2. Establece os elementos esenciais para o deseño, a elaboración e a defensa dun proxecto de investigación, sobre un tema de actualidade científica, vinculado coa física ou a química, utilizando preferentemente as TIC.
1 bach	FQ	FQB1.3.1. Realiza de xeito cooperativo ou colaborativo algunhas tarefas propias da investigación científica: procura de información, prácticas de laboratorio ou pequenos proxectos de investigación.
1 bach	FQ	FQB6.8.3. Emprega simulacións virtuais interactivas para resolver supostos prácticos reais, determinando condicións iniciais, traxectorias e puntos de encontro dos corpos implicados.

PERFIL COMPETENCIAL EN BRUTO CON TÓDOLOS ESTÁNDARES

Competencia Clave:		Comunicación Lingüística
Nivel	Área	Estándares
1 bach	FQ	FQB1.1.1. Aplica habilidades necesarias para a investigación científica: fai preguntas, identifica problemas, recolle datos, realiza experiencias, diseña e argumenta estratexias de resolución de problemas, utiliza modelos e leis, revisa o proceso e obtén conclusións.
1 bach	FQ	FQB1.1.5. Elabora e interpreta representacións gráficas de procesos físicos e químicos a partir dos datos obtidos en experiencias de laboratorio ou virtuais, e relaciona os resultados obtidos coas ecuacións que representan as leis e os principios subxacentes.
1 bach	FQ	FQB1.1.6. A partir dun texto científico, extrae e interpreta a información, e argumenta con rigor e precisión, utilizando a terminoloxía adecuada.

1 bach	FQ	FQB1.2.2. Establece os elementos esenciais para o deseño, a elaboración e a defensa dun proxecto de investigación, sobre un tema de actualidade científica, vinculado coa física ou a química, utilizando preferentemente as TIC.
1 bach	FQ	FQB1.3.1. Realiza de xeito cooperativo ou colaborativo algunhas tarefas propias da investigación científica: procura de información, prácticas de laboratorio ou pequenos proxectos de investigación.
1 bach	FQ	FQB4.8.1. Analiza as consecuencias do uso de combustibles fósiles, relacionando as emisións de CO2 co seu efecto na calidade de vida, o efecto invernadoiro, o quecemento global, a redución dos recursos naturais e outros, a partir de distintas fontes de información, e propón actitudes sustentables para reducir estes efectos.
1 bach	FQ	FQB5.6.1. A partir dunha fonte de información, elabora un informe no que se analice e xustifique a importancia da química do carbono e a súa incidencia na calidade de vida
1 bach	FQ	FQB6.9.1. Deseña, realiza e describe experiencias que poñan de manifesto o movemento harmónico simple (MHS) e determina as magnitudes involucradas.

PERFIL COMPETENCIAL EN BRUTO CON TÓDOLOS ESTÁNDARES

Competencia Clave:		Conciencia e expresións culturais
Nivel	Área	Estándares
1 bach	FQ	FQB3.5.1. Analiza a importancia e a necesidade da investigación científica aplicada ao desenvolvemento de novos materiais, e a súa repercusión na calidade de vida, a partir de fontes de información científica.
1 bach	FQ	FQB7.6.2. Describe o movemento orbital dos planetas do Sistema Solar aplicando as leis de Kepler e extrae conclusións acerca do período orbital destes.

PERFIL COMPETENCIAL EN BRUTO CON TÓDOLOS ESTÁNDARES

Competencia Clave:		Matemática, ciencia e tecnoloxía
Nivel	Área	Estándares
1 bach	FQ	. FQB1.1.1. Aplica habilidades necesarias para a investigación científica: fai preguntas, identifica problemas, recolle datos, realiza experiencias, diseña e argumenta estratexias de resolución de problemas, utiliza modelos e leis, revisa o proceso e obtén conclusións.
1 bach	FQ	FQB1.1.2. Resolve exercicios numéricos e expresa o valor das magnitudes empregando a notación científica, estima os erros absoluto e relativo asociados e contextualiza os resultados.
1 bach	FQ	FQB1.1.3. Efectúa a análise dimensional das ecuacións que relacionan as magnitudes nun proceso físico ou químico.
1 bach	FQ	FQB1.1.4. Distingue magnitudes escalares e vectoriais, e opera adecuadamente con elas.
1 bach	FQ	FQB1.1.5. Elabora e interpreta representacións gráficas de procesos físicos e químicos a partir dos datos obtidos en experiencias de laboratorio ou virtuais, e relaciona os resultados obtidos coas ecuacións que representan as leis e os principios subxacentes.
1 bach	FQ	FQB1.1.6. A partir dun texto científico, extrae e interpreta a información, e argumenta con rigor e precisión, utilizando a terminoloxía adecuada.
1 bach	FQ	FQB1.2.1. Emprega aplicacións virtuais interactivas para simular experimentos físicos de difícil realización no laboratorio.
1 bach	FQ	FQB1.2.2. Establece os elementos esenciais para o deseño, a elaboración e a defensa dun proxecto de investigación, sobre un tema de actualidade científica, vinculado coa física ou a química, utilizando preferentemente as TIC.

1 bach	FQ	FQB1.3.1. Realiza de xeito cooperativo ou colaborativo algunhas tarefas propias da investigación científica: procura de información, prácticas de laboratorio ou pequenos proxectos de investigación.
1 bach	FQ	<ul style="list-style-type: none"> ▪ FQB2.1.1. Xustifica a teoría atómica de Dalton e a descontinuidade da materia a partir das leis fundamentais da química, e exemplifícao con reaccións.
1 bach	FQ	<ul style="list-style-type: none"> ▪ FQB2.2.1. Determina as magnitudes que definen o estado dun gas aplicando a ecuación de estado dos gases ideais.
1 bach	FQ	<ul style="list-style-type: none"> ▪ FQB2.2.2. Explica razoadamente a utilidade e as limitacións da hipótese do gas ideal.
1 bach	FQ	<ul style="list-style-type: none"> ▪ FQB2.3.1. Determina presións totais e parciais dos gases dunha mestura, relacionando a presión total dun sistema coa fracción molar e a ecuación de estado dos gases ideais.
1 bach	FQ	<ul style="list-style-type: none"> ▪ FQB2.3.2. Relaciona a fórmula empírica e molecular dun composto coa súa composición centesimal, aplicando a ecuación de estado dos gases ideais.
1 bach	FQ	<ul style="list-style-type: none"> ▪ FQB2.4.1. Expresa a concentración dunha disolución en g/L, mol/L, porcentaxe en peso e en volume; leva a cabo e describe o procedemento de preparación no laboratorio de disolucións dunha concentración determinada e realiza os cálculos necesarios, tanto para o caso de solutos en estado sólido como a partir doutra de concentración coñecida.
1 bach	FQ	<ul style="list-style-type: none"> ▪ FQB2.5.1. Experimenta e interpreta a variación das temperaturas de fusión e ebulición dun líquido ao que se lle engade un soluto, relacionándoo con algún proceso de interese no contorno.
1 bach	FQ	<ul style="list-style-type: none"> ▪ FQB2.5.2. Utiliza o concepto de presión osmótica para describir o paso de ións a través dunha membrana semipermeable.
1 bach	FQ	<ul style="list-style-type: none"> ▪ FQB2.6.1. Calcula a masa atómica dun elemento a partir dos datos espectrométricos obtidos para os diferentes isótopos deste.
1	FQ	<ul style="list-style-type: none"> ▪ FQB2.7.1. Describe as aplicacións da espectroscopía na identificación de elementos e compostos.

bach		
1 bach	FQ	<ul style="list-style-type: none"> ▪ FQB3.1.1. Escribe e axusta e realiza ecuacións químicas sinxelas de distinto tipo (neutralización, oxidación, síntese) e de interese bioquímico ou industrial.
1 bach	FQ	<ul style="list-style-type: none"> ▪ FQB3.2.1. Interpreta unha ecuación química en termos de cantidade de materia, masa, número de partículas ou volume, para realizar cálculos estequiométricos nela.
1 bach	FQ	<ul style="list-style-type: none"> ▪ FQB3.2.2. Realiza os cálculos estequiométricos aplicando a lei de conservación da masa a distintas reaccións.
1 bach	FQ	<ul style="list-style-type: none"> ▪ FQB3.2.3. Efectúa cálculos estequiométricos nos que interveñan compostos en estado sólido, líquido ou gasoso, ou en disolución en presenza dun reactivo limitante ou un reactivo impuro.
1 bach	FQ	<ul style="list-style-type: none"> ▪ FQB3.2.4. Aplica o rendemento dunha reacción na realización de cálculos estequiométricos.
1 bach	FQ	<ul style="list-style-type: none"> ▪ FQB3.3.1. Describe o proceso de obtención de produtos inorgánicos de alto valor engadido, analizando o seu interese industrial.
1 bach	FQ	<ul style="list-style-type: none"> ▪ FQB3.4.1. Explica os procesos que teñen lugar nun alto forno, e escribe e xustifica as reaccións químicas que se producen nel.
1 bach	FQ	<ul style="list-style-type: none"> ▪ FQB3.4.2. Argumenta a necesidade de transformar o ferro de fundición en aceiro, distinguindo entre ambos os produtos segundo a porcentaxe de carbono que conteñan.
1 bach	FQ	<ul style="list-style-type: none"> ▪ FQB3.4.3. Relaciona a composición dos tipos de aceiro coas súas aplicacións.
1 bach	FQ	<ul style="list-style-type: none"> ▪ FQB4.1.1. Relaciona a variación da enerxía interna nun proceso termodinámico coa calor absorbida ou desprendida e o traballo realizado no proceso.

1 bach	FQ	<ul style="list-style-type: none"> ▪ FQB4.2.1. Explica razoadamente o procedemento para determinar o equivalente mecánico da calor tomando como referente aplicacións virtuais interactivas asociadas ao experimento de Joule.
1 bach	FQ	<ul style="list-style-type: none"> ▪ FQB4.3.1. Expresa as reaccións mediante ecuacións termoquímicas debuxando e interpretando os diagramas entálpicos asociados.
1 bach	FQ	<ul style="list-style-type: none"> ▪ FQB4.4.1. Calcula a variación de entalpía dunha reacción aplicando a lei de Hess, coñecendo as entalpías de formación ou as enerxías de ligazón asociadas a unha transformación química dada, e interpreta o seu signo.
1 bach	FQ	<ul style="list-style-type: none"> ▪ FQB4.5.1. Predí a variación de entropía nunha reacción química dependendo da molecularidade e do estado dos compostos que interveñen.
1 bach	FQ	<ul style="list-style-type: none"> ▪ FQB4.6.1. Identifica a enerxía de Gibbs coa magnitude que informa sobre a espontaneidade dunha reacción química.
1 bach	FQ	<ul style="list-style-type: none"> ▪ FQB4.6.2. Xustifica a espontaneidade dunha reacción química en función dos factores entálpicos, antrópicos e da temperatura.
1 bach	FQ	<ul style="list-style-type: none"> ▪ FQB4.7.1. Expón situacións reais ou figuradas en que se poña de manifesto o segundo principio da termodinámica, asociando o concepto de entropía coa irreversibilidade dun proceso.
1 bach	FQ	<ul style="list-style-type: none"> ▪ FQB4.7.2. Relaciona o concepto de entropía coa espontaneidade dos procesos irreversibles.
1 bach	FQ	<ul style="list-style-type: none"> ▪ FQB4.8.1. Analiza as consecuencias do uso de combustibles fósiles, relacionando as emisións de CO₂ co seu efecto na calidade de vida, o efecto invernadoiro, o quecemento global, a redución dos recursos naturais e outros, a partir de distintas fontes de información, e propón actitudes sustentables para reducir estes efectos.
1 bach	FQ	<ul style="list-style-type: none"> ▪ FQB5.1.1. Formula e nomea segundo as normas da IUPAC hidrocarburos de cadea aberta e pechada, e derivados aromáticos.
1	FQ	<ul style="list-style-type: none"> ▪ FQB5.2.1. Formula e nomea segundo as normas da IUPAC compostos orgánicos sinxelos cunha función osixenada ou nitroxenada.

bach		
1 bach	FQ	▪ FQB5.3.1. Representa os isómeros dun composto orgánico.
1 bach	FQ	▪ FQB5.4.1. Describe o proceso de obtención do gas natural e dos derivados do petróleo a nivel industrial, e a súa repercusión ambiental.
1 bach	FQ	▪ FQB5.4.2. Explica a utilidade das fraccións do petróleo.
1 bach	FQ	▪ FQB5.5.1. Identifica as formas alotrópicas do carbono relacionándoas coas propiedades fisicoquímicas e as súas posibles aplicacións.
1 bach	FQ	▪ FQB5.6.1. A partir dunha fonte de información, elabora un informe no que se analice e xustifique a importancia da química do carbono e a súa incidencia na calidade de vida
1 bach	FQ	▪ FQB5.6.2. Relaciona as reaccións de condensación e combustión con procesos que ocorren a nivel biolóxico.
1 bach	FQ	▪ FQB6.1.1. Analiza o movemento dun corpo en situacións cotiás razoando se o sistema de referencia elixido é inercial ou non inercial.
1 bach	FQ	▪ FQB6.1.2. Xustifica a viabilidade dun experimento que distinga se un sistema de referencia se acha en repouso ou se move con velocidade constante.
1 bach	FQ	▪ FQB6.2.1. Describe o movemento dun corpo a partir dos seus vectores de posición, velocidade e aceleración nun sistema de referencia dado.
1 bach	FQ	▪ FQB6.3.1. Obtén as ecuacións que describen a velocidade e a aceleración dun corpo a partir da expresión do vector de posición en función do tempo.

1 bach	FQ	<ul style="list-style-type: none"> ▪ FQB6.3.2. Resolve exercicios prácticos de cinemática en dúas dimensións (movemento dun corpo nun plano) aplicando as ecuacións dos movementos rectilíneo uniforme (MRU) e movemento rectilíneo uniformemente acelerado (MRUA).
1 bach	FQ	<ul style="list-style-type: none"> ▪ FQB6.3.3. Realiza e describe experiencias que permitan analizar os movementos rectilíneo ou circular, e determina as magnitudes involucradas.
1 bach	FQ	<ul style="list-style-type: none"> ▪ FQB6.4.1. Interpreta as gráficas que relacionan as variables implicadas nos movementos MRU, MRUA e circular uniforme (MCU) aplicando as ecuacións adecuadas para obter os valores do espazo percorrido, a velocidade e a aceleración.
1 bach	FQ	<ul style="list-style-type: none"> ▪ FQB6.5.1. Formulado un suposto, identifica o tipo ou os tipos de movementos implicados, e aplica as ecuacións da cinemática para realizar predicións acerca da posición e a velocidade do móbil.
1 bach	FQ	<ul style="list-style-type: none"> ▪ FQB6.6.1. Identifica as compoñentes intrínsecas da aceleración en casos prácticos e aplica as ecuacións que permiten determinar o seu valor.
1 bach	FQ	<ul style="list-style-type: none"> ▪ FQB6.7.1. Relaciona as magnitudes lineais e angulares para un móbil que describe unha traxectoria circular, establecendo as ecuacións correspondentes.
1 bach	FQ	<ul style="list-style-type: none"> ▪ FQB6.8.1. Recoñece movementos compostos, establece as ecuacións que os describen, e calcula o valor de magnitudes tales como alcance e altura máxima, así como valores instantáneos de posición, velocidade e aceleración.
1 bach	FQ	<ul style="list-style-type: none"> ▪ FQB6.8.2. Resolve problemas relativos á composición de movementos descompoñéndoo en dous movementos rectilíneos.
1 bach	FQ	<ul style="list-style-type: none"> ▪ FQB6.8.3. Emprega simulacións virtuais interactivas para resolver supostos prácticos reais, determinando condicións iniciais, traxectorias e puntos de encontro dos corpos implicados.
1 bach	FQ	<ul style="list-style-type: none"> ▪ FQB6.9.1. Deseña, realiza e describe experiencias que poñan de manifesto o movemento harmónico simple (MHS) e determina as magnitudes involucradas.

1 bach	FQ	▪ FQB6.9.2. Interpreta o significado físico dos parámetros que aparecen na ecuación do movemento harmónico simple.
1 bach	FQ	▪ FQB6.9.3. Predí a posición dun oscilador harmónico simple coñecendo a amplitude, a frecuencia, o período e a fase inicial.
1 bach	FQ	▪ FQB6.9.4. Obtén a posición, velocidade e aceleración nun movemento harmónico simple aplicando as ecuacións que o describen.
1 bach	FQ	▪ FQB6.9.5. Analiza o comportamento da velocidade e da aceleración dun movemento harmónico simple en función da elongación.
1 bach	FQ	▪ FQB6.9.6. Representa graficamente a posición, a velocidade e a aceleración do movemento harmónico simple (MHS) en función do tempo, comprobando a súa periodicidade.
1 bach	FQ	▪ FQB7.1.1. Representa todas as forzas que actúan sobre un corpo, obtendo a resultante e extraendo consecuencias sobre o seu estado de movemento.
1 bach	FQ	▪ FQB7.1.2. Debuxa o diagrama de forzas dun corpo situado no interior dun ascensor en diferentes situacións de movemento, calculando a súa aceleración a partir das leis da dinámica.
1 bach	FQ	▪ FQB7.2.1. Calcula o módulo do momento dunha forza en casos prácticos sinxelos.
1 bach	FQ	▪ FQB7.2.2. Resolve supostos nos que aparezan forzas de rozamento en planos horizontais ou inclinados, aplicando as leis de Newton.
1 bach	FQ	▪ FQB7.2.3. Relaciona o movemento de varios corpos unidos mediante cordas tensas e poleas coas forzas que actúan sobre cada corpo.
1 bach	FQ	▪ FQB7.3.1. Determina experimentalmente a constante elástica dun resorte aplicando a lei de Hooke e calcula a frecuencia coa que oscila unha masa

		coñecida unida a un extremo do citado resorte.
1 bach	FQ	▪ FQB7.3.2. Demostra que a aceleración dun movemento harmónico simple (MHS) é proporcional ao desprazamento empregando a ecuación fundamental da dinámica.
1 bach	FQ	▪ FQB7.3.3. Estima o valor da gravidade facendo un estudo do movemento do péndulo simple.
1 bach	FQ	▪ FQB7.4.1. Establece a relación entre impulso mecánico e momento lineal aplicando a segunda lei de Newton.
1 bach	FQ	▪ FQB7.4.2. Explica o movemento de dous corpos en casos prácticos como colisións e sistemas de propulsión mediante o principio de conservación do momento lineal.
1 bach	FQ	▪ FQB7.5.1. Aplica o concepto de forza centrípeta para resolver e interpretar casos de móbiles en curvas e en traxectorias circulares.
FQB1.1.6. A partir dun texto científico, extrae e interpreta a información, e argumenta con rigor e precisión, utilizando a terminoloxía adecuada.	X	X	X
FQB1.2.1. Emprega aplicacións virtuais interactivas para simular experimentos físicos de difícil realización no laboratorio.	X	X	X
FQB1.2.2. Establece os elementos esenciais para o deseño, a elaboración e a defensa dun proxecto de investigación, sobre un tema de actualidade científica, vinculado coa física ou a química, utilizando preferentemente as TIC.	X	X	X
FQB1.3.1. Realiza de xeito cooperativo ou colaborativo algunhas tarefas propias da investigación científica: procura de información, prácticas de laboratorio ou pequenos proxectos de investigación.	X	X	X
▪ FQB2.1.1. Xustifica a teoría atómica de Dalton e a descontinuidade da materia a partir das leis fundamentais da química, e exemplifícao con reaccións.	X		
▪ FQB2.2.1. Determina as magnitudes que definen o estado dun gas aplicando a ecuación de estado dos gases ideais.	X		
▪ FQB2.2.2. Explica razoadamente a utilidade e as limitacións da hipótese do gas ideal.	X		
▪ FQB2.3.1. Determina presións totais e parciais dos gases dunha mestura, relacionando a presión total dun sistema coa fracción molar e a ecuación de estado dos gases ideais.	X		
▪ FQB2.3.2. Relaciona a fórmula empírica e molecular dun composto coa súa composición centesimal, aplicando a ecuación de estado dos gases ideais.	X		

▪ FQB2.4.1. Expresa a concentración dunha disolución en g/L, mol/L, porcentaxe en peso e en volume; leva a cabo e describe o procedemento de preparación no laboratorio de disolucións dunha concentración determinada e realiza os cálculos necesarios, tanto para o caso de solutos en estado sólido como a partir doutra de concentración coñecida.	X		
▪ FQB2.5.1. Experimenta e interpreta a variación das temperaturas de fusión e ebulición dun líquido ao que se lle engade un soluto, relacionándoo con algún proceso de interese no contorno.	X		
▪ FQB2.5.2. Utiliza o concepto de presión osmótica para describir o paso de ións a través dunha membrana semipermeable.	X		
▪ FQB2.6.1. Calcula a masa atómica dun elemento a partir dos datos espectrométricos obtidos para os diferentes isótopos deste.	X		
▪ FQB2.7.1. Describe as aplicacións da espectroscopía na identificación de elementos e compostos.	X		
▪ FQB3.1.1. Escribe e axusta e realiza ecuacións químicas sinxelas de distinto tipo (neutralización, oxidación, síntese) e de interese bioquímico ou industrial.	X		
▪ FQB3.2.1. Interpreta unha ecuación química en termos de cantidade de materia, masa, número de partículas ou volume, para realizar cálculos estequiométricos nela.	X		
▪ FQB3.2.2. Realiza os cálculos estequiométricos aplicando a lei de conservación da masa a distintas reaccións.	X		
▪ FQB3.2.3. Efectúa cálculos estequiométricos nos que interveñan compostos en estado sólido, líquido ou gasoso, ou en disolución en presenza dun reactivo limitante ou un reactivo impuro.	X		
▪ FQB3.2.4. Aplica o rendemento dunha reacción na realización de cálculos estequiométricos.	X		
▪ FQB3.3.1. Describe o proceso de obtención de produtos inorgánicos de alto valor engadido, analizando o seu interese industrial.	x		
▪ FQB3.4.1. Explica os procesos que teñen lugar nun alto forno, e escribe e xustifica as reaccións químicas que se producen nel.	x		
▪ FQB3.4.2. Argumenta a necesidade de transformar o ferro de fundición en aceiro, distinguindo entre ambos os produtos segundo a porcentaxe de carbono que conteñan.	x		
▪ FQB3.4.3. Relaciona a composición dos tipos de aceiro coas súas aplicacións.	x		

▪ FQB4.1.1. Relaciona a variación da enerxía interna nun proceso termodinámico coa calor absorbida ou desprendida e o traballo realizado no proceso.		X	
▪ FQB4.2.1. Explica razoadamente o procedemento para determinar o equivalente mecánico da calor tomando como referente aplicacións virtuais interactivas asociadas ao experimento de Joule.		X	
▪ FQB4.3.1. Expresa as reaccións mediante ecuacións termoquímicas debuxando e interpretando os diagramas entálpicos asociados.		X	
▪ FQB4.4.1. Calcula a variación de entalpía dunha reacción aplicando a lei de Hess, coñecendo as entalpías de formación ou as enerxías de ligazón asociadas a unha transformación química dada, e interpreta o seu signo.		X	
▪ FQB4.5.1. Predí a variación de entropía nunha reacción química dependendo da molecularidade e do estado dos compostos que interveñen.		X	
▪ FQB4.6.1. Identifica a enerxía de Gibbs coa magnitude que informa sobre a espontaneidade dunha reacción química.		X	
▪ FQB4.6.2. Xustifica a espontaneidade dunha reacción química en función dos factores entálpicos, antrópicos e da temperatura.		X	
▪ FQB4.7.1. Expón situacións reais ou figuradas en que se poña de manifesto o segundo principio da termodinámica, asociando o concepto de entropía coa irreversibilidade dun proceso.		X	
▪ FQB4.7.2. Relaciona o concepto de entropía coa espontaneidade dos procesos irreversibles.		X	
▪ FQB4.8.1. Analiza as consecuencias do uso de combustibles fósiles, relacionando as emisións de CO ₂ co seu efecto na calidade de vida, o efecto invernadoiro, o quecemento global, a redución dos recursos naturais e outros, a partir de distintas fontes de información, e propón actitudes sustentables para reducir estes efectos.		X	
▪ FQB5.1.1. Formula e nomea segundo as normas da IUPAC hidrocarburos de cadea aberta e pechada, e derivados aromáticos.		X	
▪ FQB5.2.1. Formula e nomea segundo as normas da IUPAC compostos orgánicos sinxelos cunha función osixenada ou nitroxenada.		X	
▪ FQB5.3.1. Representa os isómeros dun composto orgánico.		X	
▪ FQB5.4.1. Describe o proceso de obtención do gas natural e dos derivados do petróleo a nivel industrial, e a súa repercusión ambiental.		X	X

▪ FQB5.4.2. Explica a utilidade das fraccións do petróleo.		X	X
▪ FQB5.5.1. Identifica as formas alotrópicas do carbono relacionándoas coas propiedades fisicoquímicas e as súas posibles aplicacións.		X	X
▪ FQB5.6.1. A partir dunha fonte de información, elabora un informe no que se analice e xustifique a importancia da química do carbono e a súa incidencia na calidade de vida		X	X
▪ FQB5.6.2. Relaciona as reaccións de condensación e combustión con procesos que ocorren a nivel biolóxico.		X	X
▪ FQB6.1.1. Analiza o movemento dun corpo en situacións cotiás razoando se o sistema de referencia elixido é inercial ou non inercial.		X	X
▪ FQB6.1.2. Xustifica a viabilidade dun experimento que distinga se un sistema de referencia se acha en repouso ou se move con velocidade constante.		X	X
▪ FQB6.2.1. Describe o movemento dun corpo a partir dos seus vectores de posición, velocidade e aceleración nun sistema de referencia dado.		X	X
▪ FQB6.3.1. Obtén as ecuacións que describen a velocidade e a aceleración dun corpo a partir da expresión do vector de posición en función do tempo.		X	X
▪ FQB6.3.2. Resolve exercicios prácticos de cinemática en dúas dimensións (movemento dun corpo nun plano) aplicando as ecuacións dos movementos rectilíneo uniforme (MRU) e movemento rectilíneo uniformemente acelerado (MRUA).		X	X
▪ FQB6.3.3. Realiza e describe experiencias que permitan analizar os movementos rectilíneo ou circular, e determina as magnitudes involucradas.		X	X
▪ FQB6.4.1. Interpreta as gráficas que relacionan as variables implicadas nos movementos MRU, MRUA e circular uniforme (MCU) aplicando as ecuacións adecuadas para obter os valores do espazo percorrido, a velocidade e a aceleración.		X	X
▪ FQB6.5.1. Formulado un suposto, identifica o tipo ou os tipos de movementos implicados, e aplica as ecuacións da cinemática para realizar predicións acerca da posición e a velocidade do móbil.		X	X
▪ FQB6.6.1. Identifica as compoñentes intrínsecas da aceleración en casos prácticos e aplica as ecuacións que permiten determinar o seu valor.		X	X
▪ FQB6.7.1. Relaciona as magnitudes lineais e angulares para un móbil que describe unha traxectoria circular, establecendo as ecuacións correspondentes.		X	X
▪ FQB6.8.1. Recoñece movementos compostos, establece as ecuacións que os describen, e calcula o valor de magnitudes tales como alcance e altura		X	X

máxima, así como valores instantáneos de posición, velocidade e aceleración.			
▪ FQB6.8.2. Resolve problemas relativos á composición de movementos descompoñéndoos en dous movementos rectilíneos.		X	X
▪ FQB6.8.3. Emprega simulacións virtuais interactivas para resolver supostos prácticos reais, determinando condicións iniciais, traxectorias e puntos de encontro dos corpos implicados.		X	X
▪ FQB6.9.1. Deseña, realiza e describe experiencias que poñan de manifesto o movemento harmónico simple (MHS) e determina as magnitudes involucradas.		X	X
▪ FQB6.9.2. Interpreta o significado físico dos parámetros que aparecen na ecuación do movemento harmónico simple.		X	X
▪ FQB6.9.3. Predí a posición dun oscilador harmónico simple coñecendo a amplitude, a frecuencia, o período e a fase inicial.		X	
▪ FQB6.9.4. Obtén a posición, velocidade e aceleración nun movemento harmónico simple aplicando as ecuacións que o describen.		X	
▪ FQB6.9.5. Analiza o comportamento da velocidade e da aceleración dun movemento harmónico simple en función da elongación.		X	
▪ FQB6.9.6. Representa graficamente a posición, a velocidade e a aceleración do movemento harmónico simple (MHS) en función do tempo, comprobando a súa periodicidade.		X	
▪ FQB7.1.1. Representa todas as forzas que actúan sobre un corpo, obtendo a resultante e extraendo consecuencias sobre o seu estado de movemento.			X
▪ FQB7.1.2. Debuxa o diagrama de forzas dun corpo situado no interior dun ascensor en diferentes situacións de movemento, calculando a súa aceleración a partir das leis da dinámica.			X
▪ FQB7.2.1. Calcula o módulo do momento dunha forza en casos prácticos sinxelos.			X
▪ FQB7.2.2. Resolve supostos nos que aparezan forzas de rozamento en planos horizontais ou inclinados, aplicando as leis de Newton.			X
▪ FQB7.2.3. Relaciona o movemento de varios corpos unidos mediante cordas tensas e poleas coas forzas que actúan sobre cada corpo.			X
▪ FQB7.3.1. Determina experimentalmente a constante elástica dun resorte aplicando a lei de Hooke e calcula a frecuencia coa que oscila unha masa coñecida unida a un extremo do citado resorte.			X

▪ FQB7.3.2. Demostra que a aceleración dun movemento harmónico simple (MHS) é proporcional ao desprazamento empregando a ecuación fundamental da dinámica.			X
▪ FQB7.3.3. Estima o valor da gravidade facendo un estudo do movemento do péndulo simple.			X
▪ FQB7.4.1. Establece a relación entre impulso mecánico e momento lineal aplicando a segunda lei de Newton.			X
▪ FQB7.4.2. Explica o movemento de dous corpos en casos prácticos como colisións e sistemas de propulsión mediante o principio de conservación do momento lineal.			X
▪ FQB7.5.1. Aplica o concepto de forza centrípeta para resolver e interpretar casos de móbiles en curvas e en traxectorias circulares.			X
▪ FQB7.6.1. Comproba as leis de Kepler a partir de táboas de datos astronómicos correspondentes ao movemento dalgúns planetas.			X
▪ FQB7.6.2. Describe o movemento orbital dos planetas do Sistema Solar aplicando as leis de Kepler e extrae conclusións acerca do período orbital destes.			X
▪ FQB7.7.1. Aplica a lei de conservación do momento angular ao movemento elíptico dos planetas, relacionando valores do raio orbital e da velocidade en diferentes puntos da órbita.			X
▪ FQB7.7.2. Utiliza a lei fundamental da dinámica para explicar o movemento orbital de corpos como satélites, planetas e galaxias, relacionando o raio e a velocidade orbital coa masa do corpo central.			X
▪ FQB7.8.1. Expresa a forza da atracción gravitatoria entre dous corpos calquera, coñecidas as variables das que depende, establecendo como inciden os cambios nestas sobre aquela.			X
▪ FQB7.8.2. Compara o valor da atracción gravitatoria da Terra sobre un corpo na súa superficie coa acción de corpos afastados sobre o mesmo corpo.			X
▪ FQB7.9.1. Compara a lei de Newton da gravitación universal e a de Coulomb, e establece diferenzas e semellanzas entre elas.			X
▪ FQB7.9.2. Acha a forza neta que un conxunto de cargas exerce sobre unha carga problema utilizando a lei de Coulomb.			X
▪ FQB7.10.1. Determina as forzas electrostática e gravitatoria entre dúas partículas de carga e masa coñecidas e compara os valores obtidos, extrapolando conclusións ao caso dos electróns e o núcleo dun átomo.			X

▪ FQB8.1.1. Aplica o principio de conservación da enerxía para resolver problemas mecánicos, determinando valores de velocidade e posición, así como de enerxía cinética e potencial.			X
▪ FQB8.1.2. Relaciona o traballo que realiza unha forza sobre un corpo coa variación da súa enerxía cinética, e determina algunha das magnitudes implicadas.			X
▪ FQB8.2.1. Clasifica en conservativas e non conservativas, as forzas que interveñen nun suposto teórico xustificando as transformacións enerxéticas que se producen e a súa relación co traballo.			X
▪ FQB8.3.1. Estima a enerxía almacenada nun resorte en función da elongación, coñecida a súa constante elástica.			X
▪ FQB8.3.2. Calcula as enerxías cinética, potencial e mecánica dun oscilador harmónico aplicando o principio de conservación da enerxía e realiza a representación gráfica correspondente.			X
▪ FQB8.4.1. Asocia o traballo necesario para trasladar unha carga entre dous puntos dun campo eléctrico coa diferenza de potencial existente entre eles permitindo a determinación da enerxía implicada no proceso.			X

Metodoloxía

As liñas metodolóxicas xerais sobre as que se basea a programación deberán:

- Fomentar a participación e a reflexión, tanto individual como grupal.
- Operar non só sobre o concreto senón tamén sobre conceptos e ideas.
- Fomentar a formulación de hipótese.
- Buscar, seleccionar e tratar a información e fomentar a súa confrontación clara e respectuosa.
- Insistir na ordenación das ideas, a súa comparación e a súa xerarquización.
- Elaborar percorridos ordenados que sexan lóxicos desde a formulación de hipótese á comprobación dos resultados.
- Expresar correcta, clara e ordenadamente os resultados.
- Relacionar os saberes aprendidos nas distintas materias.

O proceso de ensino-aprendizaxe na **modalidade presencial** relativa a esta programación se levará a cabo nos seguintes lugares:

- Aula. Nela terán lugar as explicacións por parte do profesor e a resolución dos exercicios por parte dos alumnos. Tamén se desenvolverán nela os coloquios e debates.
- Laboratorio. Onde levarán a cabo as prácticas de laboratorio. Tamén se realizará na proxección dos DVD didácticos e a exposición de traballos usando o canón de vídeo.
- Aula de informática. Nela levará a cabo a procura de información por parte do alumnado a través de Internet e a realización de actividades en liña.
- Portas afora. Para a realización das visitas a industrias, instalacións científico-tecnolóxicas museos científicos ou exposición:

O proceso de ensino aprendizaxe na **modalidade online** terá as seguintes liñas de actuación:

- Emprego da plataforma Google Classroom como canle de comunicación cos alumnos: - resolver as dúbidas que se lle presentan - Colgar e corrixir os boletíns, cualificándoos
- Gravación de vídeos empregando a plataforma screencast e youtube (https://www.youtube.com/channel/UCqtmSI_-Y7Z9TwHx9zn9wpw?view_as=subscriber) para explicar a materia ós alumnos.
- Emprego da plataforma WeBex para levar a cabo as clases por videoconferencia , na que traballamos as dúbidas, corriximos boletíns e explicamos a materia a traballar no próximo boletín.
- Para o alumnado sen conectividade, se lle mandan os boletíns e os apuntamentos a través de correo, e coa axuda do concello de Boiro. Tamén se empregarán chamadas telefónicas se fora necesario, tanto para explicar a materia coma para realizar exames.
- Os exames sempre serán presenciais, pero se a situación sanitaria o impide serán a través de Google Classroom, do correo electrónico ou se a situación o necesita a través do teléfono.

Tamén se contempla a modalidade semipresencial ou mixta.

Agrupamento dos alumnos

As actividades que se expón na programación levarán a cabo mediante os seguintes agrupamentos:

- Gran grupo: coloquios e debates.
- Pequeno grupo (2-4): nos traballos de investigación e síntese, así como nas prácticas de laboratorio e para a resolución de cuestións e problemas.
- Individual: resolución de cuestións e problemas dos boletíns.

Actividades de ensino-aprendizaxe

Nesta programación contémpanse entre outras posibles a realización dos seguintes tipos de actividades de ensino-aprendizaxe:

- Actividades de introdución-motivación
- Actividades de diagnóstico (coñecementos previos)
- Actividades de desenvolvemento
- Actividades de repaso e ampliación
- Actividades de investigación
- Actividades extraescolares

Materiais e recursos didácticos a empregar

Para aplicar a metodoloxía anteriormente descrita, nesta programación utilizaranse os seguintes recursos e materiais:

- Libro de texto:"Física y Química 3º ESO" Oxford
- Caderno de clase, no que tamén levarán a cabo os traballos de laboratorio.
- Libros de consulta da biblioteca do centro, incluíndo textos doutras editoriais distintos ao que se utilice na aula.
- Pizarra.
- Canón de vídeo. Software de presentacións (PowerPoint).
- Prensa.
- Internet.:Diversas páxinas web tanto de consulta como para a realización de activades en liña.

- Aula virtual: neste curso e ante as modificacións propostas pola aplicación da nova lei desde o departamento imos a manter a comunicación cos alumnos a través da aula virtual do centro, na cal iremos engadindo material tanto de estudo, como mapas conceptuais, tarefas de reforzo e ampliación e información académica para o alumnado
- Material específico de laboratorio
- Google Classroom
- CANAL DE YOUTUBE
- Sreencast
- Videoconferencia WeBex
- Correo electrónico
- Aula virtual do centro
- Teléfono persoal

Crterios de avaliación, cualificación e promoción

Crterios de avaliación

Os criterios de avaliación para a materia de Física e Química de 1º de Bacharelato os seguintes (En cursiva se recollen os criterios de avaliación relativos ó plan de reforzo)

CRITERIOS DE AVALIACIÓN
<i>B4.12. Recoñecer que o efecto dunha forza non só depende da súa intensidade, senón tamén da superficie sobre a que actúa.</i>
<i>B4.13. Interpretar fenómenos naturais e aplicacións tecnolóxicas en relación cos principios da hidrostática, e resolver problemas aplicando as expresións matemáticas destes.</i>
<i>B4.14. Diseñar e presentar experiencias ou dispositivos que ilustren o comportamento dos fluídos e que poñan de manifesto os coñecementos adquiridos, así como a iniciativa e a imaxinación.</i>
<i>B5.4. Relacionar cualitativa e cuantitativamente a calor cos efectos que produce nos corpos: variación de temperatura, cambios de estado e dilatación.</i>

B1.1. Recoñecer e utilizar as estratexias básicas da actividade científica: formular problemas e emitir hipóteses, propor modelos, elaborar estratexias de resolución de problemas e deseños experimentais, analizar os resultados e realizar experiencias
B1.2. Utilizar e aplicar as tecnoloxías da información e da comunicación no estudo dos fenómenos físicos e químicos.
B1.3. Realizar en equipo tarefas propias da investigación científica.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1. Explicar a teoría atómica de Dalton e as leis básicas asociadas ao seu establecemento.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.2. Utilizar a ecuación de estado dos gases ideais para establecer relacións entre a presión, o volume e a temperatura.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.3. Aplicar a ecuación dos gases ideais para calcular masas moleculares e determinar fórmulas moleculares.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.4. Realizar os cálculos necesarios para a preparación de disolucións dunha concentración dada, expresala en calquera das formas establecidas, e levar a cabo a súa preparación.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.5. Explicar a variación das propiedades coligativas entre unha disolución e o disolvente puro, e comprobalo experimentalmente.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.6. Utilizar os datos obtidos mediante técnicas espectrométricas para calcular masas atómicas.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.7. Recoñecer a importancia das técnicas espectroscópicas que permiten a análise de substancias e as súas aplicacións para a detección destas en cantidades moi pequenas de mostras.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.1. Formular e nomear correctamente as substancias que interveñen nunha reacción química dada, e levar a cabo no laboratorio reaccións químicas sinxelas.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.2. Interpretar as reaccións químicas e resolver problemas nos que interveñan reactivos limitantes e reactivos impuros, e cuxo rendemento non sexa completo.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.3. Identificar as reaccións químicas implicadas na obtención de compostos inorgánicos relacionados con procesos industriais.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.4. Identificar os procesos básicos da siderurxia e as aplicacións dos produtos resultantes.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.5. Valorar a importancia da investigación científica no desenvolvemento de novos materiais con aplicacións que melloren a calidade de vida.

▪ B4.1. Interpretar o primeiro principio da termodinámica como o principio de conservación da enerxía en sistemas nos que se producen intercambios de calor e traballo.
▪ B4.2. Recoñecer a unidade da calor no Sistema Internacional e o seu equivalente mecánico.
▪ B4.3. Interpretar ecuacións termoquímicas e distinguir entre reaccións endotérmicas e exotérmicas.
▪ B4.4. Describir as posibles formas de calcular a entalpía dunha reacción química.
▪ B4.5. Dar resposta a cuestións conceptuais sinxelas sobre o segundo principio da termodinámica en relación aos procesos espontáneos.
▪ B4.6. Predicir, de forma cualitativa e cuantitativa, a espontaneidade dun proceso químico en determinadas condicións a partir da enerxía de Gibbs.
▪ B4.7. Distinguir os procesos reversibles e irreversibles, e a súa relación coa entropía e o segundo principio da termodinámica.
▪ B4.8. Analizar a influencia das reaccións de combustión a nivel social, industrial e ambiental, e as súas aplicacións.
▪ B5.1. Recoñecer hidrocarburos saturados e insaturados e aromáticos, relacionándoos con compostos de interese biolóxico e industrial.
▪ B5.2. Identificar compostos orgánicos que conteñan funcións osixenadas e nitroxenadas.
▪ B5.3. Representar os tipos de isomería.
▪ B5.4. Explicar os fundamentos químicos relacionados coa industria do petróleo e do gas natural.
▪ B5.5. Diferenciar as estruturas que presenta o carbono no grafito, no diamante, no grafeno, no fullereno e nos nanotubos, e relacionalo coas súas aplicacións.
▪ B5.6. Valorar o papel da química do carbono nas nosas vidas e recoñecer a necesidade de adoptar actitudes e medidas ambientalmente sustentables.
▪ B6.1. Distinguir entre sistemas de referencia inerciais e non inerciais.
▪ B6.2. Representar graficamente as magnitudes vectoriais que describen o movementos nun sistema de referencia adecuado.

▪ B6.3. Recoñecer as ecuacións dos movementos rectilíneo e circular, e aplicalas a situacións concretas.
▪ B6.4. Interpretar representacións gráficas dos movementos rectilíneo e circular.
▪ B6.5. Determinar velocidades e aceleracións instantáneas a partir da expresión do vector de posición en función do tempo.
▪ B6.6. Describir o movemento circular uniformemente acelerado e expresar a aceleración en función das súas compoñentes intrínsecas.
▪ B6.7. Relacionar nun movemento circular as magnitudes angulares coas lineais.
▪ B6.8. Identificar o movemento non circular dun móbil nun plano como a composición de dous movementos unidimensionais rectilíneo uniforme (MRU) e/ou rectilíneo uniformemente acelerado (MRUA).
▪ B6.9. Interpretar o significado físico dos parámetros que describen o movemento harmónico simple (MHS) e asocialo ao movemento dun corpo que oscile.
▪ B7.1. Identificar todas as forzas que actúan sobre un corpo.
▪ B7.2. Resolver situacións desde un punto de vista dinámico que involucran planos inclinados e/ou poleas.
▪ B7.3. Recoñecer as forzas elásticas en situacións cotiás e describir os seus efectos.
▪ B7.4. Aplicar o principio de conservación do momento lineal a sistemas de dous corpos e predicir o movemento destes a partir das condicións iniciais.
▪ B7.5. Xustificar a necesidade de que existan forzas para que se produza un movemento circular.
▪ B7.6. Contextualizar as leis de Kepler no estudo do movemento planetario.
▪ B7.7. Asociar o movemento orbital coa actuación de forzas centrais e a conservación do momento angular.
▪ B7.8. Determinar e aplicar a lei de gravitación universal á estimación do peso dos corpos e á interacción entre corpos celestes, tendo en conta o seu carácter vectorial.
▪ B7.9. Enunciar a lei de Coulomb e caracterizar a interacción entre dúas cargas eléctricas puntuais.

▪ B7.10. Valorar as diferenzas e as semellanzas entre a interacción eléctrica e a gravitatoria.
▪ B8.1. Establecer a lei de conservación da enerxía mecánica e aplicala á resolución de casos prácticos.
▪ B8.2. Recoñecer sistemas conservativos como aqueles para os que é posible asociar unha enerxía potencial e representar a relación entre traballo e enerxía.
▪ B8.3. Describir as transformacións enerxéticas que teñen lugar nun oscilador harmónico.
▪ B8.4. Vincular a diferenza de potencial eléctrico co traballo necesario para transportar unha carga entre dous puntos dun campo eléctrico e coñecer a súa unidade no Sistema Internacional.

Procedementos e instrumentos de avaliación

Os procedementos de avaliación clasifícanse en:

TÉCNICAS DE OBSERVACIÓN (TO): O seu obxectivo é coñecer comportamento natural dos alumnos en situacións espontáneas, que poden ser controladas ou non. Utilízanse sobre todo para coñecer a nivel de logro dos estándares transversais (que fan referencia ás prácticas de laboratorio e ós traballos de investigación). Dentro da metodoloxía baseada na observación agrúpanse os seguintes instrumentos: rexistro anecdótico (para observar acontecementos non previsibles, así como as participacións espontáneas e positivas ou negativas do alumnado) e rúbricas (listado de aspectos nos que se detalla descritivamente a súa consecución).

REVISIÓN DE TAREFAS DO ALUMNO (RT): Empréganse para avaliar o traballo diario do alumno tanto na clase (análise do caderno do alumno (para comprobar se toma apuntes de forma ordenada, se corrixe os erros, a súa correcta caligrafía e ortografía, uso correcto da linguaxe científica, etc), coma na casa (realización dos boletíns de exercicios) . Para cuantificar a avaliación se empregará unha lista de control sobre o caderno do alumno e os boletíns como instrumentos de avaliación.

PROBAS ESPECÍFICAS (PE): Empréganse para avaliar conceptos e procedementos. Consistirán basicamente nos exames , que estarán compostos por varias cuestións e problemas.

Os procedementos de avaliación serán os mesmos en tódalas modalidades (**presencial, online e semipresencial**), aínda que se terán que adaptar os instrumentos a cada modalidade. É dicir, na modalidade online, o instrumento rexistro anecdótico do traballo do alumno recolle as súas aportacións en gogle classroom e nas videoconferencias. O instrumento rúbricas na modalidade online centrase totalmente nas rúbricas de exposición de traballos, xa que é imposible traballar no laboratorio. Os instrumentos lista de control sobre a libreta e boletíns de exercicios non necesitan de ningunha adaptación, e por último, os exames serán feitos a través das plataformas Google Classroom ou correo electrónico, ou tamén a través do emprego do teléfono nun caso no que non se dispoña da conexión de internet necesaria.

Criterios de cualificación

Os criterios de cualificación veñen descritos na táboa de avaliación.

A nota correspondente a cada avaliación calcularase tendo en conta as seguintes porcentaxes aplicadas a cada unidade didáctica

TÁBOA DE AVALIACIÓN

UNIDADES	porcentaxe	avaliación
1. Teoría atómico molecular. Os gases	20%	1ª AV
2. Disolucións	40%	
3. Reaccións químicas	40%	
4. Termoquímica	30%	2ª AV
5. Química do carbono	30%	
6. Cinemática	40%	
7. Dinámica	60%	3ª AV

8. Enerxía	40%	
------------	-----	--

Para os alumnos que non acaden o aprobado (5) , haberá unha proba de recuperación por avaliación, na que se seguirán os mesmos porcentaxes anteriormente descritos. Superarase a avaliación cando se obteña unha nota igual ou superior a 5 en dita proba.

Os alumnos que teñan perdido o dereito á avaliación continua terán dereito á realización dunha proba referida aos contidos de todo o curso, que se realizará antes da avaliación final ordinaria. Considerarase superada se obtén unha puntuación igual a 5 ou superior.

Os alumnos aprobarán o curso cando teñan aprobadas as tres avaliacións.

Neste caso, a nota final do curso será a media aritmética das notas das tres avaliacións.

Para os alumnos que non superen o curso haberá unha proba de recuperación en xuño, na que terán que examinarse das avaliacións que non teñan superadas. Para acadar o aprobado terán que acadar unha nota igual ou superior a 5 puntos

Os alumnos que non superen a materia en xuño deberán presentarse á convocatoria extraordinaria en setembro, e que para acadar o aprobado haberá que obter en dita proba un mínimo de 5 puntos.

Criterios de corrección

- ✓ Todos os exercicios do exame terán a mesma puntuación salvo indicación expresa do valor do exercicio.
- ✓ No caso de que conteñan varios apartados, cada un deles valorarase tamén por igual a menos que se indique o contrario.
- ✓ Na cualificación dunha pregunta teórica ou dunha cuestión, ademais de ter en conta que a resposta debe ser correcta , valorarase claridade e concreción na exposición, o razoamento empregado, a presentación, redacción,e ortografía.
- ✓ Na cualificación dun problema en cada apartado valorarase por unha parte o prantexamento: correcta utilización das leis e conceptos e por outra banda, valorarase todo o desenvolvemento preciso para chegar a solución final, tendo tamén en conta a correcta ou incorrecta utilización da ferramenta matemática necesaria. A expresión incorrecta das unidades (ou a súa ausencia) restará ata 0,1 puntos da nota do problema.
- ✓ A ausencia de operacións que xustifiquen a aparición dalgún dato que non estea presente no enunciado, así como o non poñer explicitamente a fórmula a empregar tamén restará ata un 50% da nota
- ✓ A realización de exercicios por camiños explicitamente prohibidos polo profesor e contrarios á praxis da materia de física e Química será penalizada con un 50% da nota.

- ✓ Algúns exercicios como identificación de símbolos químicos, formulación, etc. poderán esixir para o aprobado mais do 50% da nota e sempre se fará constar polo profesor antes da proba

Avaliación do proceso de ensino e a práctica docente

Indicadores de logro do proceso de ensino

	Escala			
	1	2	3	4
1. O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado.				
2. Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreceu a aprendizaxe.				
3. Conseguiuse motivar para lograr a actividade intelectual e física do alumnado.				
4. Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado.				
5. Contouse co apoio e coa implicación das familias no traballo do alumnado.				
6. Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado.				
7. Adoptáronse as medidas curriculares adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.				
8. Adoptáronse as medidas organizativas adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.				
9. Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado.				
10. Usáronse distintos instrumentos de avaliación.				
11. Dáse un peso real á observación do traballo na aula.				

12. Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo.				
--	--	--	--	--

Indicadores de logro da práctica docente

	Escala			
	1	2	3	4
1. Como norma xeral, fanse explicacións xerais para todo o alumnado.				
2. Ofrecense a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa.				
3. Elabóranse actividades atendendo á diversidade.				
4. Elabóranse probas de avaliación adaptadas ás necesidades do alumnado con NEAE.				
5. Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar.				
6. Combínase o traballo individual e en equipo.				
7. Poténcianse estratexias de animación á lectura.				
8. Poténcianse estratexias tanto de expresión como de comprensión oral e escrita.				
9. Incorporáanse as TIC aos procesos de ensino – aprendizaxe.				
10. Préstase atención aos elementos transversais vinculados a cada estándar.				
11. Ofrecense ao alumnado de forma rápida os resultados das probas / traballos, etc.				
12. Analízanse e coméntanse co alumnado os aspectos máis significativos derivados da corrección das probas, traballos, etc.				

13. Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus acertos e erros.				
14. Grao de implicación do profesorado nas funcións de tutoría e orientación.				
15. Adecuación, logo da súa aplicación, das ACS propostas e aprobadas.				
16. As medidas de apoio, reforzo, etc. están claramente vinculadas aos estándares.				
17. Avaliase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación...				

Actividades de seguemento, recuperación e avaliación de materias pendentes

O plan de avaliación para os alumnos con materias pendentes consistirá en:

- Entrega nos meses de Outubro e Febreiro de dous boletíns de exercicios, cuestións e actividades de repaso que serán valoradas e aportarán un 30% á nota final. O prazo de entrega para o primeiro será a finais de Xaneiro e para o segundo a mediados de Abril.
- Realización de dúas probas parciais escritas nos meses de Febreiro e Abril que aportarán o 70% restante da nota (mediante a media aritmética de ambas cualificacións) e versarán sobre os contidos explicados repartidos proporcionalmente de acordo co propio alumnado pendente.

Considerarase a materia aprobada se o alumnado acada unha cualificación igual ou superior a 5; en caso contrario terá lugar unha proba final global no mes de Maio en base aos CONTIDOS MÍNIMOS esixibles correspondentes ao curso e xa anteriormente expostos. Tamén haberá unha proba extraordinaria no mes de Setembro se fose necesaria.

Os alumnos e alumnas poderán consultar calquera dúbida que lles xurda co xefe de Departamento nos períodos de recreo.

Avaliación inicial:deseño e medidas a adoptar

Ao comezo de cada curso e coa finalidade de adecuar as ensinanzas de cada materia ao alumnado e facilitar a progresión satisfactoria do seu proceso de aprendizaxe, o profesorado que imparta docencia no grupo realizará unha avaliación inicial, incidindo na obtención de información sobre os coñecementos previos do alumnado

en cada unha das materias e o grao de desenvolvemento das competencias básicas. A avaliación incluírá a análise dos informes persoais da etapa ou curso anterior e completarase coa información obtida a través da persoa titora.

A avaliación inicial será o punto de referencia para a toma de decisións relativas ao desenvolvemento do currículo, así como para adoptar aquelas medidas de apoio, reforzo e recuperación que se consideren oportunas para cada alumna ou alumno. Será de grande importancia a coordinación de todo o profesorado que imparta docencia en cada grupo co fin de tomar medidas conxuntas que faciliten o progreso do alumnado.

DESEÑO:

Física y Química. 1º BACH. PRUEBA INICIAL

- 1 Un barco navega hacia el norte con una velocidad de 12 km/h y la marea lo arrastra hacia el este con una velocidad de 9 km/h. ¿Cuál es el valor, dirección y sentido de la velocidad real del barco?

- 2 Para el elemento carbono ($Z = 12$) en su estado fundamental y sin carga (neutro), indica:
 - 2.a Su número de electrones.
 - 2.b Su configuración electrónica.
 - 2.c ¿Es el carbono un metal, un no metal o un semimetal?

3 Dibuja la estructura de Lewis del H_2O y la del HCl

4 Formula o nombra los siguientes compuestos:

Ácido per-clórico	$HBr(g)$
Óxido de litio	HNO_3
H_2SO_4	Fe_2O_3
CH_3CH_2OH	Propanona
Pent-1-ino	Ácido 3-clorobutanoico

5 En 2 moles de metano (CH_4):


- 5.a ¿Cuántos moles de átomos de carbono hay?
- 5.b ¿Cuántas moléculas de metano hay?
- 5.c ¿Cuántos átomos de hidrógeno hay?

6 ¿Cuántos litros de dióxido de carbono, medidos a $227^\circ C$ y 1,2 atm se formarán al hacer reaccionar 60 gramos de carbono con exceso de oxígeno gaseoso?

7 Un cuerpo es lanzado verticalmente hacia arriba con una velocidad inicial de 20 m/s. Calcular:

- 7.a La altura máxima que alcanzará.
- 7.b El tiempo que tardará en alcanzar la altura máxima.

- 8 Una fuerza de 100 N se aplica a un cuerpo formando con la horizontal un ángulo de 30° (ver imagen). ¿Qué trabajo realiza esa fuerza en un recorrido de 20 metros?



MEDIDAS A ADOPTAR:

No caso de detectar algún caso de dificultades académicas de algún alumno, estudiaremos e adoptaremos, se fose o caso, e sempre en coordinación co Departamento de Orientación

- Establecer algún REFORZO para aqueles alumnos que así o precisen.
- Se fose preciso facer unha ACs esta sería deseñada a partir dos contidos mínimos contemplados na materia de Física e Química, ben centrándose só en eses mínimos ou incluso e excepcionalmente recortando algún deseS mínimos.

As medidas a adoptar en eses casos quedarán reflectidas nas actas do departamento se así fose preciso.

Plan de reforzo

Para recuperar os estándares non traballados no pasado curso debido ó confinamento, dentro da Unidade 1 reforzaranse ditos estándares debido a que están moi relacionados cos desta unidade.

Medidas de atención á diversidade

As estratexias curriculares de atención á diversidade que levarán a cabo serán:

- Establecer secuencias de contido que aseguren aprendizaxes básicas para todos e coñecementos de maior complexidade para algúns.
- Diseñar actividades de ensino-aprendizaxe variadas e con diferente nivel de dificultade.
- Establecer agrupamentos que permitan contextos de aprendizaxe colaborativos.
- Utilizar recursos e materiais diferenciados-gráficos, visuais, audiovisuais, informáticos- para contemplar os distintos tipos de aprendizaxe dos alumnos.
- Propor actividades de ampliación para aqueloutros que van diante na súa aprendizaxe. Serán traballos voluntarios para profundar sobre os temas obxecto de estudo da unidade didáctica que se entregarán na unidade didáctica posterior
- . Adaptación dos tempo e instrumentos de avaliación (formatos de exames, orais, maior tempo para realizalos, menos preguntas por folla, tipo test, poñer en negra as palabras clave...)
- Menos deberes para a casa, os necesarios para profundizar e asimilar os conceptos dados na aula
- Coordinación entre o profesorado
- Control das axendas
- Darlle a opción de presentar os traballos a ordenador(sobre todo no caso de alumnos con dislexia)
- Apoíarse nos compañeiros
- Ofrecerlles experiencias de éxito
- Todas aquelas medidas específicas para o alumnado TDAH, contempladas no protocolo.

Os alumnos con necesidades específicas de apoio educativo agrúpanse nas seguintes categorías:

- Necesidades educativas especiais
- Altas capacidades intelectuais
- Incorporación tardía ao sistema escolar
- Condicións persoais ou historia escolar
- Dificultades de aprendizaxe específicas.

En colaboración co departamento de orientación levarán a cabo medidas curriculares extraordinarias como as adaptacións curriculares individuais ou os reforzos aos alumnos dos grupos anteriores que o necesiten.

Os alumnos con necesidades educativas especiais, que presenten discapacidade sensorial do tipo auditivo e visual serán tratados da seguinte forma: Nas deficiencias auditivas, procuraremos situalos nun lugar adecuado para que poidan levar a cabo, sen dificultade, a lectura labial e o acceso visual á información. Nas deficiencias visuais, procuraremos tamén adaptar os materiais, os espazos e os recursos, facilitándolle en todo momento a súa integración.

No desenvolvemento da actividade docente atoparémonos probablemente con alumnado con certas dificultades para acadar os obxectivos da materia. O profesorado aplicará medidas de reforzo educativo dentro da aula co fin de que este alumnado poida alcanzar o máximo desenvolvemento das súas capacidades persoais e os obxectivos e competencias establecidos. Para poder atender axeitadamente a diversidade da aula, o alumnado traballará frecuentemente en grupos utilizando estruturas de aprendizaxe cooperativa que favorecen a axuda entre iguais. Por outra parte, propoñeranse actividades variadas que permitan atender os múltiples intereses, capacidades e motivacións dos alumnos e alumnas. Ademais, cando sexa necesario, prepararanse materiais de traballo que podan adecuar aos ritmos de aprendizaxe do alumnado, é dicir, materiais que sirvan para ampliar os coñecementos adquiridos do alumnado máis avantaxado e materias máis sinxelos que sirvan para reforzar os contidos mínimos para o alumnado con máis dificultades. Tamén ofrecerase atención individualizada ao alumnado que o precise ou requira para resolver dúbidas nalgún recreo. O profesorado, facendo uso da súa autonomía, adaptará as propostas dos protocolos sobre atención á diversidade elaborados pola Consellería de Educación e publicados en <http://www.edu.xunta.gal/portal/Educonvives.gal> á realidade do alumnado e do centro

Concreción dos elementos transversais a traballar durante o presente curso:

Contribución ao Plan TIC

A aplicación das tecnoloxías da información e a comunicación ao traballo da aula convértese nunha peza clave na educación e formación das novas xeracións. Trátase de que o alumnado, ao rematar a escolarización obrigatoria, acade unha competencia dixital. Esta competencia consiste en dispoñer de habilidades para buscar, obter, procesar e comunicar información, para transformala en coñecemento.

Entre as accións previstas polo departamento de Física e Química están as seguintes:

- Utilizaranse todos os recursos informáticos dispoñibles no centro (aula de informática, biblioteca, acceso a internet nas aulas) e fomentarse a utilización fora do instituto de todos os recursos informáticos ao alcance dos alumnos (na casa, cos compañeiros, na biblioteca pública da localidade...)
- Aprenderase a interpretar a información e a contrastala con outros soportes de información, facendo en definitiva dun modo atractivo e pedagóxico o achegamento a aprendizaxe a través destes medios.
- Proporanse proxectos e traballos a realizar individualmente ou en grupo para fomentar todos os materiais de información dispoñibles.
- Tratarase de acceder unha ou dúas veces mensuais a aula de informática e segundo o aproveitamento utilizarase con máis frecuencia este recurso.
- Desde o Departamento adoptaremos e colaboraremos en calquera outra medida proposta desde o Centro

Plan de convivencia

Dende o departamento de Física e Química tentaremos traballar en sintonía co Plan de Convivencia do centro e para iso na nosa materia traballaremos a prol dunha educación en valores baseada en temas como:

- Educación para a paz
- Educación moral e cívica
- Educación para a igualdade entre sexos.

Obxectivos: fixaremos como propios os obxectivos no Plan de Convivencia:

- Coñecer aspectos teóricos básicos da convivencia entre iguais, relacións profesor-alumno, a convivencia na interculturalidade e a convivencia na diferenza de xénero, utilizando unha linguaxe común.
- Implicarnos nos procesos de reflexión e acción que axuden a previr conflitos de convivencia no centro.
- Procurar ferramentas prácticas para a detección, a abordaxe e a resolución de conflitos de convivencia nos centros.
- Resolver, derivar ou notificar posibles situacións de desprotección ou de risco que se detecten por mor de conflitos que se dean no aula.
- Participar na adaptación e posta en marcha das accións establecidas no Plan de Convivencia.

Proxecto Lector

O plan anual de lectura e o proxecto lector de centro garantirán a paulatina capacitación do alumnado nas competencias básicas que se pretenden, de cara a súa formación como cidadáns activos e solidarios.

A formación da lectura comprensiva esixe, pola súa vez, un traballo progresivo e continuado. Traballarase con todo tipo de textos tanto en soporte impreso como electrónico.

O procedemento a levar a cabo polo departamento de Física e Química nas materias integradas nel será o seguinte:

- Dedicaremos un tempo a lectura de algún artigo ou texto relacionado coa mesma, fomentando tamén a busca de noticias relacionadas no xornal aos que eles teñen acceso nos seus domicilios.
- Se nalgún momento así o consideramos incluiremos a posibilidade de facilitar algún libro de lectura aos alumnos de carácter voluntario e/ou obrigatorio

Actividade complementarias e extraescolares

- Visita a algún dos museos científicos coruñeses (Muncyt ou Casa das Ciencias) e participación no obradoiro “Como se desenvolven os fármacos?” enmarcado dentro do programa “Laboratorio Aberto” do DOMUS. Valorarase a viabilidade da saída en función do custo da mesma intentando a coordinación con outros departamentos para rebaixalo.
- Charla divulgativa de física recreativa dentro do programa Clickonphysics a cargo de José Benito Vazquez Dorrío da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía da Universidade de Vigo.
- Promoverase entre o alumnado a participación en diversos concursos ou feiras científicas a través da elaboración de relatos científicos, creación de vídeos ou de proxectos de investigación

Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas e procesos de mellora.

Avaliación da programación didáctica

Indicadores

Escala			
1	2	3	4

1. Adecuación do deseño das unidades didácticas, temas ou proxectos a partir dos elementos do currículo.				
2. Adecuación da secuenciación e da temporalización das unidades didácticas / temas / proxectos.				
3. O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e a temporalización previstas.				
4. Adecuación da secuenciación dos estándares para cada unha das unidades, temas ou proxectos.				
5. Adecuación do grao mínimo de consecución fixado para cada estándar.				
6. Vinculación de cada estándar a un ou varios instrumentos para a súa avaliación.				
7. Fixación dunha estratexia metodolóxica común para todo o departamento.				
8. Adecuación da secuencia de traballo na aula.				
9. Adecuación dos materiais didácticos utilizados.				
10. Adecuación do libro de texto				
11. Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua: probas, traballos, etc.				
12. Adecuación dos exames, tendo en conta os estándares				
13. Adecuación dos programas de apoio, recuperación, etc. vinculados aos estándares.				
14. Adecuación das medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE.				
15. Grao de desenvolvemento das actividades complementarias e extraescolares previstas.				
16. Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre os criterios de promoción.				
17. Adecuación do seguimento e da revisión da programación ao longo do curso.				
18. Contribución desde a materia ao plan de lectura do centro.				
19. Grao de integración das TIC no desenvolvemento da materia.				

- Propostas de Mellora
- Procurar unha avaliación máis personalizada, indagando máis na progresión de cada alumno, a partir das dificultades atopadas nos primeiros intres do curso
- Manter reunión individuais cos alumnos para comentar as súas notas en tódalas probas realizadas, informándolles do que conseguiron facer ben e do que necesitan mellorar. Para iso, se lle dará unha maior importancia á corrección conxunta na clase dos exames, e sobre todo ó repaso na clase das rúbricas tanto de laboratorio coma de traballos de investigación, para que sexan capaces de coñecer o que teñen que saber facer.
- Estreitar a relación cos titores de cada curso, mantendo a boa dinámica que se tivo este ano que remata
- Participar activamente nos proxectos do centro, así coma en tódalas actividades que se poidan dar, coma o rally científico

PROGRAMACIÓN FÍSICA 2 BACHARELATO

Introducción e contextualización

<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.1. Valorar a motivación que levou a Michelson e Morley a realizar o seu experimento e discutir as implicacións que del se derivaron.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.2. Aplicar as transformacións de Lorentz ao cálculo da dilatación temporal e á contracción espacial que sofre un sistema cando se despraza a velocidades próximas ás da luz respecto a outro dado.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.3. Coñecer e explicar os postulados e os aparentes paradoxos da física relativista.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.4. Establecer a equivalencia entre masa e enerxía, e as súas consecuencias na enerxía nuclear.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.5. Analizar as fronteiras da física a finais do século XIX e principios do século XX, e pór de manifesto a incapacidade da física clásica para explicar determinados procesos.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.6. Coñecer a hipótese de Planck e relacionar a enerxía dun fotón coa súa frecuencia e a súa lonxitude de onda.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.7. Valorar a hipótese de Planck no marco do efecto fotoeléctrico.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.8. Aplicar a cuantización da enerxía ao estudo dos espectros atómicos e inferir a necesidade do modelo atómico de Bohr.

▪ B6.9. Presentar a dualidade onda-corpúsculo como un dos grandes paradoxos da física cuántica.
▪ B6.10. Recoñecer o carácter probabilístico da mecánica cuántica en contraposición co carácter determinista da mecánica clásica.
▪ B6.11. Describir as características fundamentais da radiación láser, os principais tipos de láseres, o seu funcionamento básico e as súas principais aplicacións.
▪ B6.12. Distinguir os tipos de radiacións e o seu efecto sobre os seres vivos.
▪ B6.13. Establecer a relación da composición nuclear e a masa nuclear cos procesos nucleares de desintegración.
▪ B6.14. Valorar as aplicacións da enerxía nuclear na produción de enerxía eléctrica, radioterapia, datación en arqueoloxía e a fabricación de armas nucleares.
▪ B6.15. Xustificar as vantaxes, as desvantaxes e as limitacións da fisión e a fusión nuclear.
▪ B6.16. Distinguir as catro interaccións fundamentais da natureza e os principais procesos en que interveñen.
▪ B6.17. Recoñecer a necesidade de atopar un formalismo único que permita describir todos os procesos da natureza.
▪ B6.18. Coñecer as teorías máis relevantes sobre a unificación das interaccións fundamentais da natureza.
▪ B6.19. Utilizar o vocabulario básico da física de partículas e coñecer as partículas elementais que constitúen a materia.
▪ B6.20. Describir a composición do universo ao longo da súa historia en termos das partículas que o constitúen e establecer unha cronoloxía deste a partir do Big Bang.
▪ B6.21. Analizar os interrogantes aos que se enfrontan os/as físicos/as hoxe en día.

Procedementos e instrumentos de avaliación

Os procedementos de avaliación clasifícanse en:

TÉCNICAS DE OBSERVACIÓN (TO): O seu obxectivo é coñecer comportamento natural dos alumnos en situacións espontáneas, que poden ser controladas ou non. Utilízanse sobre todo para coñecer a nivel de logro dos estándares transversais (que fan referencia ás prácticas de laboratorio e ós traballos de investigación). Dentro da metodoloxía baseada na observación agrúpanse os seguintes instrumentos: rexistro anecdótico (para observar acontecementos non previsibles e participacións positivas e negativas na aula) e rúbricas (listado de aspectos nos que se detalla descritivamente a súa consecución).

REVISIÓN DE TAREFAS DO ALUMNO (RT): Empréganse para avaliar o traballo diario do alumno tanto na clase (análise do caderno do alumno (para comprobar se toma apuntes de forma ordenada, se corrixe os erros, a súa correcta caligrafía e ortografía, uso correcto da linguaxe científica, etc), coma na casa (realización dos boletíns de exercicios) . Para cuantificar a avaliación se empregará unha lista de control sobre o caderno do alumno e os boletíns como instrumentos de avaliación.

PROBAS ESPECÍFICAS (PE): Empréganse para avaliar conceptos e procedementos. Consistirán basicamente nos exames , que estarán compostos por varias cuestións e problemas.

*Os procedementos de avaliación serán os mesmos en tódalas modalidades (**presencial, online e semipresencial**), aínda que se terán que adaptar os instrumentos a cada modalidade. É dicir, na modalidade online, o instrumento rexistro anecdótico do traballo do alumno recolle as súas aportacións en gogle classroom e nas videoconferencias. O instrumento rúbricas na modalidade online centrase totalmente nas rúbricas de exposición de traballos, xa que é imposible traballar no laboratorio. Os instrumentos lista de control sobre a libreta e boletíns de exercicios non necesitan de ningunha adaptación, e por último, os exames serán feitos a través das plataformas Google Classroom ou correo electrónico, ou tamén a través do emprego do teléfono nun caso no que non se dispoña da conexión de internet necesaria.*

Criterios de cualificación

Os criterios de cualificación veñen descritos na táboa de avaliación

A nota correspondente a cada avaliación calcularase tendo en conta as seguintes porcentaxes aplicadas a cada unidade didáctica

UNIDADES	porcentaxe	avaliación
1. Interacción gravitatoria	30%	1ª AV
2. Interacción electromagnética	70%	
3. Ondas	80%	2ª AV

4. Óptica xeométrica	20%	
5. Física do século XX	100%	3ª AV

Para os alumnos que non acaden o aprobado (5) , haberá unha proba de recuperación por avaliación, na que se seguirán os mesmos porcentaxes anteriormente descritos. Superarase a avaliación cando se obteña unha nota igual ou superior a 5 en dita proba.

Os alumnos que teñan perdido o dereito á avaliación continua terán dereito á realización dunha proba referida aos contidos de todo o curso, que se realizará antes da avaliación final ordinaria. Considerarase superada se obtén unha puntuación igual a 5 ou superior.

Os alumnos aprobarán o curso cando teñan aprobadas as tres avaliacións.

Neste caso, a nota final do curso será a media aritmética das notas das tres avaliacións.

Para os alumnos que non superen o curso haberá unha proba de recuperación en xuño, na que terán que examinarse das avaliacións que non teñan superadas. Para acadar o aprobado terán que acadar unha nota igual ou superior a 5 puntos

Os alumnos que non superen a materia en xuño deberán presentarse á convocatoria extraordinaria en setembro, e que para acadar o aprobado haberá que obter en dita proba un mínimo de 5 puntos.

Criterios de corrección

- ✓ Todos os exercicios do exame terán a mesma puntuación salvo indicación expresa do valor do exercicio.
- ✓ No caso de que conteñan varios apartados, cada un deles valorarase tamén por igual a menos que se indique o contrario.
- ✓ Na cualificación dunha pregunta teórica ou dunha cuestión, ademais de ter en conta que a resposta debe ser correcta , valorarase claridade e concreción na exposición, o razoamento empregado, a presentación, redacción,e ortografía.

- ✓ Na cualificación dun problema en cada apartado valorarase por unha parte o prantexamento: correcta utilización das leis e conceptos e por outra banda, valorarase todo o desenvolvemento preciso para chegar a solución final, tendo tamén en conta a correcta ou incorrecta utilización da ferramenta matemática necesaria.
- ✓ As solución numéricas non acompañadas de unidades ou con unidades incorrectas – 0,25 (por problema)
- ✓ Os erros de cálculo. – 0,25 (por problema) Nas cuestións teóricas consideraranse tamén válidas as xustificacións por exclusión das cuestións incorrectas.

Avaliación do proceso de ensino e a práctica docente

Indicadores de logro do proceso de ensino

	Escala			
	1	2	3	4
1. O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado.				
2. Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreceu a aprendizaxe.				
3. Conseguiuse motivar para lograr a actividade intelectual e física do alumnado.				
4. Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado.				
5. Contouse co apoio e coa implicación das familias no traballo do alumnado.				
6. Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado.				
7. Adoptáronse as medidas curriculares adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.				
8. Adoptáronse as medidas organizativas adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.				
9. Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado.				

10. Usáronse distintos instrumentos de avaliación.				
11. Dáse un peso real á observación do traballo na aula.				
12. Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo.				

Indicadores de logro da práctica docente

	Escala			
	1	2	3	4
1. Como norma xeral, fanse explicacións xerais para todo o alumnado.				
2. Ofrecense a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa.				
3. Elabóranse actividades atendendo á diversidade.				
4. Elabóranse probas de avaliación adaptadas ás necesidades do alumnado con NEAE.				
5. Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar.				
6. Combínase o traballo individual e en equipo.				
7. Poténcianse estratexias de animación á lectura.				
8. Poténcianse estratexias tanto de expresión como de comprensión oral e escrita.				
9. Incorpóranse as TIC aos procesos de ensino – aprendizaxe.				
10. Préstase atención aos elementos transversais vinculados a cada estándar.				

11. Ofrécese ao alumnado de forma rápida os resultados das probas / traballos, etc.				
12. Analízanse e coméntanse co alumnado os aspectos máis significativos derivados da corrección das probas, traballos, etc.				
13. Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus acertos e erros.				
14. Grao de implicación do profesorado nas funcións de tutoría e orientación.				
15. Adecuación, logo da súa aplicación, das ACS propostas e aprobadas.				
16. As medidas de apoio, reforzo, etc. están claramente vinculadas aos estándares.				
17. Avalíase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación...				

Actividades de seguemento, recuperación e avaliación de materias pendentes

O plan de avaliación para os alumnos con materias pendentes consistirá en:

- Entrega nos meses de Outubro e Febreiro de dous boletíns de exercicios, cuestións e actividades de repaso que serán valoradas e aportarán un 30% á nota final. O prazo de entrega para o primeiro será a finais de Xaneiro e para o segundo a mediados de Abril.

- Realización de dúas probas parciais escritas nos meses de Febreiro e Abril que aportarán o 70% restante da nota (mediante a media aritmética de ambas cualificacións) e versarán sobre os contidos explicados repartidos proporcionalmente de acordo co propio alumnado pendente.

Considerarase a materia aprobada se o alumnado acada unha cualificación igual ou superior a 5; en caso contrario terá lugar unha proba final global no mes de Maio en base aos CONTIDOS MÍNIMOS esixibles correspondentes ao curso de 1 BACH e xa anteriormente expostos. Tamén haberá unha proba extraordinaria no mes de Setembro se fose necesaria.

Os alumnos e alumnas poderán consultar calquera dúbida que lles xurda co xefe de Departamento nos períodos de recreo.

Avaliación inicial:deseño e medidas a adoptar

Ao comezo de cada curso e coa finalidade de adecuar as ensinanzas de cada materia ao alumnado e facilitar a progresión satisfactoria do seu proceso de aprendizaxe, o profesorado que imparta docencia no grupo realizará unha avaliación inicial, incidindo na obtención de información sobre os coñecementos previos do alumnado en cada unha das materias e o grao de desenvolvemento das competencias básicas. A avaliación incluírá a análise dos informes persoais da etapa ou curso anterior e completaráse coa información obtida a través da persoa titora.

A avaliación inicial será o punto de referencia para a toma de decisións relativas ao desenvolvemento do currículo, así como para adoptar aquelas medidas de apoio, reforzo e recuperación que se consideren oportunas para cada alumna ou alumno. Será de grande importancia a coordinación de todo o profesorado que imparta docencia en cada grupo co fin de tomar medidas conxuntas que faciliten o progreso do alumnado.

DESEÑO:

Nas primeiras semanas de curso faremos un repaso dos contidos de 1 bach necesarios para abordar con éxito a materia. Na impartición de ditos contidos , tódalas dúbidas que poidan xurdir nos servirán para facer a avaliación inicial do alumnado.

MEDIDAS A ADOPTAR:

No caso de detectar algún caso de dificultades académicas de algún alumno, estudaremos e adoptaremos, se fose o caso, e sempre en coordinación co Departamento de Orientación

- Establecer algún REFORZO para aqueles alumnos que así o precisen.
- Se fose preciso facer unha ACs esta sería deseñada a partir dos contidos mínimos contemplados na materia de Física e Química, ben centrándose só en eses mínimos ou incluso e excepcionalmente recortando algún deseS mínimos.

As medidas a adoptar en eses casos quedarán reflectidas nas actas do departamento se así fose preciso.

Plan de reforzo

Hai unha serie de contidos de física de 1 bach fundamentais para encarar con éxito a materia de FÍSICA 2 BACH, que por desgraza , dada a situación da pandemia do pasado curso quedaron ser explicar. Para solucionar da mellor forma dito problema, se repartirán o primeiro día de clase uns apuntes de ditos contidos imprescindibles, que se traballarán e explicarán nas dúas primeiras semanas de curso, e tamén ó longo do curso sempre que sexa necesario. Todos estes contidos non se avaliarán por separado xa que se irán avaliando dentro das unidades do curso, pois son necesarios para acadar moitos dos estándares de física 2 bach.

Ademais, en base ó traballo con estes contidos imprescindibles, elaboraremos a avaliación inicial do alumnado, para detectar as súas maiores dificultades.

Medidas a adoptar:

Unha vez detectadas as dificultades, repartiranse exercicios para traballar ditas dificultades, sempre en contacto co docente , ben de forma presencial ou ben a través de Google Classroom, para que tódalas dúbidas poidan quedar resoltas.

Medidas de atención á diversidade

As estratexias curriculares de atención á diversidade que levarán a cabo serán:

- Establecer secuencias de contido que aseguren aprendizaxes básicas para todos e coñecementos de maior complexidade para algúns.
- Diseñar actividades de ensino-aprendizaxe variadas e con diferente nivel de dificultade.
- Establecer agrupamentos que permitan contextos de aprendizaxe colaborativos.
- Utilizar recursos e materiais diferenciados-gráficos, visuais, audiovisuais, informáticos- para contemplar os distintos tipos de aprendizaxe dos alumnos.

- Propor actividades de ampliación para aqueles outros que van diante na súa aprendizaxe. Serán traballos voluntarios para profundar sobre os temas obxecto de estudo da unidade didáctica que se entregarán na unidade didáctica posterior
- . Adaptación dos tempos e instrumentos de avaliación (formatos de exames, orais, maior tempo para realizalos, menos preguntas por folla, tipo test, poñer en negra as palabras clave...)
- Menos deberes para a casa, os necesarios para profundizar e asimilar os conceptos dados na aula
- Coordinación entre o profesorado
- Control das axendas
- Darlle a opción de presentar os traballos a ordenador(sobre todo no caso de alumnos con dislexia)
- Apoiarse nos compañeiros
- Ofrecerlles experiencias de éxito
- Todas aquelas medidas específicas para o alumnado TDAH, contempladas no protocolo.

Os alumnos con necesidades específicas de apoio educativo agrúpanse nas seguintes categorías:

Necesidades educativas especiais

Altas capacidades intelectuais

Incorporación tardía ao sistema escolar

Condicións persoais ou historia escolar

Dificultades de aprendizaxe específicas.

En colaboración co departamento de orientación levarán a cabo medidas curriculares extraordinarias como as adaptacións curriculares individuais ou os reforzos aos alumnos dos grupos anteriores que o necesiten.

Os alumnos con necesidades educativas especiais, que presenten discapacidade sensorial do tipo auditivo e visual serán tratados da seguinte forma: Nas deficiencias auditivas, procuraremos situalos nun lugar adecuado para que poidan levar a cabo, sen dificultade, a lectura labial e o acceso visual á información. Nas deficiencias visuais, procuraremos tamén adaptar os materiais, os espazos e os recursos, facilitándolle en todo momento a súa integración.

No desenvolvemento da actividade docente atoparémonos probablemente con alumnado con certas dificultades para acadar os obxectivos da materia. O profesorado aplicará medidas de reforzo educativo dentro da aula co fin de que este alumnado poida alcanzar o máximo desenvolvemento das súas capacidades persoais e os obxectivos e competencias establecidos. Para poder atender axeitadamente a diversidade da aula, o alumnado traballará frecuentemente en grupos utilizando estruturas de aprendizaxe cooperativa que favorecen a axuda entre iguais. Por outra parte, propoñeranse actividades variadas que permitan atender os múltiples intereses, capacidades e motivacións dos alumnos e alumnas. Ademais, cando sexa necesario, prepararanse materiais de traballo que podan adecuar aos ritmos de aprendizaxe do alumnado, é dicir, materiais que sirvan para ampliar os coñecementos adquiridos do alumnado máis avantaxado e materias máis sinxelos que sirvan para reforzar os contidos mínimos para o alumnado con máis dificultades. Tamén ofrecerase atención individualizada ao alumnado que o precise ou requira para resolver dúbidas nalgún recreo. O profesorado, facendo uso da súa autonomía, adaptará as propostas dos protocolos sobre atención á diversidade elaborados pola Consellería de Educación e publicados en <http://www.edu.xunta.gal/portal/Educonvives.gal> á realidade do alumnado e do centro

Concreción dos elementos transversais a traballar durante o presente curso:

Contribución ao Plan TIC

A aplicación das tecnoloxías da información e a comunicación ao traballo da aula convértese nunha peza clave na educación e formación das novas xeracións. Trátase de que o alumnado, ao rematar a escolarización obrigatoria, acade unha competencia dixital. Esta competencia consiste en dispoñer de habilidades para buscar, obter, procesar e comunicar información, para transformala en coñecemento.

Entre as accións previstas polo departamento de Física e Química están as seguintes:

- Utilizaranse todos os recursos informáticos dispoñibles no centro (aula de informática, biblioteca, acceso a internet nas aulas) e fomentarse a utilización fora do instituto de todos os recursos informáticos ao alcance dos alumnos (na casa, cos compañeiros, na biblioteca pública da localidade...)
- Aprenderase a interpretar a información e a contrastala con outros soportes de información, facendo en definitiva dun modo atractivo e pedagóxico o achegamento a aprendizaxe a través destes medios.
- Proporanse proxectos e traballos a realizar individualmente ou en grupo para fomentar todos os materiais de información dispoñibles.
- Tratarase de acceder unha ou dúas veces mensuais a aula de informática e segundo o aproveitamento utilizarase con máis frecuencia este recurso.
- Desde o Departamento adoptaremos e colaboraremos en calquera outra medida proposta desde o Centro

Plan de convivencia

Dende o departamento de Física e Química tentaremos traballar en sintonía co Plan de Convivencia do centro e para iso na nosa materia traballaremos a prol dunha educación en valores baseada en temas como:

- Educación para a paz
- Educación moral e cívica
- Educación para a igualdade entre sexos.

Obxectivos:fixaremos como propios os obxectivos no Plan de Convivencia:

- Coñecer aspectos teóricos básicos da convivencia entre iguais, relacións profesor-alumno, a convivencia na interculturalidade e a convivencia na diferenza de xénero, utilizando unha linguaxe común.
- Implicarnos nos procesos de reflexión e acción que axuden a prever conflitos de convivencia no centro.
- Procurar ferramentas prácticas para a detección, a abordaxe e a resolución de conflitos de convivencia nos centros.
- Resolver, derivar ou notificar posibles situacións de desprotección ou de risco que se detecten por mor de conflitos que se dean no aula.
- Participar na adaptación e posta en marcha das accións establecidas no Plan de Convivencia.

Proxecto Lector

O plan anual de lectura e o proxecto lector de centro garantirán a paulatina capacitación do alumnado nas competencias básicas que se pretenden, de cara a súa formación como cidadáns activos e solidarios.

A formación da lectura comprensiva esixe, pola súa vez, un traballo progresivo e continuado. Traballarase con todo tipo de textos tanto en soporte impreso como electrónico.

O procedemento a levar a cabo polo departamento de Física e Química nas materias integradas nel será o seguinte:

- Ao principio ou final de cada unidade didáctica levaranse libros de consulta e revistas a aula relativas á unidade tratada
- Dedicaremos un tempo a lectura de algún artigo ou texto relacionado coa mesma, fomentando tamén a busca de noticias relacionadas no xornal aos que eles teñen acceso nos seus domicilios.

- Realizarase unha avaliación continuada dos avances ou dificultades do alumno o abordar textos científicos cada vez máis complexos así como a súa actitude cara o aprendizaxe a través dos mesmos, a través da rúbrica correspondente.
- Se nalgún momento así o consideramos incluiremos a posibilidade de facilitar algún libro de lectura aos alumnos de carácter voluntario e/ou obrigatorio
- O profesor da materia tamén contempla a posibilidade de participar nalgún "clube de lectura" en colaboración coa Biblioteca do centro.

Actividade complementarias e extraescolares

- Visita a algún dos museos científicos coruñeses (Muncyt ou Casa das Ciencias) e participación no obradoiro “Como se desenvolven os fármacos?” enmarcado dentro do programa “Laboratorio Aberto” do DOMUS. Valorarase a viabilidade da saída en función do custo da mesma intentando a coordinación con outros departamentos para rebaixalo.
- Charla divulgativa de física recreativa dentro do programa Clickonphysics a cargo de José Benito Vazquez Dorrío da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía da Universidade de Vigo.
- Promoverase entre o alumnado a participación en diversos concursos ou feiras científicas a través da elaboración de relatos científicos, creación de vídeos ou de proxectos de investigación

Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas e procesos de mellora.

Avaliación da programación didáctica

Indicadores

	Escala			
	1	2	3	4
1. Adecuación do deseño das unidades didácticas, temas ou proxectos a partir dos elementos do currículo.				
2. Adecuación da secuenciación e da temporalización das unidades didácticas / temas / proxectos.				
3. O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e a temporalización previstas.				
4. Adecuación da secuenciación dos estándares para cada unha das unidades, temas ou proxectos.				

5. Adecuación do grao mínimo de consecución fixado para cada estándar.				
6. Vinculación de cada estándar a un ou varios instrumentos para a súa avaliación.				
7. Fixación dunha estratexia metodolóxica común para todo o departamento.				
8. Adecuación da secuencia de traballo na aula.				
9. Adecuación dos materiais didácticos utilizados.				
10. Adecuación do libro de texto				
11. Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua: probas, traballos, etc.				
12. Adecuación dos exames, tendo en conta os estándares				
13. Adecuación dos programas de apoio, recuperación, etc. vinculados aos estándares.				
14. Adecuación das medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE.				
15. Grao de desenvolvemento das actividades complementarias e extraescolares previstas.				
16. Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre os criterios de promoción.				
17. Adecuación do seguimento e da revisión da programación ao longo do curso.				
18. Contribución desde a materia ao plan de lectura do centro.				
19. Grao de integración das TIC no desenvolvemento da materia.				

- Procurar unha avaliación máis personalizada, indagando máis na progresión de cada alumno, a partir das dificultades atopadas nos primeiros intres do curso
- Manter reunión individuais cos alumnos para comentar as súas notas en tódalas probas realizadas, informándolles do que conseguiron facer ben e do que necesitan mellorar. Para iso, se lle dará unha maior importancia á corrección conxunta na clase dos exames, e sobre todo ó repaso na clase das rúbricas tanto de laboratorio coma de traballos de investigación, para que sexan capaces de coñecer o que teñen que saber facer.

- Estreitar a relación cos tiores de cada curso, mantendo a boa dinámica que se tivo este ano que remata
- Participar activamente nos proxectos do centro, así coma en tódalas actividades que se poidan dar, coma o rally científico

PROGRAMACIÓN QUÍMICA 2º BACHARELATO

Introducción e contextualización

Neste curso 20-21, a pandemia derivada do Covid fai que teñamos que programar tendo en conta os diferentes posibles escenarios que se poden dar(presencial, semipresencial e online). Debido a isto, ó longo da programación irase matizando as posibles adaptacións na metodoloxía e na avaliación derivadas da pandemia.

A materia de Química no bacharelato debe contribuír a afondar no coñecemento do mundo que rodea o alumnado, á familiarización coa actividade científica e tecnolóxica, e ao desenvolvemento das competencias clave. Desde esta disciplina débese seguir atendendo ás relacións entre ciencia, tecnoloxía, sociedade e ambiente, en particular ás aplicacións da química, á súa presenza na vida cotiá e ás súas repercusións directas en numerosos ámbitos da sociedade actual. A súa relación con outros campos de coñecemento, como a bioloxía, a medicina, a enxeñaría, a xeoloxía, a astronomía, a farmacia ou a ciencia dos materiais, por citar algúns, fai que contribúa a unha formación crítica en relación co papel que a química desenvolve na sociedade, tanto como elemento de progreso como polos posibles efectos negativos dalgúns dos seus desenvolvementos. A materia de Química apóiase nas matemáticas e na física e, á súa vez, serve de base para as ciencias da vida. Desde esta posición, esta materia amplía a formación científica do alumnado e proporciona unha ferramenta para a comprensión da natureza das ciencias en xeral, polo que é unha axuda importante na toma de decisións ben fundamentadas e responsables en relación coa súa propia vida e coa comunidade onde vive, co obxectivo final de construír unha sociedade mellor, dada a capacidade da química para resolver problemas humanos e responder a diferentes necesidades sociais.

A materia e o desenvolvemento das competencias clave

Segundo a LOMCE defínense as competencias clave como as capacidades para aplicar de xeito integrado os contidos propios de cada ensinanza e etapa educativa, co fin de lograr a realización adecuada de actividades e a resolución eficaz de problemas complexos.

A contribución desde a materia de Química de 2º Bacharelato cara a consecución das competencias clave quedan expresadas no seguinte cadro resumo no cal se relacionan as competencias cos estándares de aprendizaxe:

CÓD	COMPETENCIA
CAA	Competencia aprender a aprender.
CCEC	Conciencia e expresións culturais.
CCL	Comunicación lingüística.
CD	Competencia dixital.
CMCCT	Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.

CSC	Competencias sociais e cívicas.
CSIEE	Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.

PERFIL COMPETENCIAL EN BRUTO CON TÓDOLOS ESTÁNDARES

Competencia Clave:		Aprender a aprender
Nive 1	Área	Estándares
2 bach	Química	QUB1.1.1. Aplica habilidades necesarias para a investigación científica traballando tanto individualmente como en grupo, formulando preguntas, identificando problemas, recollendo datos mediante a observación ou a experimentación, analizando e comunicando os resultados, e desenvolvendo explicacións mediante a realización dun informe final.
2 bach	Química	QUB1.4.1. Analiza a información obtida principalmente a través de internet, identificando as principais características ligadas á fiabilidade e á obxectividade do fluxo de información científica.
2 bach	Química	QUB1.4.2. Selecciona, comprende e interpreta información relevante nunha fonte de información de divulgación científica, e transmite as conclusións obtidas utilizando a linguaxe oral e escrita con propiedade.

2 bach	Química	QUB3.4.2. Comproba e interpreta experiencias de laboratorio onde se poñen de manifesto os factores que inflúen no desprazamento do equilibrio químico, en equilibrios homoxéneos e heteroxéneos.
2 bach	Química	QUB3.14.1. Predí o comportamento ácido-base dun sal disolvido en auga aplicando o concepto de hidrólise, e escrib os procesos intermedios e os equilibrios que teñen lugar.

PERFIL COMPETENCIAL EN BRUTO CON TÓDOLOS ESTÁNDARES

Competencia Clave: Competencia Dixital

Nivel	Área	Estándares
2 bach	Química	QUB1.3.1. Elabora información e relaciona os coñecementos químicos aprendidos con fenómenos da natureza, e as posibles aplicacións e consecuencias na sociedade actual.
2 bach	Química	QUB1.3.2. Localiza e utiliza aplicacións e programas de simulación de prácticas de laboratorio.
2 bach	Química	QUB1.3.3. Realiza e defende un traballo de investigación utilizando as tecnoloxías da información e da comunicación.
2 bach	Química	QUB1.4.1. Analiza a información obtida principalmente a través de internet, identificando as principais características ligadas á fiabilidade e á obxectividade do fluxo de información científica.

PERFIL COMPETENCIAL EN BRUTO CON TÓDOLOS ESTÁNDARES

Competencia Clave:		Comunicación Lingüística
Nivel	Área	Estándares
2 bach	Química	QUB1.1.1. Aplica habilidades necesarias para a investigación científica traballando tanto individualmente como en grupo, formulando preguntas, identificando problemas, recollendo datos mediante a observación ou a experimentación, analizando e comunicando os resultados, e desenvolvendo explicacións mediante a realización dun informe final.
2 bach	Química	QUB1.3.1. Elabora información e relaciona os coñecementos químicos aprendidos con fenómenos da natureza, e as posibles aplicacións e consecuencias na sociedade actual.
2 bach	Química	QUB1.3.3. Realiza e defende un traballo de investigación utilizando as tecnoloxías da información e da comunicación.
2 bach	Química	QUB1.4.2. Selecciona, comprende e interpreta información relevante nunha fonte de información de divulgación científica, e transmite as conclusións obtidas utilizando a linguaxe oral e escrita con propiedade.

PERFIL COMPETENCIAL EN BRUTO CON TÓDOLOS ESTÁNDARES

Competencia Clave:		Conciencia e expresións culturais
Nivel	Área	Estándares
2 bach	Química	QUB2.1.1. Explica as limitacións dos distintos modelos atómicos en relación cos feitos experimentais que levan asociados
2 bach	Química	QUB4.12.1. Recoñece as utilidades que os compostos orgánicos teñen en sectores como a alimentación, a agricultura, a biomedicina, a enxeñaría de materiais e a enerxía, fronte ás posibles desvantaxes que leva consigo o seu desenvolvemento.

PERFIL COMPETENCIAL EN BRUTO CON TÓDOLOS ESTÁNDARES

Competencia Clave: Matemática, ciencia e tecnoloxía

Nivel	Área	Estándares
2 bach	Química	QUB1.1.1. Aplica habilidades necesarias para a investigación científica traballando tanto individualmente como en grupo, formulando preguntas, identificando problemas, recollendo datos mediante a observación ou a experimentación, analizando e comunicando os resultados, e desenvolvendo explicacións mediante a realización dun informe final.
2 bach	Química	QUB1.2.1. Utiliza o material e os instrumentos de laboratorio empregando as normas de seguridade adecuadas para a realización de experiencias químicas.
2 bach	Química	QUB1.3.1. Elabora información e relaciona os coñecementos químicos aprendidos con fenómenos da natureza, e as posibles aplicacións e consecuencias na sociedade actual.
2 bach	Química	QUB1.3.2. Localiza e utiliza aplicacións e programas de simulación de prácticas de laboratorio.
2 bach	Química	QUB1.3.3. Realiza e defende un traballo de investigación utilizando as tecnoloxías da información e da comunicación.
2 bach	Química	QUB1.4.1. Analiza a información obtida principalmente a través de internet, identificando as principais características ligadas á fiabilidade e á obxectividade do fluxo de información científica.
2 bach	Química	QUB1.4.2. Selecciona, comprende e interpreta información relevante nunha fonte de información de divulgación científica e transmite as conclusións obtidas utilizando a linguaxe oral e escrita con propiedade.
2	Química	QUB2.1.1. Explica as limitacións dos distintos modelos atómicos en relación cos feitos experimentais que levan asociados.

bach		
2 bach	Química	<ul style="list-style-type: none"> ▪ QUB2.1.2. Calcula o valor enerxético correspondente a unha transición electrónica entre dous niveis dados, en relación coa interpretación dos espectros atómicos.
2 bach	Química	<ul style="list-style-type: none"> ▪ QUB2.2.1. Diferencia o significado dos números cuánticos segundo Bohr e a teoría mecanocuántica que define o modelo atómico actual, en relación co concepto de órbita e orbital.
2 bach	Química	<ul style="list-style-type: none"> ▪ QUB2.3.1. Determina lonxitudes de onda asociadas a partículas en movemento para xustificar o comportamento ondulatorio dos electróns.
2 bach	Química	<ul style="list-style-type: none"> ▪ QUB2.3.2. Xustifica o carácter probabilístico do estudo de partículas atómicas a partir do principio de indeterminación de Heisenberg.
2 bach	Química	<ul style="list-style-type: none"> ▪ QUB2.4.1. Coñece as partículas subatómicas e os tipos de quarks presentes na natureza íntima da materia e na orixe primixenia do Universo, explicando as características e a clasificación destes.
2 bach	Química	<ul style="list-style-type: none"> ▪ QUB2.5.1. Determina a configuración electrónica dun átomo, coñecida a súa posición na táboa periódica e os números cuánticos posibles do electrón diferenciador.
2 bach	Química	<ul style="list-style-type: none"> ▪ QUB2.6.1. Xustifica a reactividade dun elemento a partir da estrutura electrónica ou a súa posición na táboa periódica.
2 bach	Química	<ul style="list-style-type: none"> ▪ QUB2.7.1. Argumenta a variación do raio atómico, potencial de ionización, afinidade electrónica e electronegatividade en grupos e períodos, comparando as devanditas propiedades para elementos diferentes.
2 bach	Química	<ul style="list-style-type: none"> ▪ QUB2.8.1. Xustifica a estabilidade das moléculas ou dos cristais formados empregando a regra do octeto ou baseándose nas interaccións dos electróns da capa de valencia para a formación dos enlaces.
2 bach	Química	<ul style="list-style-type: none"> ▪ QUB2.9.1. Aplica o ciclo de Born-Haber para o cálculo da enerxía reticular de cristais iónicos.

2 bach	Química	<ul style="list-style-type: none"> ▪ QUB2.9.2. Compara a fortaleza do enlace en distintos compostos iónicos aplicando a fórmula de Born-Landé para considerar os factores dos que depende a enerxía reticular.
2 bach	Química	<ul style="list-style-type: none"> ▪ QUB2.10.1. Determina a polaridade dunha molécula utilizando o modelo ou a teoría máis axeitados para explicar a súa xeometría.
2 bach	Química	<ul style="list-style-type: none"> ▪ QUB2.10.2. Representa a xeometría molecular de distintas substancias covalentes aplicando a TEV e a TRPECV.
2 bach	Química	<ul style="list-style-type: none"> ▪ QUB2.11.1. Dálles sentido aos parámetros moleculares en compostos covalentes utilizando a teoría de hibridación para compostos inorgánicos e orgánicos.
2 bach	Química	<ul style="list-style-type: none"> ▪ QUB2.12.1. Explica a condutividade eléctrica e térmica mediante o modelo do gas electrónico, aplicándoo tamén a substancias semiconductoras e superconductoras.
2 bach	Química	<ul style="list-style-type: none"> ▪ QUB2.13.1. Describe o comportamento dun elemento como illante, condutor ou semiconductor eléctrico, utilizando a teoría de bandas.
2 bach	Química	<ul style="list-style-type: none"> ▪ QUB2.13.2. Coñece e explica algunhas aplicacións dos semicondutores e supercondutores, e analiza a súa repercusión no avance tecnolóxico da sociedade.
2 bach	Química	<ul style="list-style-type: none"> ▪ QUB2.14.1. Xustifica a influencia das forzas intermoleculares para explicar como varían as propiedades específicas de diversas substancias en función das devanditas interaccións.
2 bach	Química	<ul style="list-style-type: none"> ▪ QUB2.15.1. Compara a enerxía dos enlaces intramoleculares en relación coa enerxía correspondente ás forzas intermoleculares, xustificando o comportamento fisicoquímico das moléculas.
2 bach	Química	<ul style="list-style-type: none"> ▪ QUB3.1.1. Obtén ecuacións cinéticas reflectindo as unidades das magnitudes que interveñen.

2 bach	Química	<ul style="list-style-type: none"> ▪ QUB3.2.1. Predí a influencia dos factores que modifican a velocidade dunha reacción.
2 bach	Química	<ul style="list-style-type: none"> ▪ QUB3.2.2. Explica o funcionamento dos catalizadores en relación con procesos industriais e a catálise encimática, analizando a súa repercusión no medio e na saúde.
2 bach	Química	<ul style="list-style-type: none"> ▪ QUB3.3.1. Deduce o proceso de control da velocidade dunha reacción química identificando a etapa limitante correspondente ao seu mecanismo de reacción.
2 bach	Química	<ul style="list-style-type: none"> ▪ QUB3.4.1. Interpreta o valor do cociente de reacción comparándoo coa constante de equilibrio, prevendo a evolución dunha reacción para alcanzar o equilibrio.
2 bach	Química	<ul style="list-style-type: none"> ▪ QUB3.4.2. Comproba e interpreta experiencias de laboratorio onde se poñen de manifesto os factores que inflúen no desprazamento do equilibrio químico, en equilibrios homoxéneos e heteroxéneos.
2 bach	Química	<ul style="list-style-type: none"> ▪ QUB3.5.1. Acha o valor das constantes de equilibrio, K_c e K_p, para un equilibrio en diferentes situacións de presión, volume ou concentración.
2 bach	Química	<ul style="list-style-type: none"> ▪ QUB3.5.2. Calcula as concentracións ou presións parciais das substancias presentes nun equilibrio químico empregando a lei de acción de masas, e deduce como evoluciona o equilibrio ao variar a cantidade de produto ou reactivo.
2 bach	Química	<ul style="list-style-type: none"> ▪ QUB3.6.1. Utiliza o grao de disociación aplicándoo ao cálculo de concentracións e constantes de equilibrio K_c e K_p.
2 bach	Química	<ul style="list-style-type: none"> ▪ QUB3.7.1. Relaciona a solubilidade e o produto de solubilidade aplicando a lei de Guldberg e Waage en equilibrios heteroxéneos sólido-líquido, e aplícao experimentalmente como método de separación e identificación de mesturas de sales disolvidos.
2 bach	Química	<ul style="list-style-type: none"> ▪ QUB3.8.1. Aplica o principio de Le Chatelier para predicir a evolución dun sistema en equilibrio ao modificar a temperatura, a presión, o volume ou a concentración que o definen, utilizando como exemplo a obtención industrial do amoníaco.
2 bach	Química	<ul style="list-style-type: none"> ▪ QUB3.9.1. Analiza os factores cinéticos e termodinámicos que inflúen nas velocidades de reacción e na evolución dos equilibrios para optimizar a

		obtención de compostos de interese industrial, como por exemplo o amoníaco.
2 bach	Química	<ul style="list-style-type: none"> ▪ QUB3.10.1. Calcula a solubilidade dun sal interpretando como se modifica ao engadir un ión común, e verifica experimentalmente nalgúns casos concretos.
2 bach	Química	<ul style="list-style-type: none"> ▪ QUB3.11.1. Xustifica o comportamento ácido ou básico dun composto aplicando a teoría de Brønsted-Lowry dos pares de ácido-base conxugados.
2 bach	Química	<ul style="list-style-type: none"> ▪ QUB3.12.1. Identifica o carácter ácido, básico ou neutro, e a fortaleza ácido-base de distintas disolucións segundo o tipo de composto disolvido nelas, e determina teoricamente e experimentalmente o valor do pH destas.
2 bach	Química	<ul style="list-style-type: none"> ▪ QUB3.13.1. Describe o procedemento para realizar unha volumetría ácido-base dunha disolución de concentración descoñecida, realizando os cálculos necesarios.
2 bach	Química	<ul style="list-style-type: none"> ▪ QUB3.14.1. Predí o comportamento ácido-base dun sal disolvido en auga aplicando o concepto de hidrólise, e escrib os procesos intermedios e os equilibrios que teñen lugar.
2 bach	Química	<ul style="list-style-type: none"> ▪ QUB3.15.1. Determina a concentración dun ácido ou unha base valorándoa con outra de concentración coñecida, establecendo o punto de equivalencia da neutralización mediante o emprego de indicadores ácido-base (faino no laboratorio no caso de ácidos e bases fortes).
2 bach	Química	<ul style="list-style-type: none"> ▪ QUB3.16.1. Recoñece a acción dalgúns produtos de uso cotián como consecuencia do seu comportamento químico ácido-base.
2 bach	Química	<ul style="list-style-type: none"> ▪ QUB3.17.1. Define oxidación e redución en relación coa variación do número de oxidación dun átomo en substancias oxidantes e reductoras.
2 bach	Química	<ul style="list-style-type: none"> ▪ QUB3.18.1. Identifica reaccións de oxidación-redución empregando o método do ión-electrón para axustalas.
2 bach	Química	<ul style="list-style-type: none"> ▪ QUB3.19.1. Relaciona a espontaneidade dun proceso redox coa variación de enerxía de Gibbs, considerando o valor da forza electromotriz obtida.

2 bach	Química	<ul style="list-style-type: none"> ▪ QUB3.19.2. Deseña unha pila coñecendo os potenciais estándar de redución, utilizándoos para calcular o potencial xerado formulando as semirreaccións redox correspondentes, e constrúe unha pila Daniell.
2 bach	Química	<ul style="list-style-type: none"> ▪ QUB3.19.3. Analiza un proceso de oxidación-redución coa xeración de corrente eléctrica representando unha célula galvánica.
2 bach	Química	<ul style="list-style-type: none"> ▪ QUB3.20.1. Describe o procedemento para realizar unha volumetría redox, realizando os cálculos estequiométricos correspondentes.
2 bach	Química	<ul style="list-style-type: none"> ▪ QUB3.21.1. Aplica as leis de Faraday a un proceso electrolítico determinando a cantidade de materia depositada nun eléctrodo ou o tempo que tarda en facelo, e compróbo experimentalmente nalgún proceso dado.
2 bach	Química	<ul style="list-style-type: none"> ▪ QUB3.22.1. Representa os procesos que teñen lugar nunha pila de combustible, escribindo as semirreaccións redox e indicando as vantaxes e os inconvenientes do uso destas pilas fronte ás convencionais.
2 bach	Química	<ul style="list-style-type: none"> ▪ QUB3.22.2. Xustifica as vantaxes da anodización e a galvanoplastia na protección de obxectos metálicos.
2 bach	Química	<ul style="list-style-type: none"> ▪ QUB4.1.1. Relaciona a forma de hibridación do átomo de carbono co tipo de enlace en diferentes compostos representando graficamente moléculas orgánicas sinxelas.
2 bach	Química	<ul style="list-style-type: none"> ▪ QUB4.2.1. Diferencia, nomea e formula hidrocarburos e compostos orgánicos que posúen varios grupos funcionais.
2 bach	Química	<ul style="list-style-type: none"> ▪ QUB4.3.1. Distingue os tipos de isomería representando, formulando e nomeando os posibles isómeros, dada unha fórmula molecular.
2 bach	Química	<ul style="list-style-type: none"> ▪ QUB4.4.1. Identifica e explica os principais tipos de reaccións orgánicas (substitución, adición, eliminación, condensación e redox), predicindo os produtos, se é necesario.
2 bach	Química	<ul style="list-style-type: none"> ▪ QUB4.5.1. Desenvolve a secuencia de reaccións necesarias para obter un composto orgánico determinado a partir de outro con distinto grupo fun-

		cional, aplicando a regra de Markovnikov ou de Saytzeff para a formación de distintos isómeros.
2 bach	Química	▪ QUB4.6.1. Relaciona os grupos funcionais e as estruturas principais con compostos sinxelos de interese biolóxico.
2 bach	Química	▪ QUB4.7.1. Recoñece macromoléculas de orixe natural e sintética.
2 bach	Química	▪ QUB4.8.1. A partir dun monómero, diseña o polímero correspondente e explica o proceso que tivo lugar.
2 bach	Química	▪ QUB4.9.1. Utiliza as reaccións de polimerización para a obtención de compostos de interese industrial como polietileno, PVC, poliestireno, caucho, poliamidas e poliésteres, poliuretanos e baquelita.
2 bach	Química	▪ QUB4.10.1. Identifica substancias e derivados orgánicos que se utilizan como principios activos de medicamentos, cosméticos e biomateriais, e valora a repercusión na calidade de vida.
2 bach	Química	▪ QUB4.11.1. Describe as principais aplicacións dos materiais polímeros de alto interese tecnolóxico e biolóxico (adhesivos e revestimentos, resinas, tecidos, pinturas, próteses, lentes, etc.), en relación coas vantaxes e as desvantaxes do seu uso segundo as propiedades que o caracterizan.
2 bach	Química	▪ QUB4.12.1. Recoñece as utilidades que os compostos orgánicos teñen en sectores como a alimentación, a agricultura, a biomedicina, a enxeñaría de materiais e a enerxía, fronte ás posibles desvantaxes que leva consigo o seu desenvolvemento.

PERFIL COMPETENCIAL EN BRUTO CON TÓDOLOS ESTÁNDARES

Competencia Clave: Sentido de iniciativa e espírito emprendedor

Nivel	Área	Estándares
-------	------	------------

2 bach	Química	QUB1.1.1. Aplica habilidades necesarias para a investigación científica traballando tanto individualmente como en grupo, formulando preguntas, identificando problemas, recollendo datos mediante a observación ou a experimentación, analizando e comunicando os resultados, e desenvolvendo explicacións mediante a realización dun informe final
2 bach	Química	QUB1.3.3. Realiza e defende un traballo de investigación utilizando as tecnoloxías da información e da comunicación.


PERFIL COMPETENCIAL EN BRUTO CON TÓDOLOS ESTÁNDARES

Competencia Clave:		Sociais e cívicas
Nivel	Área	Estándares
2 bach	Química	QUB1.1.1. Aplica habilidades necesarias para a investigación científica traballando tanto individualmente como en grupo, formulando preguntas, identificando problemas, recollendo datos mediante a observación ou a experimentación, analizando e comunicando os resultados, e desenvolvendo explicacións mediante a realización dun informe final.
2 bach	Química	QUB1.2.1. Utiliza o material e os instrumentos de laboratorio empregando as normas de seguridade adecuadas para a realización de experiencias químicas.
2 bach	Química	QUB1.3.1. Elabora información e relaciona os coñecementos químicos aprendidos con fenómenos da natureza, e as posibles aplicacións e consecuencias na sociedade actual.
▪ B2.15. Diferenciar as forzas intramoleculares das intermoleculares en compostos iónicos ou covalentes.
▪ B3.1. Definir velocidade dunha reacción e aplicar a teoría das colisións e do estado de transición utilizando o concepto de enerxía de activación.
▪ B3.2. Xustificar como a natureza e a concentración dos reactivos, a temperatura e a presenza de catalizadores modifican a velocidade de reacción.
▪ B3.3. Coñecer que a velocidade dunha reacción química depende da etapa limitante segundo o seu mecanismo de reacción establecido.
▪ B3.4. Aplicar o concepto de equilibrio químico para predicir a evolución dun sistema.
▪ B3.5. Expresar matematicamente a constante de equilibrio dun proceso no que interveñen gases, en función da concentración e das presións parciais.
▪ B3.6. Relacionar K_c e K_p en equilibrios con gases, interpretando o seu significado, e resolver problemas de equilibrios homoxéneos en reaccións gasosas.
▪ B3.7. Resolver problemas de equilibrios heteroxéneos, con especial atención aos de disolución-precipitación.

<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.8. Aplicar o principio de Le Chatelier a distintos tipos de reaccións tendo en conta o efecto da temperatura, a presión, o volume e a concentración das substancias presentes, predicindo a evolución do sistema.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.9. Valorar a importancia do principio de Le Chatelier en diversos procesos industriais.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.10. Explicar como varía a solubilidade dun sal polo efecto dun ión común.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.11. Aplicar a teoría de Brønsted para recoñecer as substancias que poden actuar como ácidos ou bases.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.12. Determinar o valor do pH de distintos tipos de ácidos e bases.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.13. Explicar as reaccións ácido-base e a importancia dalgunha delas, así como as súas aplicacións prácticas.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.14. Xustificar o pH resultante na hidrólise dun sal.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.15. Utilizar os cálculos estequiométricos necesarios para levar a cabo unha reacción de neutralización ou volumetría ácido-base.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.16. Coñecer as aplicacións dos ácidos e das bases na vida cotiá (produtos de limpeza, cosmética, etc.).
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.17. Determinar o número de oxidación dun elemento químico identificando se se oxida ou reduce nunha reacción química.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.18. Axustar reaccións de oxidación-redución utilizando o método do ión-electrón e facer os cálculos estequiométricos correspondentes.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.19. Comprender o significado de potencial estándar de redución dun par redox, utilizándoo para predicir a espontaneidade dun proceso entre dous pares redox.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.20. Realizar cálculos estequiométricos necesarios para aplicar ás volumetrías redox.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.21. Determinar a cantidade de substancia depositada nos eléctrodos dunha cuba electrolítica empregando as leis de Faraday.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.22. Coñecer algunhas das aplicacións da electrólise como a prevención da corrosión, a fabricación de pilas de distintos tipos (galvánicas, alcalinas e de combustible) e a obtención de elementos puros.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.1. Recoñecer os compostos orgánicos, segundo a función que os caracteriza.

▪ B4.2. Formular compostos orgánicos sinxelos con varias funcións.
▪ B4.3. Representar isómeros a partir dunha fórmula molecular dada.
▪ B4.4. Identificar os principais tipos de reaccións orgánicas: substitución, adición, eliminación, condensación e redox.
▪ B4.5. Escribir e axustar reaccións de obtención ou transformación de compostos orgánicos en función do grupo funcional presente.
▪ B4.6. Valorar a importancia da química orgánica vinculada a outras áreas de coñecemento e ao interese social.
▪ B4.7. Determinar as características máis importantes das macromoléculas.
▪ B4.8. Representar a fórmula dun polímero a partir dos seus monómeros, e viceversa.
▪ B4.9. Describir os mecanismos máis sinxelos de polimerización e as propiedades dalgúns dos principais polímeros de interese industrial.
▪ B4.10. Coñecer as propiedades e a obtención dalgúns compostos de interese en biomedicina e, en xeral, nas ramas da industria.
▪ B4.11. Distinguir as principais aplicacións dos materiais polímeros, segundo a súa utilización en distintos ámbitos.
▪ B4.12. Valorar a utilización das substancias orgánicas no desenvolvemento da sociedade actual e os problemas ambientais que se poden derivar.

Procedementos e instrumentos de avaliación

Os procedementos de avaliación clasifícanse en:

TÉCNICAS DE OBSERVACIÓN (TO): O seu obxectivo é coñecer comportamento natural dos alumnos en situacións espontáneas, que poden ser controladas ou non. Utilízanse sobre todo para coñecer a nivel de logro dos estándares transversais (que fan referencia ás prácticas de laboratorio e ós traballos de investigación). Dentro da metodoloxía baseada na observación agrúpanse os seguintes instrumentos: rexistro anecdótico (para observar acontecementos non previsibles e participacións positivas e negativas na aula) e rúbricas (listado de aspectos nos que se detalla descritivamente a súa consecución).

REVISIÓN DE TAREFAS DO ALUMNO (RT): Empréganse para avaliar o traballo diario do alumno tanto na clase (análise do caderno do alumno (para comprobar se toma apuntes de forma ordenada, se corrixe os erros, a súa correcta caligrafía e ortografía, uso correcto da linguaxe científica, etc), coma na casa (realización dos boletíns de exercicios) . Para cuantificar a avaliación se empregará unha lista de control sobre o caderno do alumno e os boletíns como instrumentos de avaliación.

PROBAS ESPECÍFICAS (PE): Empréganse para avaliar conceptos e procedementos. Consistirán basicamente nos exames , que estarán compostos por varias cuestións e problemas.

*Os procedementos de avaliación serán os mesmos en tódalas modalidades (**presencial, online e semipresencial**), aínda que se terán que adaptar os instrumentos a cada modalidade. É dicir, na modalidade online, o instrumento rexistro anecdótico do traballo do alumno recolle as súas aportacións en ggole classroom e nas videoconferencias. O instrumento rúbricas na modalidade online centrase totalmente nas rúbricas de exposición de traballos, xa que é imposible traballar no laboratorio. Os instrumentos lista de control sobre a libreta e boletíns de exercicios non necesitan de ningunha adaptación, e por último, os exames serán feitos a través das plataformas Google Classroom ou correo electrónico,ou tamén a través do emprego do teléfono nun caso no que non se dispoña da conexión de internet necesaria.*

Criterios de cualificación

Os criterios de cualificación veñen descritos na táboa de avaliación

A nota correspondente a cada avaliación calcularase tendo en conta as seguintes porcentaxes aplicadas a cada unidade didáctica

UNIDADES	porcentaxe	avaliación
1. Evolución histórica dos modelos atómicos	20%	1ª AV
2. Configuración electrónica: sistema periódico	30%	
3. Enlace químico	50%	
4. Velocidade das reaccións químicas	20%	2ª AV

5. Equilibrio químico	25%	
6. Ácido base	25%	
7. Electroquímica	30%	
8. Química do carbono	100%	3ª AV

Para os alumnos que non acaden o aprobado (5) , haberá unha proba de recuperación por avaliación, na que se seguirán os mesmos porcentaxes anteriormente descritos. Superarase a avaliación cando se obteña unha nota igual ou superior a 5 en dita proba.

Os alumnos que teñan perdido o dereito á avaliación continua terán dereito á realización dunha proba referida aos contidos de todo o curso, que se realizará antes da avaliación final ordinaria. Considerarase superada se obtén unha puntuación igual a 5 ou superior.

Os alumnos aprobarán o curso cando teñan aprobadas as tres avaliacións.

Neste caso, a nota final do curso será a media aritmética das notas das tres avaliacións.

Para os alumnos que non superen o curso haberá unha proba de recuperación en xuño, na que terán que examinarse das avaliacións que non teñan superadas. Para acadar o aprobado terán que acadar unha nota igual ou superior a 5 puntos

Os alumnos que non superen a materia en xuño deberán presentarse á convocatoria extraordinaria en setembro, e que para acadar o aprobado haberá que obter en dita proba un mínimo de 5 puntos.

Criterios de corrección

- ✓ Todos os exercicios do exame terán a mesma puntuación salvo indicación expresa do valor do exercicio.
- ✓ No caso de que conteñan varios apartados, cada un deles valorarase tamén por igual a menos que se indique o contrario.
- ✓ Na cualificación dunha pregunta teórica ou dunha cuestión, ademais de ter en conta que a resposta debe ser correcta , valorarase claridade e concreción na exposición, o razoamento empregado, a presentación, redacción,e ortografía.

- ✓ Na cualificación dun problema en cada apartado valorarase por unha parte o prantexamento: correcta utilización das leis e conceptos e por outra banda, valorarase todo o desenvolvemento preciso para chegar a solución final, tendo tamén en conta a correcta ou incorrecta utilización da ferramenta matemática necesaria.
- ✓ As solución numéricas non acompañadas de unidades ou con unidades incorrectas – 0,25 (por problema)
- ✓ Os erros de cálculo. – 0,25 (por problema) Nas cuestións teóricas consideraranse tamén válidas as xustificacións por exclusión das cuestións incorrectas.

Avaliación do proceso de ensino e a práctica docente

Indicadores de logro do proceso de ensino

	Escala			
	1	2	3	4
1. O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado.				
2. Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreceu a aprendizaxe.				
3. Conseguiuse motivar para lograr a actividade intelectual e física do alumnado.				
4. Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado.				
5. Contouse co apoio e coa implicación das familias no traballo do alumnado.				
6. Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado.				
7. Adoptáronse as medidas curriculares adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.				
8. Adoptáronse as medidas organizativas adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.				
9. Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado.				

10. Usáronse distintos instrumentos de avaliación.				
11. Dáse un peso real á observación do traballo na aula.				
12. Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo.				

Indicadores de logro da práctica docente

	Escala			
	1	2	3	4
1. Como norma xeral, fanse explicacións xerais para todo o alumnado.				
2. Ofrecense a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa.				
3. Elabóranse actividades atendendo á diversidade.				
4. Elabóranse probas de avaliación adaptadas ás necesidades do alumnado con NEAE.				
5. Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar.				
6. Combínase o traballo individual e en equipo.				
7. Poténcianse estratexias de animación á lectura.				
8. Poténcianse estratexias tanto de expresión como de comprensión oral e escrita.				
9. Incorpóranse as TIC aos procesos de ensino – aprendizaxe.				
10. Préstase atención aos elementos transversais vinculados a cada estándar.				

11. Ofrécese ao alumnado de forma rápida os resultados das probas / traballos, etc.				
12. Analízanse e coméntanse co alumnado os aspectos máis significativos derivados da corrección das probas, traballos, etc.				
13. Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus acertos e erros.				
14. Grao de implicación do profesorado nas funcións de tutoría e orientación.				
15. Adecuación, logo da súa aplicación, das ACS propostas e aprobadas.				
16. As medidas de apoio, reforzo, etc. están claramente vinculadas aos estándares.				
17. Avaliase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación...				

Actividades de seguemento, recuperación e avaliación de materias pendentes

O plan de avaliación para os alumnos con materias pendentes consistirá en:

- Entrega nos meses de Outubro e Febreiro de dous boletíns de exercicios, cuestións e actividades de repaso que serán valoradas e aportarán un 30% á nota final. O prazo de entrega para o primeiro será a finais de Xaneiro e para o segundo a mediados de Abril.
- Realización de dúas probas parciais escritas nos meses de Febreiro e Abril que aportarán o 70% restante da nota (mediante a media aritmética de ambas cualificacións) e versarán sobre os contidos explicados repartidos proporcionalmente de acordo co propio alumnado pendente.

Considerarase a materia aprobada se o alumnado acada unha cualificación igual ou superior a 5; en caso contrario terá lugar unha proba final global no mes de Maio en base aos CONTIDOS MÍNIMOS esixibles correspondentes ao curso de 1 BACH e xa anteriormente expostos. Tamén haberá unha proba extraordinaria no mes de Setembro se fose necesaria.

Os alumnos e alumnas poderán consultar calquera dúbida que lles xurda co xefe de Departamento nos períodos de recreo.

Avaliación inicial:deseño e medidas a adoptar

Ao comezo de cada curso e coa finalidade de adecuar as ensinanzas de cada materia ao alumnado e facilitar a progresión satisfactoria do seu proceso de aprendizaxe, o profesorado que imparta docencia no grupo realizará unha avaliación inicial, incidindo na obtención de información sobre os coñecementos previos do alumnado

en cada unha das materias e o grao de desenvolvemento das competencias básicas. A avaliación incluíra a análise dos informes persoais da etapa ou curso anterior e completárase coa información obtida a través da persoa titora.

A avaliación inicial será o punto de referencia para a toma de decisións relativas ao desenvolvemento do currículo, así como para adoptar aquelas medidas de apoio, reforzo e recuperación que se consideren oportunas para cada alumna ou alumno. Será de grande importancia a coordinación de todo o profesorado que imparta docencia en cada grupo co fin de tomar medidas conxuntas que faciliten o progreso do alumnado.

Aavaliación inicial 2 bach química

1 Formula o nombra los siguientes compuestos:

Ácido per-clórico	$HCl(g)$
Hidróxido de calcio	HNO_3
H_2SO_4	Fe_2O_3
$CH_3CH_2CH_2O$ H	Etanal
Pent-1-ino	Ácido 3-clorobutanoico

2 Para el elemento azufre ($Z = 16$) en su estado fundamental y sin carga (neutro), indica:

2.a Su número de electrones.

2.b Su configuración electrónica.

2.c El ion más estable que crees que podría formar.

3 Dibuja la estructura de Lewis del NH_3 y la del CO_2


4 Dada una disolución de HNO_3 concentrada, de densidad 1,5 g/mL y 90 % de riqueza en masa, calcula:

4.a La molaridad de la disolución.

4.b El volumen de esta disolución necesario para preparar 250 mL de una disolución de HNO_3 de concentración 1 Molar.

Datos: $M(H) = 1$ u; $M(N) = 14$ u; $M(O) = 16$ u.

5 Ajusta la siguiente reacción química:



5.a ¿De qué tipo de reacción se trata?

5.b Calcula el volumen de CO_2 formado, en condiciones normales, a partir de 20 gramos de O_2 .

5.c Determina el reactivo limitante y la cantidad del otro en exceso en el caso de que dispusiéramos de 20 gramos de oxígeno gas y 30 gramos de metano

MEDIDAS A ADOPTAR:

Unha vez detectadas as dificultades, repartiranse exercicios para traballar ditas dificultades, sempre en contacto co docente , ben de forma presencial ou ben a través de Google Classroom, para que tódalas dúbidas poidan quedar resoltas.

No caso de detectar algún caso de dificultades académicas de algún alumno, estudaremos e adoptaremos, se fose o caso, e sempre en coordinación co Departamento de Orientación

- Establecer algún REFORZO para aqueles alumnos que así o precisen.
- Se fose preciso facer unha ACs esta sería deseñada a partir dos contidos mínimos contemplados na materia de Física e Química, ben centrándose só en eses mínimos ou incluso e excepcionalmente recortando algún deseS mínimos.

As medidas a adoptar en eses casos quedarán reflectidas nas actas do departamento se así fose preciso.

Plan de reforzo

Xa que no pasado curso se impartiron e traballaron sen maior problema tódolos estándares relacionados coa química, non será preciso levar a cabo un plan de reforzó na materia Química de 2º Bach.

Medidas de atención á diversidade

As estratexias curriculares de atención á diversidade que levarán a cabo serán:

- Establecer secuencias de contido que aseguren aprendizaxes básicas para todos e coñecementos de maior complexidade para algúns.
- Diseñar actividades de ensino-aprendizaxe variadas e con diferente nivel de dificultade.
- Establecer agrupamentos que permitan contextos de aprendizaxe colaborativos.
- Utilizar recursos e materiais diferenciados-gráficos, visuais, audiovisuais, informáticos- para contemplar os distintos tipos de aprendizaxe dos alumnos.

- Propor actividades de ampliación para aqueles outros que van diante na súa aprendizaxe. Serán traballos voluntarios para profundar sobre os temas obxecto de estudo da unidade didáctica que se entregarán na unidade didáctica posterior
- . Adaptación dos tempos e instrumentos de avaliación (formatos de exames, orais, maior tempo para realizalos, menos preguntas por folla, tipo test, poñer en negra as palabras clave...)
- Menos deberes para a casa, os necesarios para profundizar e asimilar os conceptos dados na aula
- Coordinación entre o profesorado
- Control das axendas
- Darlle a opción de presentar os traballos a ordenador(sobre todo no caso de alumnos con dislexia)
- Apoíarse nos compañeiros
- Ofrecerlles experiencias de éxito
- Todas aquelas medidas específicas para o alumnado TDAH, contempladas no protocolo.

Os alumnos con necesidades específicas de apoio educativo agrúpanse nas seguintes categorías:

Necesidades educativas especiais

Altas capacidades intelectuais

Incorporación tardía ao sistema escolar

Condicións persoais ou historia escolar

Dificultades de aprendizaxe específicas.

En colaboración co departamento de orientación levarán a cabo medidas curriculares extraordinarias como as adaptacións curriculares individuais ou os reforzos aos alumnos dos grupos anteriores que o necesiten.

Os alumnos con necesidades educativas especiais, que presenten discapacidade sensorial do tipo auditivo e visual serán tratados da seguinte forma: Nas deficiencias auditivas, procuraremos situalos nun lugar adecuado para que poidan levar a cabo, sen dificultade, a lectura labial e o acceso visual á información. Nas deficiencias visuais, procuraremos tamén adaptar os materiais, os espazos e os recursos, facilitándolle en todo momento a súa integración.

No desenvolvemento da actividade docente atopámonos probablemente con alumnado con certas dificultades para acadar os obxectivos da materia. O profesorado aplicará medidas de reforzo educativo dentro da aula co fin de que este alumnado poida alcanzar o máximo desenvolvemento das súas capacidades persoais e os obxectivos e competencias establecidos. Para poder atender axeitadamente a diversidade da aula, o alumnado traballará frecuentemente en grupos utilizando estruturas de aprendizaxe cooperativa que favorecen a axuda entre iguais. Por outra parte, propoñeranse actividades variadas que permitan atender os múltiples intereses, capacidades e motivacións dos alumnos e alumnas. Ademais, cando sexa necesario, prepararanse materiais de traballo que podan adecuar aos ritmos de aprendizaxe do alumnado, é dicir, materiais que sirvan para ampliar os coñecementos adquiridos do alumnado máis avantaxado e materias máis sinxelos que sirvan para reforzar os contidos mínimos para o alumnado con máis dificultades. Tamén ofrecerase atención individualizada ao alumnado que o precise ou requira para resolver dúbidas nalgún recreo. O profesorado, facendo uso da súa autonomía, adaptará as propostas dos protocolos sobre atención á diversidade elaborados pola Consellería de Educación e publicados en <http://www.edu.xunta.gal/portal/Educonvives.gal> á realidade do alumnado e do centro

Concreción dos elementos transversais a traballar durante o presente curso:

Contribución ao Plan TIC

A aplicación das tecnoloxías da información e a comunicación ao traballo da aula convértese nunha peza clave na educación e formación das novas xeracións. Trátase de que o alumnado, ao rematar a escolarización obrigatoria, acade unha competencia dixital. Esta competencia consiste en dispoñer de habilidades para buscar, obter, procesar e comunicar información, para transformala en coñecemento.

Entre as accións previstas polo departamento de Física e Química están as seguintes:

- Utilizaranse todos os recursos informáticos dispoñibles no centro (aula de informática, biblioteca, acceso a internet nas aulas) e fomentárase a utilización fora do instituto de todos os recursos informáticos ao alcance dos alumnos (na casa, cos compañeiros, na biblioteca pública da localidade...)
- Aprenderase a interpretar a información e a contrastala con outros soportes de información, facendo en definitiva dun modo atractivo e pedagóxico o achegamento a aprendizaxe a través destes medios.
- Propóranse proxectos e traballos a realizar individualmente ou en grupo para fomentar todos os materiais de información dispoñibles.
- Tratarase de acceder unha ou dúas veces mensuais a aula de informática e segundo o aproveitamento utilizarase con máis frecuencia este recurso.
- Desde o Departamento adoptaremos e colaboraremos en calquera outra medida proposta desde o Centro

Plan de convivencia

Dende o departamento de Física e Química tentaremos traballar en sintonía co Plan de Convivencia do centro e para iso na nosa materia traballaremos a prol dunha educación en valores baseada en temas como:

- Educación para a paz
- Educación moral e cívica
- Educación para a igualdade entre sexos.

Obxectivos: fixaremos como propios os obxectivos no Plan de Convivencia:

- Coñecer aspectos teóricos básicos da convivencia entre iguais, relacións profesor-alumno, a convivencia na interculturalidade e a convivencia na diferenza de xénero, utilizando unha linguaxe común.
- Implicarnos nos procesos de reflexión e acción que axuden a previr conflitos de convivencia no centro.
- Procurar ferramentas prácticas para a detección, a abordaxe e a resolución de conflitos de convivencia nos centros.
- Resolver, derivar ou notificar posibles situacións de desprotección ou de risco que se detecten por mor de conflitos que se dean no aula.
- Participar na adaptación e posta en marcha das accións establecidas no Plan de Convivencia.

Proxecto Lector

O plan anual de lectura e o proxecto lector de centro garantirán a paulatina capacitación do alumnado nas competencias básicas que se pretenden, de cara a súa formación como cidadáns activos e solidarios.

A formación da lectura comprensiva esixe, pola súa vez, un traballo progresivo e continuado. Traballarase con todo tipo de textos tanto en soporte impreso como electrónico.

O procedemento a levar a cabo polo departamento de Física e Química nas materias integradas nel será o seguinte:

- Ao principio ou final de cada unidade didáctica levaranse libros de consulta e revistas a aula relativas á unidade tratada
- Dedicaremos un tempo a lectura de algún artigo ou texto relacionado coa mesma, fomentando tamén a busca de noticias relacionadas no xornal aos que eles teñen acceso nos seus domicilios.
- Realizarase unha avaliación continuada dos avances ou dificultades do alumno o abordar textos científicos cada vez máis complexos así como a súa actitude cara o aprendizaxe a través dos mesmos, a través da rúbrica correspondente.
- Se nalgún momento así o consideramos incluiremos a posibilidade de facilitar algún libro de lectura aos alumnos de carácter voluntario e/ou obrigatorio

- O profesor da materia tamén contempla a posibilidade de participar nalgún "clube de lectura" en colaboración coa Biblioteca do centro.

Actividade complementarias e extraescolares

En principio, e dada a situación derivada pola pandemia, non se programarán actividades complementarias e extraescolares, aínda que non se descarta que, se a situación sanitaria mellora ó longo do curso, se poidan programar charlas científicas no propio centro ou alguna actividade fóra do propio centro. De levarse a cabo, quedarán recollidas no libro de actas do departamento.

Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas e procesos de mellora.

Avaliación da programación didáctica

Indicadores

	Escala			
	1	2	3	4
1. Adecuación do deseño das unidades didácticas, temas ou proxectos a partir dos elementos do currículo.				
2. Adecuación da secuenciación e da temporalización das unidades didácticas / temas / proxectos.				
3. O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e a temporalización previstas.				
4. Adecuación da secuenciación dos estándares para cada unha das unidades, temas ou proxectos.				
5. Adecuación do grao mínimo de consecución fixado para cada estándar.				
6. Vinculación de cada estándar a un ou varios instrumentos para a súa avaliación.				
7. Fixación dunha estratexia metodolóxica común para todo o departamento.				
8. Adecuación da secuencia de traballo na aula.				
9. Adecuación dos materiais didácticos utilizados.				

10. Adecuación do libro de texto				
11. Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua: probas, traballos, etc.				
12. Adecuación dos exames, tendo en conta os estándares				
13. Adecuación dos programas de apoio, recuperación, etc. vinculados aos estándares.				
14. Adecuación das medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE.				
15. Grao de desenvolvemento das actividades complementarias e extraescolares previstas.				
16. Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre os criterios de promoción.				
17. Adecuación do seguimento e da revisión da programación ao longo do curso.				
18. Contribución desde a materia ao plan de lectura do centro.				
19. Grao de integración das TIC no desenvolvemento da materia.				

- Propostas de Mellora

- Procurar unha avaliación máis personalizada, indagando máis na progresión de cada alumno, a partir das dificultades atopadas nos primeiros intres do curso
- Manter reunión individuais cos alumnos para comentar as súas notas en tódalas probas realizadas, informándolles do que conseguiron facer ben e do que necesitan mellorar. Para iso, se lle dará unha maior importancia á corrección conxunta na clase dos exames, e sobre todo ó repaso na clase das rúbricas tanto de laboratorio coma de traballos de investigación, para que sexan capaces de coñecer o que teñen que saber facer.
- Estreitar a relación cos titores de cada curso, mantendo a boa dinámica que se tivo este ano que remata
- Participar activamente nos proxectos do centro, así coma en tódalas actividades que se poidan dar, coma o rally científico

ANEXO: RÚBRICAS

RÚBRICA-LABORATORIO

Categorías	Nivel 1	Nivel 2	Nivel 3	Nivel 4
Actividades previas (20%)	Amosa falta de coñecemento sobre a práctica(non estudou o guión)	Amosa algo de coñecemento sobre a práctica(leu o guión)	Amosa un coñecemento considerable sobre a práctica(estudou o guión)	Amosa un total coñecemento sobre a práctica(estudou o guión e buscou información sobre a práctica)
Integración	Non están integrados e non traballan: ningún participa.non son independentes e dependen da axuda do profesor	Están integrados e traballan pero non son independentes e dependen da axuda do profesor	Están integrados e traballan de forma independente como grupo pero necesitan a axuda puntual do profesor	Están integrados e traballan de forma independente como grupo sen necesitar da axuda puntual do profesor
Desempeño da práctica (20%)	Non son puntuais e non realizan o traballo según o guión e tampouco obteñen resultados	Son puntuais e realizan o traballo seguindo máis ou menos o guión e obteñen poucos resultados	Son puntuais e realizan o traballo según o guión pero non obteñen todos os resultados	Son puntuais e realizan o traballo según o guión obtendo todos os resultados
Adquisición de datos(20%)	As medidas son incompletas, imprecisas e inexactas Carece de observacións Non hai unidades	As medidas son inexactas e imprecisas e as observacións son confusas. Hai erros nas unidades	As medidas son exactas e precisas e as observacións son adecuadas Traballo organizado Algún erro puntual nas unidades	As medidas son exactas e precisas, e as observacións son adecuadas e ben razoadas.Recoñecen posibles erros na adquisición de datos Traballo organizado Ningún erro nas unidades

Elaboración do caderno de prácticas(20%)	Anotei no caderno moi pouca ou ningunha información relevante da práctica, de forma ordenada e limpa, incluíndo material, pasos realizados, imaxes, esquemas, observacións, indicacións do profesor ou da profesora, e contestei a poucas das cuestións .	Anotei no caderno algunha información relevante da práctica, de forma ordenada e limpa, incluíndo material, pasos realizados, imaxes, esquemas, observacións, indicacións do profesor ou da profesora, e contestei a algunhas das cuestións propostas.	Anotei no caderno a maior parte da información relevante da práctica, de forma bastante ordenada e limpa, incluíndo material, pasos realizados, imaxes, esquemas, observacións, indicacións do profesor ou da profesora, e contestei a maioría das cuestións propostas	Anotei no caderno de prácticas toda aquela información relevante sobre ela, de forma moi ordenada e limpa, incluíndo material, pasos realizados, imaxes, esquemas, observacións, indicacións do profesor ou da profesora, e contestei a tódalas cuestións propostas
--	---	--	--	---

Rubrica –laboratorio- material

Categorías	Nivel 1	Nivel 2	Nivel 3	Nivel 4
Posta a punto da práctica(25%)	Non prepara nin organiza o material	Prepara e organiza o material con dificultade	Prepara e organiza o material adecuadamente requirindo de axuda puntual	Prepara e organiza o material adecuadamente de forma totalmente independente
Medidas de seguridade (25%)	Traballan de maneira perigosa poñendo en risco ás persoas.	Non poñen en risco ás persoas do grupo pero traballan desordenados	Traballan de modo coidadoso a pesar de seren algo desordenados	Traballan de modo coidadoso e ordenado evitando poñer en risco aos compañeiros ou a eles mesmos.
Manipulación do material (25%)	Descoidan o material de laboratorio producíndose rachaduras e danos	Son descoidados na manipulación do material de laboratorio	Empregan algún elementos de maneira incorrecta.	Manipulan o material de maneira correcta e coidadosa
Limpeza e orde(25%)	Raramente limpa o material, deixando o material sucio e desordenado	Necesita que se lle recorde que hai que lavar o material. Deixa o material desordenado	Xeralmente lava e ordena o material	Sempre lava e ordena o material

RUBRICA TRABAJO INVESTIGACIÓN ESTÁNDAR

	EXCELENTE	MOI AVANZADO	SATISFACTORIO	BÁSICO	ESCASO
PRESENTACIÓN (5%)	O alumno preséntase de xeito formal e dá a coñecer o tema da presentación e o obxectivo que pretende.	O alumno preséntase de forma rápida e dá a coñecer o tema da presentación e o obxectivo que pretende.	O alumno preséntase de forma rápida e comeza a súa exposición sen mencionar o tema do que trata.	O alumno preséntase sen dicir o seu nome e menciona o tema de forma moi xeral.	Empeza a súa exposición sen facer unha presentación inicial.
EXPRESIÓN ORAL(10%)	Utiliza un vocabulario adecuado e a exposición é coherente.	O vocabulario é adecuado e a exposición é clara.	Fáltalle vocabulario e ten algún problema para expresar correctamente as súas ideas.	Manexa un vocabulario moi básico e ten problemas para transmitir con claridade as súas ideas.	Ten un vocabulario moi básico e non logra transmitir con claridade as súas ideas.
EXPLICACIÓN DO PLAN DE TRABAJO(10%)	Explica cada paso con detalle, con lóxica e cronoloxicamente na orde na que o realizou.	Explica todos os pasos claramente, pero leouse un pouco coa orde.	Explica todos os pasos claramente, pero leouse na orde e foi necesario reorganizalo a través de preguntas.	Presenta dificultade á hora de diferenciar os pasos que deu e necesita axuda para explicalos con claridade.	Non identifica os pasos que deu nin é capaz de reconducir o discurso de forma guiada.
RECURSOS DIDÁCTICOS(10%)	A exposición acompáñase con soportes audiovisuais en diversos formatos, especialmente atractivos e de moita calidade.	Soporte visual adecuado e interesante na súa xusta medida.	Soporte visual adecuado.	Soporte visual non adecuado.	Sen soporte visual.

TEMPO(5%)	O alumno utilizou o tempo adecuado e cerrou correctamente a súa presentación.	O alumno utilizou un tempo axustado ao previsto, pero cun final precipitado ou excesivamente longo por falta de control do tempo.	O alumno utilizou o tempo adecuado, pero faltoulle cerrar a súa presentación; ou ben non utilizou o tempo adecuado, pero incluíu todos os puntos da súa presentación.	Excesivamente longo ou insuficiente para poder desenvolver o tema correctamente.	O alumno esqueceu por completo o tempo que tiña e saíu do tema.
INCLUSIÓN DOS ASPECTOS RELEVANTES (60%)	Expón claramente o traballo e achega referencias aos coñecementos traballados.	Expón claramente o traballo, pero non relaciona toda a exposición cos coñecementos traballados.	Expón claramente o traballo, pero non o relaciona cos coñecementos traballados.	Ten dificultade para expoñer o traballo porque non entende os coñecementos traballados.	Non expón o traballo nin coñece os conceptos traballados necesarios para a súa realización.

RÚBRICA EXPRESIÓN ORAL

ASPECTOS	3	2	1	0
Adecuación e distribución de contidos	Expón as ideas principais de xeito coherente e cohesionado aportando detalles relevantes do tema.	Expón as ideas principais de xeito bastante coherente e cohesionado aportando detalles relevantes do tema.	Expón gran parte das ideas principais con bastante orde e aporta algúns detalles do tema	Non expón a maioría das ideas principais nin os detalles.
Vocabulario	Utiliza un vocabulario amplo e axeitado	Utiliza un vocabulario bastante amplo e axeitado, con poucos erros.	Utiliza un vocabulario limitado e hai algúns erros de termos axeitados.	Utiliza un vocabulario moi limitado con repeticións palabras inadecuadas.
Expresión formal	Respecta as regras morfosintácticas e a fonética	Comete poucos erros morfosintácticos e fonéticos.	Ocasionalmente comete erros morfosintácticos e fonéticos.	Comete abundantes erros morfosintácticos e fonéticos.
Voz e linguaxe non verbal	Fala con voz claramente audible, con boa pronuncia e entoación adecuada. Mantén unha expresión corporal axeitada (xestos, mirada). Utiliza as TIC para as presentacións.	Fala con voz audible, non sempre con boa pronuncia e entoación adecuada. Mantén unha expresión corporal bastante axeitada (xestos, mirada). Utiliza as Tic para as presentacións.	Fala con voz audible, mais con erros na pronuncia e na entoación . Mantén unha expresión corporal ás veces pouco axeitada (xestos, mirada). Utiliza as Tic para as presentacións.	Fala con moi pouca claridade. A expresión corporal resulta inadecuada. Utiliza deficientemente as Tic para as presentacións.

RÚBRICA EXPRESIÓN ESCRITA				
ASPECTOS	3	2	1	0
Coherencia	Estrutura textual con continuidade temática (introdución, desenvolvemento e conclusión) e información progresiva. Correcta organización en parágrafos.	Existe un erro puntual na estrutura textual ou na progresión da información ou na correcta organización en parágrafos	Existe un erro puntual na estrutura textual e outro na progresión da información.	Estrutura textual sen continuidade temática (introdución, desenvolvemento e conclusión) e información desorganizada.
Cohesión	Información ben enlazada tanto por conectores gramaticais como léxicos. Uso correcto dos signos de puntuación.	Existen un máximo de catro erros en total no uso dos conectores (sinónimos, marcadores do discurso, pronomes, conxuncións, ...) e nos signos de puntuación.	Existen un máximo de oito erros en total no uso dos conectores (sinónimos, marcadores do discurso, pronomes, conxuncións, ...) e nos signos de puntuación.	Existen máis de oito erros en total no uso dos conectores (sinónimos, marcadores do discurso, pronomes, conxuncións, ...) e nos signos de puntuación.
Rexistro	Adecuación lexical e gramatical ao proceso comunicativo. Variedade de estruturas gramaticais	Existen ata un máximo de seis erros na escolla lexical ou gramatical en relación ao proceso comunicativo con presenza de estruturas gramaticais e léxicas	Existen ata un máximo de dez erros na escolla lexical ou gramatical en relación ao proceso comunicativo con presenza de estruturas gramaticais e léxicas	Existen máis de dez erros na escolla lexical ou gramatical en relación ao proceso comunicativo con presenza de estruturas gramaticais e léxicas
Corrección	Correcto dominio da ortografía en palabras, sintagmas e oracións. Corrección gramatical nas construcións sintácticas e escollas morfolóxicas,	Existen un máximo de 3 faltas de ortografía	Existen un máximo de 7 erros	Existen máis de 7 erros
		396		

RÚBRICA APRENDER A APRENDER				
ASPECTOS	3	2	1	0
Seleccionar a información	Discrimina información útil, trabállaa de forma crítica e relaciónaa con outros apartados	Discrimina información útil, trabállaa de forma crítica pero non a relaciona con outros apartados	Discrimina información útil, pero non a traballa criticamente	Copia literalmente a información sen traballar na súa selección.
Esquematzar e organizar	Dálle forma ao esquema, recoñece os contidos básicos e organízalos e xerarquízalos de forma axeitada.	Organiza e xerarquiza con bastante corrección pero omitindo algún dato.	Parte da información non está ben organizada e xerarquizada e omite algún dato.	Ten dificultades para organizar e xerarquizar a información.
Disertar sobre traballos propios e alleos	Medita sobre as repercusións do tema e elabora disertacións ben estruturadas e argumentadas, aportando opinións persoais.	Medita sobre as repercusións do tema e elabora disertacións bastante ben estruturadas e argumentadas, aportando algunhas opinións persoais.	Elabora unha disertación suficientemente estruturada e argumentada, con algunha opinión persoal.	Mostra desinterese polo tema e desenvólveo sen estrutura clara e escasamente argumentado.
Avaliación do traballo propio e alleo	Avalía criticamente o traballo propio e alleo analizando fortalezas e deficiencias do mesmo.	Avalía criticamente o traballo propio e alleo mais ás veces non recoñece erros relacionados coa redacción deficiente, pobreza léxica, coherencia, argumentacións...	Avalía o traballo propio e alleo a través de xuízos simples, sen aportar explicacións convincentes.	Non é quen de avaliar o traballo propio nin o alleo.

RÚBRICA TRABAJO EN GRUPO

ASPECTOS	3	2	1	0
Participación construtiva	Participa activamente nas tarefas do grupo e a súa participación ten coma finalidade o éxito global do grupo; ao mesmo tempo consegue que os demais membros participen de forma construtiva.	Adoita participar activamente nas tarefas do grupo e a súa participación ten habitualmente coma finalidade o éxito do grupo; ao mesmo tempo pode conseguir que os demais membros participen de forma construtiva.	Habitualmente participa de forma máis ou menos activa nas tarefas do grupo e a súa participación adoita ter coma finalidade o éxito global do grupo; ao mesmo tempo pode conseguir que os demais membros participen de forma construtiva.	Nunca ou case nunca participa activamente nas tarefas do grupo; tampouco fai que os demais membros participen de forma construtiva.
Colaboración, cooperación e solidariedade	Colabora co resto dos membros do grupo cooperando con eles nas tarefas do traballo e amosa solidariedade con aqueles que atopan dificultades.	Habitualmente colabora co resto dos membros do grupo cooperando con eles nas tarefas do traballo e adoita amosar solidariedade con aqueles que atopan dificultades.	Con certa frecuencia colabora co resto dos membros do grupo cooperando con eles nas tarefas do traballo e ás veces amosa solidariedade con aqueles que atopan dificultades.	Na maioría dos casos non colabora co resto dos membros do grupo, non coopera con eles nas tarefas do traballo e non amosa solidariedade con aqueles que atopan dificultades.
Respecto e tolerancia	Amosa respecto polo traballo e polas opinións dos outros membros do grupo e intenta solucionar os posibles conflitos que puideran xurdir e que non puido evitar.	Adoita amosar respecto polo traballo e polas opinións dos outros membros do grupo e na maioría das ocasións intenta solucionar os posibles conflitos que puideran xurdir e que non puido evitar.	Con frecuencia amosa respecto polo traballo e polas opinións dos outros membros do grupo e ás veces intenta solucionar os posibles conflitos que puideran xurdir e que non puido evitar.	Poucas veces ou nunca amosa respecto polo traballo e polas opinións dos outros membros do grupo e non intenta solucionar os posibles conflitos que puideran xurdir e que non puido evitar.
Compromiso, integridade e tolerancia	Implicase nos obxectivos do grupo de traballo, comparte o seu coñecemento e información co resto dos membros e é honesto e responsable na súa aportación ao grupo.	A maioría das veces implicase nos obxectivos do grupo de traballo, adoita compartir o seu coñecemento e información co resto dos membros e adoita ser honesto e responsable na súa aportación ao grupo.	Implicase con frecuencia nos obxectivos do grupo de traballo, comparte a seu coñecemento e información co resto dos membros e adoita ser honesto e responsable na súa aportación ao grupo.	Non acostuma implicarse nos obxectivos do grupo de traballo, nin compartir o seu coñecemento e información co resto dos membros e pode non ser honesto e responsable na súa aportación ao grupo.

EN BOIRO, A DE SETEMBRO DE 2.020

Asdo.: JUAN SÁNCHEZ FREIRÍA